

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 19**

### **SESION ORDINARIA DO 29 DE DECEMBRO DE 2008**

#### **ASISTENTES**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Conde Gil, Jorge  
Díaz Vázquez, Raquel  
Domínguez Olveira, Santiago  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José Manuel  
García Míguez, María Angeles  
González Sagarra, Javier Pablo

Iglesias Bueno, Marta  
Larriba Leira, Elvira  
López Atrio, Laura  
López Carreira, Xesús  
López Font, Carlos  
Martiño Gómez, Antonio  
Méndez Piñeiro, María  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Muñoz Posse, Carlota  
Porro Martínez, María Corina  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Velooso Ríos, Iolanda

#### **NON ASISTE:**

Lago Rey, María Jesús

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e nove minutos do día vintenove de decembro do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Lago Rey. Están tamén presentes os membros da Xunta

de Goberno Local Sr. Mariño Méndez e Sra. Maure Noia e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA.- Iniciamos o Pleno en sesión ordinaria convocado en orde do día que obra en poder dos señores e señoras concelleiros de data 23 de decembro. Constatamos a existencia de quórum. Abrimos sesión pública e procedemos coa orde do día.

1.- (224).- ACTA ANTERIOR. (SESIÓN ORDINARIA 27.10.08)

(Está ausente a Sra. Lago Rey)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de outubro de 2008.

2.- (225).- INCREMENTO DA CONTÍA GLOBAL DESTINADA A COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE NO ORZAMENTO VIXENTE DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- Con data 2 de decembro de 2008 o director técnico do Instituto Municipal dos Deportes, coa conformidade do presidente e máis do secretario da Xunta Reitora, informa do que segue:

"O Presidente do Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes, con data 1 de decembro pasado, ditou orde de servizo para a instrución da proposta ó órgano municipal competente, ó obxecto de incrementar as partidas 4522.150.00.00 por importe de 40.000,00 euros.

1.- O Complemento de Produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ó sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), presupostos ós que o art. 21.1.e) da Lei 31/1990, do 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a produtividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de se recoñecer dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non se manter os presupostos legais, é dicir, o especial rendemento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Na data de hoxe na partida presupostaria de produtividade non existe crédito suficiente, de xeito tal que segundo os cálculos efectuados se estima necesario incrementar a partida en 40.000 euros, permitindo así facer fronte ás obrigas económicas ata finais do presente exercicio presupostario.

O art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado, límites que foron fixados a través do RD 861/1986. No vixente orzamento correspondente ó presente ano 2008, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, na partida 4522.1300000 Retribucións, existe un saldo a día de hoxe de 288.907,49 €. Tendo en conta as previsións de gastos computables a dita partida ata o 31 de decembro de 2008, ascenden estes a 190.000,00 €, polo que existirá un crédito de 40.000,00 € dispoñible. Considérase que a través dunha modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente, poderíase incrementar o saldo da partida de produtividade tal e como propón o Presidente do Instituto Municipal dos Deportes nun importe máximo de 40.000,00 € cos créditos sobrantés na partida 4522.130.00.00. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que as contías complementarias se reflicten para cada exercicio no orzamento de cada Administración Local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ó Pleno de cada Corporación a través do orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do complemento de Produtividade.

#### Legislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 30/1982, do de agosto, de Reforma da Función Pública (LRFP).
- RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Réxime Retributivo dos Funcionarios das Administracións Locais (RD 861/1986), modificado por RD 168/96, do 2 de febreiro.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título sexto da Lei 39/1988 (RD 500/1990).
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL). Art. 179 e 180.

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos a materialización da implementación da partida de produtividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito do

Presidente do Organismo Autónomo Municipal dos Deportes, o incremento do crédito existente ó obxecto de que con posterioridade se instrúa o correspondente expediente de modificación de crédito."

Polo anteriormente exposto o director técnico do IMD formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data do 2 de decembro, o interventor xeral informa do que segue:

"Remítese a esta Intervención Xeral proposta formulada polo director técnico do IMD, conformada polo presidente do Instituto, en relación co asunto referenciado e en cumprimento do establecido no artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte informe:

A indicada proposta ten por finalidade someter á consideración do Concello Pleno proposta de incremento da contía global dotada no orzamento vixente do organismo autónomo correspondente ó ano en que andamos para complemento de produtividade. A cantidade que se pretende ampliar, segundo se desprende da proposta, ascende a un máximo de 40.0000 euros.

A competencia para a fixación e ampliación de dita contía global corresponde ó Pleno da Corporación, a teor do previsto no artigo 93.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.

Polo que respecta os feitos e circunstancias que motivan a solicitude ó Pleno da Corporación incremento da contía do complemento de produtividade obedece, segundo se desprende do contido da proposta que se informa: "*...permitindo facer fronte ás obrigas económicas ata finais do presente exercicio presupostario*".

Tendo en conta a motivación de carácter xenérico que se deixa indicada, nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual do complemento de produtividade deberá concretarse, por parte dos órganos ou responsables que propoñan a súa asignación, estas motivacións agora expostas de forma xenérica. En todo caso haberán de observarse as Instrucións sobre Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus OOAA, que na súa Instrución terceira realiza unha enumeración dos supostos que determinan o devengo do complemento de produtividade, se ben tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal maneira que a Xunta de Goberno Local, en exercicio das competencias que atribúe o artigo 127.1.h) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para establecer outros supostos que dean lugar ó devengo de dito complemento de produtividade. En definitiva, calquera produtividade que non teña a súa causa nas referidas Instrucións do Cadro de Persoal ou no Acordo Regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 28-12-98, deberá preceptivamente someterse a aprobación da Xunta de Goberno Local

para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Finalmente, queremos referirnos ás incidencias das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano de 2008 en canto ó crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto da proposta incluída no expediente que se está a informar.

O artigo 22 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2007, establece no seu apartado segundo:

*Dos. Con efectos de 1 de enero del año 2008, las retribuciones del personal al servicio del sector público, incluidas, en su caso, las diferidas, no podrán experimentar un incremento global superior al 2% con respecto a las del año 2007, en términos de homogeneidad para los dos periodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.*

E o mesmo precepto nos apartados sete, oito e nove indica:

*Siete. Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo, siempre con estricto cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 23 y 24 de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública.*

*Ocho. Los acuerdos, convenios o pactos que impliquen crecimientos retributivos superiores a los que se establecen en el presente artículo o en las normas que lo desarrollen deberán experimentar la oportuna adecuación, deviniendo inaplicables en caso contrario las cláusulas que se opondan al mismo.*

*Nueve. Este artículo tiene carácter básico y se dicta al amparo de los artículos 149.1.13 y 156.1 de la Constitución. Las Leyes de Presupuestos de las Comunidades Autónomas y los Presupuestos de las Corporaciones locales correspondientes al ejercicio 2006 recogerán expresamente los criterios señalados en el presente artículo.*

Pola súa parte o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, determina que a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo.

Por conseguinte, do exposto despréndese que as xenéricas razóns que se esgrimen na proposta que se informa para solicitar a ampliación da contía global existente no orzamento do organismo para complemento de produtividade, no momento da súa asignación individual deberanse concretar en criterios obxectivos que poñan de manifesto e xustifiquen o carácter excepcional e singular que debe presidir tal distribución nominativa, para adecuar tal contía de incentivos ó rendemento ó número de efectivos ou o grao de consecución de determinados obxectivos, todo isto para a debida e necesaria observancia da normativa legal citada."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de decembro, ditaminou favorablemente a proposta citada anteriormente.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 452.2.150.00.00 -produtividade- en (40.000€) aplicando os créditos non consumidos durante a presente anualidade na partida 452.2.130.00.00. por unha contía total de 40.000€.

Segundo.- Instar ó órgano competente do Organismo Autónomo Municipal dos Deportes para a instrumentación da modificación orzamentaria correspondente, transferencia de crédito á partida 452.2.150.00.00 produtividade con cargo á partida 4522 1300000 Retribucións, ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

3.- (226).- INCREMENTO DA CONTÍA GLOBAL DESTINADA A COMPLEMENTO DA PRODUTIVIDADE NO ORZAMENTO VIXENTE DO ORGANISMO AUTÓNOMO ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS. EXPTE. 63/13.

ANTECEDENTES.- Con data 5 de decembro de 2008 o administrador da Escola Municipal de Artes e Oficios, coa conformidade da presidenta da Xunta Reitora, informa do que segue:

"A presidenta do Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios, con data 4 de decembro do ano no que andamos ditou orde de servizo para a instrución da proposta ó órgano municipal competente co obxecto de incrementar

a partida 4221.1500000 (produtividade), ata un máximo de 52.000€, xa que a cantidade existente na partida é insuficiente para retribuír a actividade extraordinaria, o especial rendemento, a iniciativa e o interese con que determinado persoal da Escola desenvolve as funcións inherentes ao posto de traballo que desenvolve.

O Complemento de Produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ao sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), presupostos ós que o art. 21.1e) da Lei 31/1990, do 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a produtividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de recoñecerse dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non se manter os presupostos legais, é dicir, o especial rendemento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Polo que ás Administracións Locais se refire o art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que a contía do complemento de produtividade se reflicte para cada exercicio no orzamento de cada Administración Local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ao Pleno de cada Corporación a través do orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.

Legislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Lei 3/1982, do agosto, de Reforma da Función Pública (LRFP)
- RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime retributivo dos funcionarios da administración Local (RD 861/1986), modificado por RD 168/96 do 2 de febreiro.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título sexto da Lei 39/1988 (RD 500/1990).
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL).

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos, a materialización da implementación da partida de produtividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito da presidenta do Organismo Autónomo da Escola Municipal de Artes e oficios, o

incremento do crédito existente ó obxecto de que con posterioridade se instrúa o correspondente expediente de modificación de crédito."

Polo anteriormente exposto o administrador da Escola Municipal de Artes e Oficios emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Na mesma data do 5 de decembro, o interventor xeral informa do que segue:

"Remítese a esta Intervención Xeral proposta formulada polo Sr. Administrador da Escola Municipal de Artes e Oficios, conformada pola Sra. Presidenta do organismo, en relación co asunto referenciado e en cumprimento do establecido no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte informe:

A indicada proposta ten por finalidade somete a consideración do Concello Pleno proposta de incremento da contía global dotada no orzamento vixente do organismo autónomo correspondente ó ano en que andamos para complemento de produtividade. A cantidade que se pretende ampliar, segundo se desprende da proposta, ascende a un máximo de 52.000 euros.

A competencia para a fixación e ampliación de dita contía global corresponde ó Pleno da Corporación a teor do previsto no artigo 93.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de re retribucións dos funcionarios da Administración Local.

Polo que respecta ós feitos e circunstancias que motivan a solicitude ó Pleno da Corporación do incremento da contía do complemento de produtividade obedece, segundo se desprende do contido da proposta que se informa: "*Téndose producido circunstancias e feitos determinantes de unha actividade extraordinaria e dun especial rendemento e téndose apreciada unha especial iniciativa e interese con que determinado persoal desta Escola desenvolve as funcións inherentes ó posto de traballo que desenvolve, procede retribuír por tales circunstancias e feitos a dito persoal mediante a atribución ós mesmos de complemento de produtividade*"; o que en termos xerais resulta congruente co exposto no apartado primeiro do artigo 5 antes citado do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, ó referirse ás circunstancias, feitos e factores que retribúen este incentivo ou rendemento.

Sen embargo o anterior, nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual do complemento de produtividade deberá concretarse, por parte dos órganos ou responsables que propoñan a súa asignación, estas motivacións agora expostas de forma xenérica. En todo caso haberán de observarse as instrucións sobre Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus OOAA", que na súa Instrución terceira realiza unha enumeración dos supostos que determinan o devengo do complemento de produtividade, se ben tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal maneira que a Xunta de Goberno Local, en exercicio das



competencias que atribúe o artigo 127.1.h) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para establecer outros supostos que dean lugar ó devengo de dito complemento de produtividade. En definitiva, calquera produtividade que non teña a súa causa nas referidas Instrucións do Cadro de Persoal ou no Acordo Regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 28-12-98, deberá preceptivamente someterse a aprobación da Xunta de Goberno Local para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Finalmente, queremos referirnos ás incidencias das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano de 2008 en canto ó crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto da proposta incluída no expediente que se está a informar.

O artigo 22 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2007, establece no seu apartado segundo:

*"Dos. Con efectos de 1 de enero del año 2008, las retribuciones del personal al servicio del sector público, incluidas, en su caso, las diferidas, no podrán experimentar un incremento global superior al 2% con respecto a las del año 2007, en términos de homogeneidad para los dos periodos de la comparación tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo."*

E o mesmo precepto nos apartados sete, oito e nove indica:

*"Siete. Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributiva que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo, siempre con estricto cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 23 y 24 de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública."*

*Ocho. Los acuerdos convenios o pactos que impliquen crecimientos retributivos superiores a los que se establecen en el presente artículo o en las normas que lo desarrollen deberán experimentar la oportuna adecuación deviniendo inaplicables en caso contrario las cláusulas que se opongan al mismo."*

*Nueve. Este artículo tiene carácter básico y se dicta al amparo de los artículos 149.1.13 y 156.1 de la Constitución. Las Leyes de Presupuestos de las Comunidades Autónomas y los Presupuestos de las Corporaciones locales correspondientes al ejercicio 2006 recogerán expresamente los criterios señalados en el presente artículo."*

Pola súa parte o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, determina que a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados o mesmo.

Por conseguinte, do exposto desprendese que as xenéricas razóns que se esgrimen na proposta que se informa para solicitar a ampliación da contía global existente no orzamento do organismo para complemento de produtividade, no momento da súa asignación individual deberanse concretar en criterios obxectivos que poñan de manifesto e xustifiquen o carácter excepcional e singular que debe presidir tal distribución nominativa, para adecuar tal contía de incentivos ó rendemento ó número de efectivos ou o grao de consecución de determinados obxectivos, todo isto para a debida e necesaria observancia da normativa legal citada."

A Xunta Reitora da EMAO, en sesión do 9 de decembro, prestou a súa aprobación á anterior proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de decembro, ditaminou favorablemente.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación da partida 4221.1500000 (produtividade) por unha contía máxima de 52.000 euros.

Segundo.- Instar ao órgano competente do Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e oficios para a instrumentación da modificación presupostaria correspondente.

4.- (227).- CORRECCIÓN DA FOLLA CARTOGRÁFICA 12-37 DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS Ó OBXECTO DE ELIMINAR A GRAFÍA DUN RAMAL DO CAMIÑO RÍO DA BARXA, CORUXO. EXPTE. 17941/240.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de novembro de 2008, a técnica de administración xeral da Unidade de Patrimonio, coa conformidade do xefe da Unidade e máis do

concelleiro delegado, emite o seguinte informe:

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

#### ANTECEDENTES

D. Javier Alonso Alonso presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 17 de novembro de 2006, solicitando a rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos ó obxecto de dar de baixa no mesmo un ramal do Camiño Rio da Barxa-Coruxo por ser da súa propiedade.

Durante a instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e recabáronse informes dos servizos municipais, competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constanding os seguintes:

- Informe do Sr. Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 26/04/2007.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 03/08/2007.
- Informe do Servizo de Vías e obras, de data 09/08/2007.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 27/08/2007.
- Informe da Oficina Técnica do Inventario Municipal, de data 08/09/2008.

Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia ós propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación proposta, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, así como a Asociación de Veciños de Coruxo, sen que se teñan formulado alegacións.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O camiño obxecto da presente reclamación figura grafiado na planimetría de viais do Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, na folla cartográfica 12-37, como camiño público, sen embargo, non figuran as súas características técnicas no epígrafe I relativo a bens inmobles, no listado de viarios públicos.

Segundo.-Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados. O inventario patrimonial incluírá, polo menos, os bens inmobles e dereitos reais sobre os mesmos (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario dos bens inmobles comprenderá as vías públicas, as cales constarán cos datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia ós seus lindeiros, lonxitude e anchura (artigo 20.g) RBEL).

O inventario deberá autorizarse polo secretario da Corporación local, co visto e prace do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

A rectificación do inventario se verificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa (artigos 278 LALG e 33 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicables non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

Tras o acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- O presente expediente de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos ten por obxecto a corrección material dun erro de grafía existente no plano (folla 12-37) da planimetría de viais do Inventario Municipal de bens e dereitos, grafiando como camiño de titularidade municipal un ramal do Camiño Rio da Barxa-Coruxo. Dado que o camiño de referencia non está incluído no epígrafe I do inventario municipal como vía pública non procede a súa baixa inventarial tal e

como solicita o Sr. Alonso.

Non concorren neste caso, a teor dos informes técnicos evacuados durante a instrución do expediente, elementos indiciarios da titularidade municipal do camiño, pois non é soporte de servizos públicos, o Concello non realiza labores de mantemento e conservación do mesmo nin consta o seu uso público, pois evacuado trámite de audiencia á Asociación de veciños da zona e aos lindeiros (artigo 84 LRJAP), non formulan alegacións ó respecto. Non aparece reflectido tampouco no catastro nin na planimetría municipal antiga.

Á vista de todos estes datos, non existen indicios que xustifiquen a inclusión do camiño de referencia no epígrafe I do Inventario Municipal de Bens e Dereitos como parte integrante do viario municipal. Podemos concluír, en consecuencia, afirmando que procede a rectificación da folla cartográfica 12-37 corrixindo a súa grafía ó obxecto de eliminar o ramal do Camiño Rio da Barxa-Coruxo.

A lexislación en materia de procedemento autoriza ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105.2 LRJAP).

Sexto.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 33 RBEL)."

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de decembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a corrección material dun erro gráfico existente na planimetría de viais públicos do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a grafía, na folla cartográfica 12-37, do Camiño Río da Barxa-Coruxo, de acordo cos informes técnicos emitidos no expediente.

Segundo.- Someter a rectificación a información pública durante o prazo dun mes, resultando aprobada definitivamente de non se formular alegacións.

5.- (228).- XESTIÓN INDIRECTA DO MERCADO DO PROGRESO MEDIANTE CONCERTO. EXPTEs. 59/551.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de decembro de 2008, o interventor técnico do Mercado do Progreso, coa conformidade do concelleiro delegado de Comercio, emite o seguinte informe:

"En Vigo, a 15 de decembro de 2008 e en relación ó asunto que figura na cabeceira emítase o presente polo asinante toda vez que o 12/04/06 o Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Vigo acordou "Nomear a D. Miguel A. Pola Tombo, Vocal do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo para o desempeño das funcións encomendadas pola resolución de Alcaldía de data 15 de marzo de 2006 (nela encomendábase a tramitación do expediente do Mercado do Progreso)". Por outra banda, a Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 11/09/06 acordou nomear ó asinante Interventor Técnico no Mercado do Progreso.

### **FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO**

PRIMEIRO.- Con data 15 de decembro, o asinante do presente, previa solicitude do Sr. Concelleiro da área, presentou informe có seguinte literal:

"PRIMEIRO.- A Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, prescribe o servizo de mercados como de prestación obrigatoria para os concellos de poboación superior ós 5000 habitantes no seu artigo 26.1.b. Ditas previsións son complementadas na propia LBRL coa atribución de competencia municipal polo artigo 25.2.g sobre "abastos, mataderos, ferias, mercados y defensa de usuarios y consumidores", así coma a declaración coma servizo esencial (o que posibilitaría o réxime de monopolio, aínda que a doutrina dubida da súa viabilidade xurídica en aplicación do Dereito Comunitario, polo que mesmo se afirma que a disposición está baleira de contido real) de "mercados y lonjas centrales" do artigo 86.3.

No marco dos mercados minoristas, compre distinguir entre os consumidores, que acoden a mercar os produtos que se dispensan, e os que venden os ditos produtos, é dicir, os comerciantes que, co correspondente título conferido pola Administración, ocupan os postos e bancadas dos mercados e exercen esa actividade de natureza privada.

Efectuadas as precisións anteriores, quedan por definir as prestacións do mercado minorista coma servizo público. En rigor, a súa configuración coma tal estaría concretada polo conxunto organizado de instalacións que o municipio ten

establecidas para que de xeito continuado e permanente sexa desenvolvida a actividade comercial. Os cometidos municipais en relación con este servizo van dirixidos a asegurar as condicións para o normal desenvolvemento do establecemento, con especial énfase nos aspectos loxísticos e de organización e administración.

Trátase, pois, dun servizo cunha configuración particular: uns usuarios claramente definidos (os que acoden ó mercado a mercar os seus produtos) e unhas responsabilidades esixibles ó Concello como titular do mesmo na orde de garantir o seu funcionamento e que as necesidades dos ditos usuarios sexan satisfeitas, aínda que, nos seus aspectos materiais, esta satisfacción prodúcese a través da actuación dun terceiro (o comerciante titular do posto) que, sen embargo, non ten a configuración de concesionario ou xestor indirecto do servizo. É, pois, esa configuración de establecemento organizado e considerado de xeito unitario e integral o que remite ó mercado coma servizo público municipal.

SEGUNDO.- Definido o contido da prestación do servizo público e toda vez que a xestión directa polo Concello de Vigo non parece o xeito máis eficiente de prestación do mesmo, parece oportuno, e así o decidiu o Sr. Concelleiro da Área, a adxudicación da explotación a un terceiro para o logro do incremento na dita eficiencia.

Sen embargo, e tendo en conta a dobre actividade realizada, a experiencia noutros Mercados municipais e as bondades amosadas pola autoxestión, así coma a necesidade de constantes investimentos e melloras nas instalacións, non parece procedente utilizar mecanismos de mercado na adxudicación, toda vez que iso implicaría un innecesario incremento dos custos ou unha perda na calidade do servizo, dada a necesidade de detraer dos ingresos obtidos o necesario beneficio do adxudicatario.

A Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local(LRBRL), establece no seu artigo 85.2, modificado na súa redacción pola Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público(LCSP) que, neste aspecto, tamén hai que considerar que modifica o artigo 295 da Lei Autonómica 5/1997, da Administración Local de Galicia(LALGA), que:

*«2. Los servicios públicos de la competencia local podrán gestionarse mediante alguna de las siguientes formas:*

*A. Gestión directa:*

*a) Gestión por la propia entidad local.*

*b) Organismo autónomo local.*

*c) Entidad pública empresarial local.*

*d) Sociedad mercantil local, cuyo capital social sea de titularidad pública.*

*B. Gestión indirecta, mediante las distintas formas previstas para el contrato de gestión de servicios públicos en la Ley de Contratos del Sector Público».*

Pola súa incidencia na materia, aparte das tres normas citadas, tamén será de aplicación ó presente, o Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL)

As formas de xestión indirecta posibles son, pois (entendendo non vixente dende o

ano 2004 o arrendamento) e de conformidade có artigo 253 LCSP, a concesión (artigo 303 LALGA), a xestión interesada (artigo 304 LALGA), o concerto (artigos 305 LALGA) e a sociedade de economía mixta (artigos 307 e 308 LALGA). Efectivamente, o citado artigo 253 as define e o 254 establece o prazo de duración do seguinte xeito:

*“Artículo 253.Modalidades de la contratación.*

*La contratación de la gestión de los servicios públicos podrá adoptar las siguientes modalidades:*

- a) Concesión, por la que el empresario gestionará el servicio a su propio riesgo y ventura.*
- b) Gestión interesada, en cuya virtud la Administración y el empresario participarán en los resultados de la explotación del servicio en la proporción que se establezca en el contrato.*
- c) Concerto con persona natural o jurídica que venga realizando prestaciones análogas a las que constituyen el servicio público de que se trate.*
- d) Sociedad de economía mixta en la que la Administración participe, por sí o por medio de una entidad pública, en concurrencia con personas naturales o jurídicas.*

*Artículo 254.Duración.*

*El contrato de gestión de servicios públicos no podrá tener carácter perpetuo o indefinido, fijándose necesariamente en el pliego de cláusulas administrativas particulares su duración y la de las prórrogas de que pueda ser objeto, sin que pueda exceder el plazo total, incluidas las prórrogas, de los siguientes períodos:*

- a) Cincuenta años en los contratos que comprendan la ejecución de obras y la explotación de servicio público, salvo que éste sea de mercado o lonja central mayorista de artículos alimenticios gestionados por sociedad de economía mixta municipal, en cuyo caso podrá ser hasta 60 años.*
- b) Veinticinco años en los contratos que comprendan la explotación de un servicio público no relacionado con la prestación de servicios sanitarios.*
- c) Diez años en los contratos que comprendan la explotación de un servicio público cuyo objeto consista en la prestación de servicios sanitarios siempre que no estén comprendidos en la letra a).”*

Todo o anteriormente dito debe matizarse tendo en conta que o presente trata da relación entre a Administración e a entidade que vai xestionar o Mercado, xestión esta que nada ten que ver na súa natureza coa relación entre a Administración e os usuarios das bancadas, relación esta cuxa natureza foi sempre obxecto de discusión doutrinal. Sirva coma exemplo que o propio Tribunal Supremo caracteriza a relación existente entre os comerciantes (que, co correspondente título conferido pola Administración, ocupan os postos e bancadas do mercado e exercen unha actividade de natureza privada) e a propia Administración en ocasións de arrendamento (Sentenzas de 24/11/1979 Arz 4383 ou 30/09/1983 Arz 4663) noutras, de concesión de dominio público (Sentenzas de 25/01/1960 Arz 741 ou 3/05/1979 Arz 2256), dado o carácter de ben de dominio público que lle outorga ós mercados o artigo 4 do RD 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais ou mesmo (Sentenza de 7/05/1981 Arz 2031) de concesión de



servizo público.

Así pois, e manifestándose nas instrucións do Sr. Concelleiro da Área que na adxudicación da xestión a un terceiro debe primarse fundamentalmente a autoxestión polos comerciantes, e que paralelamente ó presente, tramitouse expediente de proposta de Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización das bancadas do Mercado do Progreso, parece descartada a opción de optar por un réxime de concesión, xa que nesta figura é consubstancial a existencia do beneficio do concesionario, que é xustamente, o que non se pode dar, pois a xestión vai ir encamiñada á autoxestión polos comerciantes e ó reinvestimento no propio Mercado dos posibles beneficios obtidos na xestión dos ingresos. Só parecería axeitada esta figura no caso de non concorrer ningún dos elementos relevantes das outras modalidades.

TERCEIRO.- En relación á xestión interesada, "...en cuya virtud la Administración y el empresario participarán en los resultados de la explotación del servicio en la proporción que se establezca en el contrato", segundo define, tal e coma se acaba de citar, na LCSP, trátase dunha colaboración, nos termos nos que se fixe nos pregos, podendo asumir os riscos a Administración ou compartilos co contratista, polo que se ten definido coma un modelo de xestión directa se a Administración asume os riscos, ou mixto se os comparte.

A fórmula non ten sido moi utilizada no ámbito da Administración Local e, de feito, incorporouse para as mesmas na LRBRL, non sendo regulada no RSCL e si no artigo 304 LALGA nos seguintes termos:

*"Mediante la gestión interesada, el particular o empresario presta el servicio y la entidad local asume en exclusiva el resultado de la explotación o lo comparte con el gestor en la proporción establecida en el contrato.*

*Corresponderá a la entidad local la recepción de las tarifas devengadas por los usuarios. Los gastos de explotación se distribuirán entre el gestor y la entidad local en la proporción pactada en el contrato.*

*La remuneración que el gestor perciba de la Administración podrá consistir, conjunta o aisladamente, en una asignación fija o proporcional a los gastos o beneficios de la explotación.*

*Asimismo, podrá estipularse un beneficio mínimo en favor de cualquiera de las partes asociadas atendiendo a los resultados de la explotación."*

Na aplicación ó caso do Mercado do Progreso, podería utilizarse esta fórmula de xestión entregando ó xestor as contías resultantes da liquidación das cotas mensuais, a fin de que por este se procedese a aboar os gastos nos que se incorre, nos que se incluírían, obviamente, os de xerencia. Os beneficios, dos haber, reverterían no propio Mercado, ben mediante investimentos ou ben para gasto corrente (campañas de publicidade, minoración das cotas,...)

Presenta o inconveniente, de grave limitación á eficiencia ó entender do asinante, de que a presenza do Concello de Vigo implicaría que, para a realización dos gastos, habería que se acomodar ós procedementos de contratación e disciplina orzamentaria do sector público, o mesmo que para a xestión do ingreso, o que suporía unha maior rixidez e, consecuentemente, ineficiencia.

CUARTO.- Na sociedade mixta (*“sociedad de economía mixta en la que la Administración participe, por sí o por medio de una entidad pública, en concurrencia con personas naturales o jurídicas”* segundo a LCSP), o elemento relevante o constitúe a participación público-privada no capital da sociedade que debe artellarse dende a perspectiva da Administración mediante a súa conciliación cós principios de publicidade e concorrencia, atendida a súa configuración contractual.

Na LALGA aparece regulada nos artigos 307 e 308 do seguinte xeito:

*“Artículo 307.*

*Sin perjuicio de lo establecido en la presente Ley y en las disposiciones que la desarrollen, las sociedades mercantiles con participación exclusiva o parcial de las entidades locales se regirán por la normativa civil, mercantil o laboral que les sea de aplicación.*

*Artículo 308.*

*1. En los casos de gestión indirecta mediante sociedad mercantil con responsabilidad limitada, o cooperativa, la aportación de la entidad local podrá ser minoritaria, sin que en ningún caso sea inferior al tercio del capital social, y podrá consistir en la concesión u otra clase de bienes y derechos que tendrán la consideración de patrimoniales y numerarios. El capital social será desembolsado completamente en el momento de la constitución o de la ampliación de capital.*

*2. Los estatutos sociales delimitarán el carácter de empresa mixta en cuanto órgano gestor de un servicio público o una actividad económica y, en especial, determinarán las facultades reservadas al ente público o a sus representantes en los órganos directivos de la sociedad y las causas de disolución de éstos. La responsabilidad de la entidad local por las obligaciones sociales se limitará a su aportación al capital social.*

*3. La gestión de la sociedad será compartida por la Corporación local y los particulares en proporción a la participación respectiva en el capital social. No obstante se requerirá la conformidad de la entidad local para la modificación del acto de constitución o de los estatutos de la sociedad, la concertación de operaciones de crédito y la aprobación de las cuentas y balances.”*

Constitúe un xeito habitual de prestar o servizo de mercados (por exemplo, Mercado del Fontán, Oviedo). Sen embargo, e pese a que implica máis ós accionistas-usuarios dos postos na xestión do mercado, distorsiona a súa dobre natureza de empresarios dos postos e accionistas do Mercado, provocando unha dobre mentalidade que afecta á súa actitude de cara á optimización do seu beneficio.

Coma vantaxe máis salientable, compre ter en conta que se a xestión vai acompañada da realización de obras, por aplicación do artigo 254.a) LCSP, poderíase establecer un prazo concesional de ata 60 anos.

QUINTO.- Por último, no que atinxe ó concerto (*“concierto con persona natural o jurídica que venga realizando prestaciones análogas a las que constituyen el servicio público de que se trate”*, segundo a LCSP), constitúe, ó meu entender, o

xeito máis axeitado de prestación indirecta no tema que nos ocupa. Por iso, e sen prexuízo de que, evidentemente, sexa o Sr. Concelleiro quen decidirá sobre as cuestións aquí presentadas, será a figura que se estude con máis amplitude.

O RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), establece no seu artigo 181 que *“la modalidad de concierto se utilizará en aquellos supuestos en los que para el desempeño o mayor eficacia de un servicio público convenga a la Administración contratar la actividad privada de particulares que tenga análogo contenido al del respectivo servicio”*.

A LALGA establece no seu artigo 305 o seguinte:

*“Las corporaciones locales podrán concertar la prestación de servicios con otros entes públicos o privados y con particulares, utilizando los que éstos tengan establecidos mediante el pago de un precio alzado predeterminado e inalterable por la totalidad del servicio, por unidades o actos.  
La entidad local podrá repercutir en los usuarios el coste de los servicios concertados”*

O elemento relevante do concerto ven dado pola experiencia ou práctica previas do contratista na execución de prestacións análogas ás que integran o servizo público, o que permite articular esta modalidade en termos de contención do gasto.

É esta unha modalidade na que, mediante unha especie de convenio ou acordo e sen crear unha persoa xurídica nova, a Administración que careza de medios ou que constate que aqueles dos que dispón non son os máis axeitados, aproveita a experiencia de outra entidade que se adica á mesma actividade.

Esta figura, que é utilizada de xeito habitual no ámbito estatal e autonómico (sanidade e educación son os exemplos típicos) non o é moito no ámbito local (agás polas Deputacións para a prestación dos servizos benéficos asistenciais e médicos) e, tradicionalmente, parece referirse á prestación dos servizos nas instalacións da entidade coa que se establece o dito concerto, procedéndose a contratar uns servizos que xa ven realizando o contratista cos seus medios persoais, instalacións e materiais, sendo estes propiedade do contratista.

Sen embargo, respecto das instalacións, pese a que en xeral son propiedade do contratista, e así parece esixilo o artigo 143 RSCL, non existe inconveniente en que o Concello de Vigo aporte as instalacións cando así o esixa o interese público.

Así o declarou o Tribunal Supremo en Sentenza de 17 de abril de 1996 (RJ 1996, 2945), entrando a analizar o concerto entre o Concello de Hospitalet de Llobregat e a Federación Catalá de Tenis para a xestión de instalacións deportivas de propiedade municipal, impugnado por un concelleiro ó estimar que, pese á súa denominación, se trataba dun arrendamento (posible coa normativa vixente naquel intre). O TS declara que polo contido do prego era un concerto, dado que se establecían obrigas para a Federación impensables nun arrendamento, e el *“...sin contar con que del expediente administrativo se deduce que no son objetivos económicos los que el Ayuntamiento ha pretendido, sino la promoción del deporte del tenis y el acercamiento del mismo a todos los ciudadanos...”*

Interpretando a definición do concerto na Lei catalá de réxime local, análoga ó RSCL, aclara a Sentenza que:

*“Es cierto que este precepto se refiere a la utilización por la Administración de los servicios o instalaciones propiedad de esas otras entidades públicas o privadas, pero ningún precepto excluye que el concierto, cuando lo exijan consideraciones de interés público, ajenas a las simples consideraciones económicas que al arrendamiento otorga el artículo 138.3 del Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, comporte también la cesión del uso de instalaciones municipales; los artículos 201.3 y 205 del Reglamento General de Contratación del Estado de 25 de noviembre de 1975, que definen esta forma de contratación de los servicios públicos, no excluyen que la misma vaya acompañada de cesión de bienes de dominio público”*

Por conseguinte, e dado que a LCSP e o RLCAP reproducen o disposto respecto ó concerto polo derogado RGCE, parece bastante con que o contratista veña realizando ou tivese realizado actividades análogas, requisito indispensable en todo caso, pero en absoluto é determinante que as prestacións sexan realizadas ou non nas instalacións deste, quen aportará a súa experiencia e os medios humanos e materiais necesarios.

Sen embargo o silencio da Sentenza, o criterio máis claro para a diferenciación, e sobre o que convén deterse, é que no arrendamento o concesionario paga á Administración, namentres que no concerto é esta quen paga á entidade coa que concerta.

No tocante á duración do concerto, será a establecida con carácter xeral no artigo 254.b LCSP, é dicir, vinte e cinco anos.

SEXTO.- De se optar pola modalidade do concerto, debería procederse á apertura dun expediente de contratación, cuxos aspectos máis salientables serían os seguintes:

- Crearíase unha Comisión de Seguimento do concerto, cunha composición a determinar, na que, polo adxudicatario e o Concello de Vigo, serían aprobadas as contas da xestión, propostos os investimentos a realizar, analizadas as queixas e suxestións, impulsada a actividade municipal de policía e sancionadora, etc
- O adxudicatario sería o encargado de realizar os cobros e os pagamentos derivados da xestión do Mercado do Progreso. A tal fin recadaría dos comerciantes os prezos públicos pola utilización dos postos do Mercado e aboaría os gastos en que se incorre (vixilancia, xerencia, subministracións, promoción e publicidade, investimentos no seu caso,...). As tarefas iniciais, coa salvedade do que se indica nos criterios de adxudicación, serían as seguintes:

TIPO	DESCRIPCIÓN	CANON/MES
B	Bancada peixe 1º andar	90,62 €

C	Carnicería 1º andar	188,80 €
F	Froiterías 1º andar	123,00 €
M	Postos centrais 1º andar	90,62 €
VCA	Cafetería	519,18 €
VKI	Quiosco	148,84 €
VPA	Panadería	519,18 €
SUP	Supermercado	3.064,00 €

- O Concello de Vigo xestionaría a licitación dos postos vacantes, reinvestindo as cantidades ingresadas no propio Mercado ou na humanización do seu contorno. A tal fin, as actuacións propostas serían estudadas no seno da Comisión de Seguimento.
- Regularíase a cesión do aparcamento e a cesión e usos dos locais exteriores do Mercado, se estes son incorporados ás instalacións cuxa xestión é encomendada por este contrato.
- O Concello de Vigo aboaría, anualmente, o importe das cotas impagadas para o seu ingreso na conta do concerto, remitindo os mesmos, co xustificante da súa notificación, ás dependencias municipais de recadación para o seu cobro en vía executiva.

Coma criterios para a adxudicación, estímase procedente establecer os seguintes:

- a) En relación ó Mercado do Progreso, e tendo en conta o transcrito artigo 305 LALGA, e dado que o Mercado debe autofinanciarse, non cabe dúbida que o criterio que máis debe pesar na adxudicación é o menor importe do prezo que a Administración debería aboar. O de menor importe obtería por este parágrafo puntuación 10, o de menor, puntuación 0 e os outros valoraríanse de xeito proporcional entre os valores máximo e mínimo.
- b) Debe así mesmo permitirse que, para que o adxudicatario poida efectuar unha axeitada xestión, propoña un incremento de ata o 20% das tarefas iniciais que se propoñen. O de menor porcentaxe de incremento obtería por este parágrafo puntuación 10, o de maior, puntuación 0 e os outros valoraríanse de xeito proporcional entre os valores máximo e mínimo.
- c) Número de concesionarios dos postos do Mercado que apoiem explicitamente ó contratante. Poderán apoiar a máis de un ou incluso a si mesmos. Ó de maior número obtería por este parágrafo puntuación 10, o de menor, puntuación 0 e os outros valoraríanse de xeito proporcional entre os valores máximo e mínimo.
- d) Calidade do proxecto, de valor entre 0 e 10

En canto á solvencia técnica, esta ven acreditada polo feito de ter desenvolvido, coma entidade ou coma persoa física ou xurídica, actividades de contido similar en mercados ou centros comerciais nos últimos cinco anos. A solvencia económica debería xustificarse con prestación da garantía que se determine. Estímase procedente que as propias concesións dos postos poidan utilizarse total ou parcialmente coma garantía”

SEGUNDO.- Na mesma data, o Sr. Concelleiro, na conformidade ó informe, ordenou que “Conforme có informe, elabórese proposta para a xestión indirecta do Mercado

do Progreso na modalidade de concerto”

O artigo 123.1 LRBRL establece que corresponde ó Pleno “k) *La determinación de las formas de gestión de los servicios...*”, non requiríndose maioría cualificada para a súa aprobación

Vistos os feitos e fundamentos de dereito indicados, propónse ó Pleno do Concello de Vigo, previa remisión da proposta á Intervención Xeral, por se fose procedente a fiscalización do presente, e posterior ditame da Comisión Informativa de Xestión Municipal,..."

Visto o anterior o interventor técnico do Mercado do Progreso propón ó Pleno a xestión indirecta na modalidade de concerto do Mercado do Progreso.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xaneiro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Neste punto imos votar a favor pero en calquera caso queredamos concretar algunhas cuestións.

Primeiro, este expediente deixóuselle a este goberno logo dun rescate que fixo o goberno anterior por unha sentenza que condenaba ó Concello de Vigo por unha decisión tomada nos anos 90.

Parécenos que nesta xestión do Mercado do Progreso deberíamos seren un pouco máis ambiciosos. Coido que se pode perder unha importante oportunidade de facer un proxecto moi interesante no centro da cidade, nun mercado emblemático e tendo ademais non só un mercado, senón varios locais no seu contorno que tamén son de propiedade municipal, mesmo un aparcadoiro. Coido que se podería levar a cabo outro tipo de xestión.

Dende logo nós non fariamos esta xestión indirecta mediante concerto, coidamos que hai outras fórmulas para xestionar este mercado e ademais pensamos que serían moito máis ambiciosas cara ó futuro do Mercado do Progreso na cidade de Vigo.

En calquera caso imos votar a favor porque nos parece que como mal menor está ben, pero coido que estamos perdendo unha oportunidade importante de facer un proxecto interesante para o centro da cidade e en concreto para o Mercado do Progreso.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Agradezo o voto a favor deste tema. Creo que estamos

nun primeiro paso, Sr. Figueroa, onde única e exclusivamente o que imos aprobar é precisamente a xestión indirecta mediante un concerto. Os informes técnicos son nese sentido moi claros recomendando isto por unha razón fundamental: que con esta fórmula imos recuperar sen ningunha dúbida dende o Concello o control do mercado.

Vostede di, e estou totalmente de acordo, que hai que ser ambiciosos no sentido de dar unha volta a todo o que significa o mercado, a esa praza que está aí. Ese proxecto e esa ambición da que vostede fala, que eu comparto, non queda inutilizada por esta forma de xestión; sinxelamente que unha vez que se asine este concerto coa asociación que vai xestionar o mercado, é nas propias condicións do concerto onde se establecerá a parte que lle corresponda asumir a esa entidade que se faga cargo a través do concerto da xestión do mercado e onde trataremos de definir eses proxectos que lle dean unha vida e un ar distintos, tanto ó mercado como ó aparcadoiro, etc.

Polo tanto coido que non é atranco que logo de aprobar esta xestión e nas negociacións que teremos que levar a cabo co concerto introduzamos todo isto que vostede está a dicir que é tamén o noso obxectivo.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a xestión indirecta na modalidade de concerto do Mercado do Progreso.

6.- (229)- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XUDICIAL CIVIL DE RECTIFICACIÓN INVENTARIAL DO ÚLTIMO TRAMO DO CAMIÑO TORREIRO, BEADE, PORTO NÚM. 33. EXPTE. 18128/240.

ANTECEDENTES.- Con data 16 de decembro de 2008 a técnica de administración xeral da Unidade de Patrimonio, coa conformidade do xefe da Unidade e máis do concelleiro delegado, informa do que segue:

"Normativa de aplicación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

Antecedentes:

D. Adolfo Álvarez Vila presenta escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 2 de agosto de 2007, solicitando a exclusión do inventario municipal do último tramo do camiño de Torreiro Beade Porto nº 33, que consta como camiño público por tratarse dun terreo de natureza privada. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

Durante a instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta administración, constando os seguintes:

- Informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 21 de setembro de 2007.
- Informes do Servizo de Vías e obras, de datas 15 de novembro de 2007, 4 de outubro de 2008 e 18 de novembro de 2008
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 28 de setembro de 2007.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia municipal de Urbanismo de data 28 de setembro de 2007.
- Informe dos servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 28 de novembro de 2008.

Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia ós propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, constando a formulación de alegacións por D. Roberto Pérez Conde.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente



reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, co número de propiedade 12230, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño Piñeiro, Ramal 3. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo secretario da Corporación local, co visto bo do presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicables non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso ; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de sinalar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe ós actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I

do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese que é indubidable tanto o uso público do camiño de referencia como o feito de que este conta con servizos públicos cuxo mantemento ven sendo realizado por esta administración. Se temos en conta que o ordenamento xurídico recoñece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluír que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que "prima facie" parece que o camiño de Torreiro-Beadé, Porto 33 é de propiedade municipal, e as administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte ás demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdicional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 33 RBEL)."

Polo anteriormente exposto a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de decembro, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. Adolfo Álvarez Vila, en escrito de data 2 de agosto de 2007, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, á rectificación inventarial solicitada respecto do camiño de Torreiro-Beadepuerto, 33, recollido no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos co número de propiedade 12230.

7.- (230).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XUDICIAL CIVIL DE RECTIFICACIÓN INVENTARIAL DO CAMIÑO PIÑEIRO R-3. EXPTE. 18049/240.

ANTECEDENTES.- Con data 11 de decembro de 2008 a técnica de administración xeral da Unidade de Patrimonio, coa conformidade do xefe da Unidade e máis do concelleiro delegado, informa do que segue:

"Normativa de aplicación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

## Antecedentes:

D. JOSE ALONSO ALONSO, en nome e representación da sociedade PROMOCIONES FRANCOTE, S.L., presenta escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 29 de marzo de 2007, solicitando a exclusión do inventario municipal do Ramal 3 do Camiño Piñeiro que consta como camiño público por se tratar dunha servidume de paso existente no camiño Piñeiro nº 34 interior. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

Durante a instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta administración, constando os seguintes:

- Informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 27 de setembro de 2007.
- Informe do Servizo de Vías e obras, de data 4 de outubro de 2008.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 2 de setembro de 2008.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia municipal de Urbanismo de data 20 de setembro de 2007.

Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia ós propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, constando a formulación de alegacións por D<sup>a</sup> Consuelo Pazos Gestoso e D<sup>a</sup> Concepción Cereijo Vergara.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, co número de propiedade 8890, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño Piñeiro, Ramal 3. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas

para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicables non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de sinalar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto á cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese que é indubidable tanto o uso público do camiño de referencia como o feito de que este conta con servizos públicos cuxo mantemento ven sendo realizado por esta administración. Se temos en conta que o ordenamento xurídico reconece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluír que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que "prima facie" parece que o camiño de Piñeiro Ramal 3 é de propiedade municipal, e as Administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 33 RBEL)."

Polo anteriormente exposto a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de decembro, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. José Alonso Alonso en nome e representación de Promociones Francote, S.L., en escrito de data 29 de marzo de 2007, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño de Piñeiro, Ramal 3, recollido no epígrafe I

de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos co número de propiedade 8890.

8.- (231).- DAR CONTA DA ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DAS DISPOSICIÓNS COMÚNS ÁS ORDENANZAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 5739/306.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do 26 de maio de 2008, aprobou inicialmente a modificación das disposicións comúns ás ordenanzas municipais de protección do medio ambiente.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, con data 10 de novembro, certifica que durante o prazo sinalado no edito do Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 190 de data 01.10.08, para a exposición pública do expediente, non se presentou reclamación ningunha.

Con data 11 de decembro a Concellería de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo remite ó expediente para dar conta ó Pleno da Corporación, ó tempo que indica que nesa mesma data publicouse no Boletín Oficial de Pontevedra o anuncio da aprobación definitiva da modificación das ordenanzas.

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 22 de decembro, quedou informada do anterior.

*A Presidencia da conta ó Pleno da Corporación do anteriormente exposto.*

9.- (232).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA CONVIVENCIA CIDADÁ E O OCIO NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 75607/210.

ANTECEDENTES.- A técnica de administración xeral da Área de Mobilidade, Tráfico e Seguridade, con data 9 de decembro de 2008, informa do que segue:

I. NORMATIVA APLICABLE:

- CE: Constitución Española de 1978.

- LRXPAC: Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- LRBRL: Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- LMMGL: Lei 57/2003, do 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- RSCL: Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- ROF: Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- TRRL: Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- LALGA: Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- LXS: Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.
- LDGA: Lei 2/1996, do 8 de maio, sobre drogas de Galicia.
- LOPSC: Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.
- LODR: Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.
- LR: Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.
- LRU: Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e demais disposicións regulamentarias.
- LPCAGA: Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica de Galicia e demais disposicións regulamentarias.

## II. COMPETENCIA MUNICIPAL:

A presente ordenanza regula a actividade dos usuarios dos espazos públicos, evitando unha utilización excluínente e abusiva dos mesmos que perturbe a normal convivencia cidadá.

A utilización masiva dos espazos públicos como lugares de diversión xuvenil para o encontro e o ocio, mediante o coñecido “botellón”, constitúe un fenómeno social de moda que, en moitos casos, é fonte de diferente problemática que incide no normal desenvolvemento da convivencia cidadá.

Estas concentracións de persoas son a causa dunha contaminación múltiple xa que producen ruídos de elevada intensidade e un cúmulo de residuos, e ata contaminación visual en lugares históricos. Estes comportamentos impiden que outras persoas poidan transitar libremente polas rúas e demais espazos públicos, gozando das zonas de espallamento. Asemade, en ocasións chegan producirse graves danos en bens públicos ou privados, sendo ás veces de indubidable valor histórico.

Polo exposto, estas concentracións, expresión do dereito fundamental de reunión establecido no artigo 21 da Constitución Española (CE), deben ter o seu límite no respecto doutros dereitos constitucionais como son o dereito á intimidade persoal e familiar (art. 18 CE), o dereito á liberdade de circulación (art. 19 CE), o dereito á salubridade e saúde pública, especialmente dos menores (art. 43 CE), o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45 CE) e mailo dereito a una vivenda digna e adecuada, libre de ruídos (art. 47 CE).

Cada día é máis demandada polos distintos colectivos e veciños das zonas



afectadas, a intervención municipal para solventar as consecuencias prexudiciais que veñen padecendo. Corresponde á Administración Municipal no exercicio das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais lexislación sectorial aplicable, evitar comportamentos incívicos que se produzan en prexuízo grave da cidadanía, cando esta non teña o deber xurídico dos soportar. Nesta liña, estímase pertinente regulamentar a actividade dos usuarios dos espazos públicos, evitando unha utilización excluínte e abusiva dos mesmos que perturbe a normal convivencia cidadá.

Partindo da premisa de que a Administración Pública debe servir con obxectividade os intereses xerais, tal e como establecen os artigos 103.1 da CE e 3.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC), a fundamentación legal para a elaboración desta ordenanza é a seguinte:

Os Concellos poden intervir a actividade da cidadanía a través da emisión de ordenanzas municipais no exercicio da súa potestade regulamentaria segundo establecen os arts. 4.1.a) e 84.1.a) da LRBRL.

Ao abeiro do disposto no art. 1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, os Concellos, no exercicio da súa función de policía, poderán intervir a actuación dos seus administrados, cando exista perturbación ou perigo de perturbación grave da tranquilidade, seguridade, salubridade ou moralidade cidadás, co fin de restablecelas ou conservalas.

En canto á potestade de establecer infraccións e sancións mediante ordenanza municipal, existe cobertura legal no Título XI da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local que modifica a LRBRL 7/1985, cuxo art. 139 establece que “para a axeitada ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, os entes locais poderán, en defecto de normativa sectorial específica, establecer os tipos de infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nas correspondentes Ordenanzas, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 140 e 141”.

Esta previsión configura cobertura legal suficiente para cumprir a reserva legal do mandato de tipificación e dar resposta completa ao artigo 25 da CE.

Segundo o disposto na LMMGL 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d).

De acordo co disposto no art. 49 da LRBRL, seguirase o seguinte procedemento para a aprobación da ordenanza: Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. Asemade, de non

se presentar ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBR, a ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP, entrando en vigor na data disposta na disposición final terceira, aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra."

A continuación a funcionaria informante propón a Xunta de Goberno local a aprobación do proxecto de ordenanza, así como propoñer ó Pleno da Corporación a aprobación do acordo que se contén na parte dispositiva.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 15 de decembro, prestou a súa aprobación a anterior proposta.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Presentamos hoxe a ordenanza que se coñece como reguladora da convivencia cidadá e o ocio no termo municipal de Vigo.

Quizais porque non é obxecto fundamental da ordenanza querería empezar por facer unha pequena valoración sobre algo que é absolutamente fundamental neste tema que estamos a analizar da convivencia cidadá e do ocio e todos sabemos que detrás está o termo "botellón". Quizais porque non é o obxectivo directo da ordenanza querería empezar por aí, por defenderen o dereito á protección da saúde.

Se para min ten algo negativo este fenómeno é que o "botellón" facilita precisamente a incorporación ó consumo do alcol ós máis novos.

Que o consumo do alcol crea danos irreversibles, sobre todo por debaixo dos vinte anos, non é necesario demostralo porque temos cantidade de información e estudos por todos os lados que indican a gravidade deste tema e máxime cando se toma en enchentes como se fai neste fenómeno coñecido como "botellón".

Polo tanto é necesario cambiar a percepción social dos riscos do consumo de alcol. Estou absolutamente convencido de que iso o vai facer a Lei integral en materia de drogodependencias e outros trastornos aditivos de Galicia que non deu tempo a que o goberno presidido por D. Emilio Pérez Touriño puidera levar adiante durante este período de sesións ó Parlamento de Galicia. Como estou convencido de que o 1 de marzo vanse mellorar mesmo os resultados, de seguro que imos contar con esa lei que nos vai permitir abordar este fenómeno dende o importante prisma que é o da protección da saúde.

Mentres, as administracións locais non podemos estar paradas, temos que defender sobre todo o dereito ó descanso dos nosos veciños e veciñas e por iso non queremos esperar máis, queremos asegurar ese dereito ó descanso, diminuír o vandalismo e todos os asuntos colaterais que leva este fenómeno; en definitiva, queremos evitaren calquera comportamento incívico que lle produza prexuízos graves á cidadanía como por desgracia sucede en bastantes áreas da cidade.

Por todo o antedito poñemos en marcha esta ordenanza que pretende regulamentar a actividade dos usuarios dos espazos públicos na nosa cidade, evitando a utilización excluínte e abusiva dos mesmos que perturbe a normal convivencia cidadá.

Imos preservar o espazo público como un lugar de convivencia e civismo porque as cidades son lugares de convivencia, onde todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, lecer e encontro con pleno respecto á dignidade e ós dereitos dos demais. Para iso imos prohibir nesta ordenanza a permanencia e concentración de persoas en espazos abertos consumindo bebidas de calquera tipo. Subliño isto porque en ocasións se pode estar participando nunha alteración grave da convivencia cidadá sen necesidade de beber alcol; por exemplo bebendo auga ou o que é máis grave, tomando drogas. Traemos isto e abordámolo do xeito que coidamos máis intelixente dada a gravidade e a dificultade para resolver este problema. Entendemos que a mellor maneira é declarar zonas protexidas aqueles sitios onde se está a alterar gravemente a convivencia cidadá.

No artigo 6, que é quizais un dos fundamentais da ordenanza, acordamos a declaración de zonas protexidas. Estas zonas van ser declaradas por acordo da Xunta de Goberno Local sempre que se produzan alteracións da convivencia cidadá que acumulativamente responden a varios puntos que non paso a detallar pero que de todos os xeitos algúns temos claro que se verifican nunha serie de sitios na nosa cidade e que temos que atallar con prontitude. Precisamente márcase na ordenanza a necesidade de que cada zona se analice por separado e se tomen os acordos da Xunta de Goberno Local en función desa situación de gravidade na zona en concreto.

Xa hai varias zonas moi claras na cidade e hai dous compromisos para poñelas en marcha nada máis estea aprobada definitivamente a ordenanza, esperamos que

sexa no Pleno de febreiro e poderemos artellar o expediente correspondente que declare zona protexida por exemplo a unha que sinalo aquí. De paso aproveito para indicar que esas zonas estarán sinaladas verticalmente. Aquí está por exemplo recollido o sinal onde se aborda o contorno da rúa Loriga, como se vai abordar de inmediato tamén o contorno do Berbés, Teófilo Llorente, etc.

Evidentemente que onde haxa problemas, alteración da convivencia cidadá, será onde progresivamente, porque obviamente non se pode facer en todos os sitios á vez, tentaremos que desapareza este fenómeno do "botellón".

É obvio que isto vai requirir un serio esforzo. Ese esforzo ten que partir tamén de contemplar que haxa medidas preventivas de información, educación e orientación; organizar todo tipo de actividades para que este fenómeno sexa comprendido polos principais participantes neste tipo de actividade porque entendemos que non se trata, nin moito menos, de eliminar a capacidade de diversión polas noites, eliminar a movida nocturna, sempre que prevaleza o dereito ó descanso que é o noso obxectivo fundamental.

Para iso este goberno dende as súas diferentes áreas vai asegurar que existan campañas informativas, actividades lúdico-culturais de todo tipo de xeito que poidamos atender ese aspecto importante que moitos mozos e mozas participantes neste tipo de actividades de seguro irán recibindo cada vez con maior satisfacción. Estamos convencidos de que este fenómeno que é enormemente complexo responderá dalgún xeito a todos os intentos que se van poñer en marcha dende todas as administracións e dende logo dende esa lei integral en materia de drogodependencias que entendemos que tamén vai xogar un papel moi importante para que este fenómeno vaia desaparecendo.

Ó igual que noutros países este fenómeno non existe, que noutras cidades diminuíu cando non desapareceu, estou convencido de que en Vigo, se actuamos todos con intelixencia e colaboración, poderemos atallalo.

Non quero rematar a miña intervención sen facer referencia a que na ordenanza aproveitamos tamén para considerar sancionables todo tipo de infraccións que teñan que ver co vandalismo, co non respecto polas normas veciñais e que se consideren sancionables determinadas actividades que en ocasións están ligadas directamente ó "botellón" e noutras non, pero que tamén hai que atallar.

As infraccións valóranse dende 300 ata 3.000 euros de multa e entendemos que se

toda a Corporación dunha vez por todas ten a decisión clara de contribuír a que este fenómeno vaia desaparecendo, estamos convencidos de que con esta ordenanza temos un instrumento moi importante que nos vai permitir mellorar a convivencia na nosa cidade e de paso, algo tamén moi importante, mellorar as actividades saudables que é o que realmente nos debe preocupar.

SR. CONDE GIL: Primeiro quero facer a manifestación no Pleno de que o Partido Popular por suposto que está de acordo co dereito ó descanso dos veciños e veciñas desta cidade pero, Sr. Calviño, fala vostede de que a Xunta de Galicia ía presentar unha lei autonómica que ía regulamentar o tema, pero o certo é que no mes de marzo de 2008 presentouse un ante proxecto de lei que se non saíu adiante sinxelamente foi pola falla de dilixencia da propia Xunta de Galicia que dispón dos votos maioritarios no Parlamento Galego.

Por outra banda, á vista da propia ordenanza, entendemos que existe unha incoherencia técnica bastante importante en moitos dos artigos. Tamén entendemos que actualmente existe unha regulamentación suficiente se hai vontade das administracións públicas, neste caso da Administración Local, para controlar este tema e así dispoñemos das ordenanzas municipais de protección do medio ambiente, contra a contaminación acústica producida por ruídos e vibracións, neste mesmo mandato aprobamos a declaración de zonas ZAS, Zonas Acusticamente Saturadas, existe a Lei sobre drogas de Galicia, a Lei de protección ambiental de Galicia, os Códigos Civil e Penal que regulamentan moitas das cousas ás que fai mención a propia ordenanza.

O Sr. Concelleiro facía mención que, á parte de regulamentar o tema de beber e de xuntarse a mocidade, tamén regula o vandalismo, pero iso está totalmente contemplado no Código Civil, tanto no concernente á responsabilidade de quen provoca os danos, como a responsabilidade subsidiaria dos pais, no seu caso, de responder caso de que sexan menores de idade da reparación deses danos. Digamos que en certo modo estamos dobrando normas e non sabemos ben se iso conducirá a algo.

Falaba tamén da protección do dereito á saúde. Nós estamos a favor dese dereito pero na rúa se fuma, non é tamén un problema o tema do tabaco? Cómense hamburguesas e tamén é un tema de saúde; hai moitos temas de saúde que non

se contemplan.

Tampouco sabemos se este é un proxecto dunha parte do goberno ou das dúas porque na propia ordenanza non veñen fixadas as zonas protexidas do artigo 6 ás que vostede fai referencia, déixaselle á Xunta de Goberno Local e non ó Pleno a decisión de sinalar esas zonas.

SRA. VELOSO RÍOS: En primeiro lugar quero felicitarmonos de que teñamos hoxe aquí para a súa aprobación inicial esta ordenanza reguladora da convivencia cidadá e o ocio no termo municipal de Vigo porque dende o Grupo municipal do BNG pensamos que era preciso asumir a responsabilidade que temos como administración local, a que está máis achegada á cidadanía, para tomar accións e emprender medidas como solución dun problema para os veciños e veciñas tal e como estaba resultando o fenómeno social do "botellón" en determinadas zonas da cidade. De feito o BNG fomos os primeiros en poñer enriba da mesa esta cuestión e os primeiros en atender ás voces de veciños e veciñas de determinadas zonas da cidade que están sufrindo as consecuencias deste fenómeno social do "botellón" como Joaquín Loriga, Berbés ou a Praza de Compostela.

Nese momento nós xa dixemos que era preciso comezar a traballar dende todas as áreas de goberno implicadas, falamos das áreas de Seguridade, Limpeza, Xuventude e pola nosa banda, no que tocaba ás nosas áreas de goberno, na área de Xuventude xa estabamos traballando principalmente en completar, aumentar e fornecer a oferta de lecer alternativo para a xente nova a través de programas como o de "Noites Vivas" ou "Castro Concertos" e dando resposta tamén a unha demanda importante da xente nova para poder desenvolver actividades, neste caso relacionadas coa música como por exemplo é o caso do "Castro Concertos", que se reforzaron dobrando o número de horas de clase, de concertos e así dar unha oportunidade á xente nova de facer outras cousas, de dedicar o seu tempo a outras formas de lecer.

Ademais agora estamos a iniciar un proceso participativo de reflexión sobre os tempos de lecer da xente nova e sobre este fenómeno social como é o "botellón", a través dunhas xornadas que estamos preparando con expertos e a través tamén da reflexión e do debate con asociacións xuvenís e coa xente nova a través dos propios centros de ensino para poder chegar á maior cantidade de xente posible.

De todos os xeitos si é certo que estamos falando dun fenómeno social, como xa indicaba o concelleiro Sr. Calviño e, ademais de aprobar e aplicar esta ordenanza, cómpre seguir atendendo á evolución do fenómeno porque o que temos que ter claro, e así o temos neste goberno, é que hai zonas especialmente afectadas por esta cuestión que son as que se declaran zonas protexidas nas que se vai actuar de xeito prioritario, pero que a xente nova que practica o "botellón" e que vai a estas zonas evidentemente non van quedar nas súas casa; ademais de garantir o descanso da cidadanía, que o temos que garantir, tamén temos que ser conscientes de que a xente nova ten que ter os seus lugares e formas de diversión pero que teñen que ser compatibles e conciliables co resto das actividades da cidadanía.

É importante por tanto que teñamos claro que agora mesmo hai unhas zonas prioritarias onde actuar pero que hai que seguir atendendo á evolución deste fenómeno e segundo iso ir vendo que outras medidas hai que ir tomando de agora en diante.

Por iso non podemos establecer en principio unhas zonas determinadas na ordenanza nas que se vai poder ou non practicar o "botellón", senón que temos que ver cal é a situación urxente que temos que atender de xeito inmediato e logo seguir atendendo ás outras. Esta ordenanza proporciónanos a ferramenta para seguir atendendo a evolución deste fenómeno.

De todos os xeitos se estamos falando de que é un fenómeno social, as normas e a lexislación son importantes e neste caso a ordenanza permítenos actuar como goberno local que somos, pero ademais tamén me gustaría facer un chamamento á responsabilidade de toda a sociedade.

Unha ordenanza é unha ferramenta lexislativa, unha norma que nos permite actuar, pero ademais, se falamos dun fenómeno social, temos que seren conscientes de que é algo que hai que traballar dende outros puntos de vista e así temos que falar da educación no sistema educativo pero tamén da educación nas familias.

Antes o Sr. Calviño facía referencia ó problema de saúde que supón o fenómeno do "botellón" e utilizaba a expresión "enchentes" e xustamente estamos nunha época no ano na que as "enchentes" tamén son un fenómeno social xeral. Polo tanto é doado darse conta xustamente nestas datas dunha cuestión, o consumo do alcol,

que nos atinxe a todos e a todas. Por suposto que atinxe á xente nova pero é un fenómeno social transversal do que todos e todas temos responsabilidade.

De todos os xeitos, como administración local e como goberno penso que a aprobación desta ferramenta suporá polo menos unha posibilidade de actuar para conseguir traballar na conciliación do tempo de diversión da xente nova co descanso da cidadanía que é algo que temos que garantir.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Coido que nos temos que felicitar polo contido das intervencións que dende logo deixan perfectamente claro en primeiro lugar que esta é unha ordenanza unánime de todo o goberno. Tamén felicítámonos do ton da intervención do Partido Popular na que entendo que hai detrás unha aprobación a este proxecto hoxe e pronto ordenanza reguladora da convivencia cidadá e o ocio.

De todos os xeitos estráñame que o Partido Popular diga que hai unha duplicación de normas, de que hai ferramentas de abondo porque se así fose eu non entendo como estivemos tantos anos con esas ferramentas e sen as utilizar. Coido que non, coido que esta é unha ferramenta dunha ordenanza estudada especificamente para abordar este fenómeno e é absolutamente crucial; ademais aporta unhas posibilidades enormes para actuar, como di a concelleira do BNG que acaba de falar, estudando a evolución do fenómeno no que eu son optimista porque nisto non só imos estar nós, senón tamén outras administracións, o tempo e todas esas actividades de formación, educación e de compromiso de toda a sociedade no que estou seguro que estamos todos absolutamente empeñados, será o que nos vai permitir que ese fenómeno deixe de ser esa moda que é enormemente preocupante nos momentos actuais.

Esta ordenanza si dá novos medios para tentar atallar o problema, sobre todo se o abordamos con intelixencia, dun xeito gradual e estudando por suposto cal é a evolución do fenómeno que en todo caso ten que ser con toda claridade a eliminación deste tipo de actividades cando alteren gravemente a convivencia cidadá. Se o facemos todos xuntos, comprometendo tamén ó resto da sociedade, estou seguro de que esta ordenanza vai contribuír a que defendamos moito mellor moitos dereitos constitucionais que hoxe están gravemente comprometidos por este fenómeno.



SR. CONDE GIL: Anúnciolle, Sr. Calviño, que nos imos abster nesta votación.

O problema é que a normativa xa a temos pero que vostedes non a fan cumprir. É así de sinxelo. Fíxenlle anteriormente un relatorio de toda a normativa existente na materia, se quere logo llo facilito.

Sinceramente, con todo isto que lle estou dicindo esta ordenanza semella un brinde ó sol, porque se xa temos as ferramentas, se xa temos os instrumentos o único que fai falla é vontade.

Á parte dicir tamén que toda a competencia recae na Xunta de Goberno Local e non neste Pleno.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Asómbreme porque é tirar pedras contra o seu propio tellado e conste que quero ser construtivo neste e en todos os puntos, pero en todo caso iso ven amosar que vostedes cando gobernaron non utilizaban esas ferramentas. Asómbreme porque vostede si sabe que hai un cambio moi importante nesta ordenanza.

Por suposto que coñezo toda a regulamentación existente como a coñecen case todas as cidades de España e sen embargo case todas elas puxeron en marcha un instrumento específico que é a ordenanza que nós estamos a aprobar agora.

Felizmente nós imos aproveitar todas as experiencias das outras cidades que xa abordaron este fenómeno cunha ordenanza específica e precisamente iso nos dá a posibilidade de sacar importantes conclusións de como funcionou nesas cidades. Por todo iso entendemos que esta ordenanza mellora as existentes e ademais nos vai permitir atallar o fenómeno progresivamente e dende logo iso o temos que facer dende o órgano de xestión deste Concello que obviamente é a Xunta de Goberno Local como marcan todas as leis.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez,

González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio no termo municipal de Vigo, expediente 75607/210, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza no BOP, entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación.

## **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONVIVENCIA CIDADÁ E O OCIO NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A utilización masiva dos espazos públicos como lugares de diversión xuvenil para o encontro e o ocio, mediante o coñecido “botellón”, constitúe un fenómeno social de moda que, en moitos casos, é fonte de diferente problemática que incide no normal desenvolvemento da convivencia cidadá.

Estas concentracións de persoas son a causa dunha contaminación múltiple xa que producen ruídos de elevada intensidade e un cúmulo de residuos, e ata contaminación visual en lugares históricos. Estes comportamentos impiden que outras persoas poidan transitar libremente polas rúas e demais espazos públicos, gozando das zonas de espallamento. Asemade, en ocasións chegan producirse graves danos en bens públicos ou privados, sendo ás veces de indubidable valor histórico.

Polo exposto, estas concentracións, expresión do dereito fundamental de reunión establecido no artigo 21 da Constitución Española (CE), deben ter o seu límite no respecto doutros dereitos constitucionais como son o dereito á intimidade persoal e familiar (art. 18 CE), o dereito á liberdade de circulación (art. 19 CE), o dereito á salubridade e saúde pública, especialmente dos menores (art. 43 CE), o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45 CE) e mailo dereito a una vivenda digna e adecuada, libre de ruídos (art. 47 CE).

Cada día é máis demandada polos distintos colectivos e veciños das zonas afectadas, a intervención municipal para solventar as consecuencias prexudiciais

que veñen padecendo. Corresponde á Administración Municipal no exercicio das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais lexislación sectorial aplicable, evitar comportamentos incívicos que se produzan en prexuízo grave da cidadanía, cando esta non teña o deber xurídico dos soportar. Nesta liña, estímase pertinente regulamentar a actividade dos usuarios dos espazos públicos, evitando unha utilización excluínente e abusiva dos mesmos que perturbe a normal convivencia cidadá.

Partindo da premisa de que a Administración Pública debe servir con obxectividade ós intereses xerais, tal e como establecen os artigos 103.1 da CE e 3.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC), a fundamentación legal para a elaboración desta ordenanza é a seguinte:

Os Concellos poden intervir a actividade da cidadanía a través da emisión de ordenanzas Municipais no exercicio da súa potestade regulamentaria segundo establecen os arts. 4.1.a) e 84.1.a) da LRBRL.

Ao abeiro do disposto no art. 1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, os Concellos, no exercicio da súa función de policía, poderán intervir a actuación dos seus administrados, cando exista perturbación ou perigo de perturbación grave da tranquilidade, seguridade, salubridade ou moralidade cidadás, co fin de restablecelas ou conservalas.

En canto á potestade de establecer infraccións e sancións mediante ordenanza municipal, existe cobertura legal no Título XI da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local que modifica a LRBRL 7/1985, cuxo art. 139 establece que “para a axeitada ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, os entes locais poderán, en defecto de normativa sectorial específica, establecer os tipos de infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nas correspondentes Ordenanzas, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 140 e 141”.

Esta previsión configura cobertura legal suficiente para cumprir a reserva legal do mandato de tipificación e dar resposta completa ao artigo 25 da CE.

## **TITULO I DISPOSICIÓN XERAIS**

### **ARTIGO 1.- FUNDAMENTO DA ORDENANZA.**

Esta ordenanza é de aplicación en todo o termo municipal de Vigo e ten o seu fundamento na defensa do dereito á intimidade persoal e familiar, no dereito á liberdade de circulación, no dereito á salubridade e saúde pública, especialmente dos menores, no dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa e no dereito ao descanso, tranquilidade da veciñanza e inviolabilidade do domicilio.

## ARTIGO 2.- MARCO LEGAL.

O marco normativo dentro do que se desenvolve esta ordenanza ven establecido por:

- Constitución Española do 27.12.1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.
- Lei 2/1996, do 8 de maio, sobre drogas de Galicia.
- Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.
- Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.
- Lei 10/1998, de 21 do abril, de residuos.
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica de Galicia e demais disposicións regulamentarias.

## ARTIGO 3.- OBXECTO DA ORDENANZA.

O obxecto da presente ordenanza é regulamentar a utilización dos espazos públicos pola cidadanía, evitando usos excluíntes e abusivos de ditos espazos que alteren gravemente a convivencia cidadá. Preservarase o espazo público como un lugar de convivencia e civismo, onde todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, ocio, encontro e recreo, con pleno respecto á dignidade e aos dereitos dos demais.

## ARTIGO 4.- EXCLUSIÓNS.

Sen prexuízo do cumprimento das normas aplicables en materia de orden público e de seguridade cidadá, así como as relativas a espectáculos públicos e actividades recreativas, quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- 1.- A permanencia durante o horario establecido regulamentariamente de persoas en espazos abertos destinados a terrazas e veladores de establecementos públicos sometidos á normativa aplicable en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.
- 2.- A permanencia de persoas en espazos abertos do termo municipal destinados á celebración de festas e feiras locais, verbenas populares, así como manifestacións de carácter relixioso, político, sindical, docente, turístico, cultural ou análogo.
- 3.- O exercicio dos dereitos de reunión e manifestación, debidamente comunicados conforme á lexislación vixente.

## ARTIGO 5.- ACTIVIDADES PROHIBIDAS.

1.- Prohíbese a permanencia e concentración de persoas en espazos abertos do termo municipal que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades, cando alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá, considerada como tal nos termos desta ordenanza.

Enténdese por espazo aberto toda vía pública, zona ou área ao aire libre de dominio público ou patrimonial das Administracións Públicas.

2.- Nos establecementos públicos de consumo inmediato de bebidas tales como discotecas, pubs, bares, café-bares, etc., as bebidas deberán consumirse no interior de ditos establecementos, quedando prohibido o consumo das mesmas na vía pública, agás terrazas autorizadas de acordo coa ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo na sesión ordinaria do 28.04.2008.

Os titulares dos establecementos públicos que permitan a consumición das bebidas que expenden fóra do seu establecemento e dos lugares autorizados, serán considerados responsables, por cooperación necesaria, das molestias que se puidesen producir, e como tal seralles de aplicación o réxime sancionador establecido na ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.

3.- Prohíbese nas vías públicas a distribución e subministración de bebidas, aínda desde vehículos automóbiles, caravanas, barracas ou similares, ben a título oneroso ou gratuíto, agás supostos autorizados expresamente polo Concello.

4.- Prohíbese a venda, distribución ou subministración de bebidas alcohólicas nos establecementos públicos que carezan de autorización a tal fin.

5.- Ao abeiro do disposto no art. 13.1 da Lei 2/1996, do 8 de maio, de drogas de Galicia, non se permite a venda ou subministración de bebidas alcohólicas a menores de 16 anos, ou no caso de bebidas alcohólicas de máis de 18 grados centesimais aos menores de 18 anos.

6.- Ao abeiro do disposto no art. 13.2 e 3 da Lei 2/1996, do 8 de maio, de drogas de Galicia, non se poderá vender ou subministrar bebidas alcohólicas en:

- Locais e centros preferentemente destinados a menores de 18 anos.
- Centros culturais.
- Centros educativos que imparten educación primaria e educación secundaria ou outras ensinanzas de nivel equivalente.
- Instalacións deportivas.
- Centros sanitarios.

Non se permitirá a venda ou subministración de bebidas cunha graduación alcohólica de máis de 18 grados en:

- Centros de educación superior e universitaria.
- Dependencias das administracións públicas.

7.- Ao abeiro do disposto no art. 13.4 da Lei 2/1996, do 8 de maio, de drogas de Galicia, a venda ou subministración de alcohol por medio de máquinas automáticas só poderá realizarse en lugares pechados, debendo constar na superficie frontal da máquina a prohibición do seu uso por menores de 18 anos.

8.- Ao abeiro do disposto no art. 10 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia, o Concello poderá acordar de maneira singularizada, por razóns de orde público, impoñer aos establecementos comerciais tipo tendas de conveniencia que inclúan na súa oferta bebidas alcohólicas, a prohibición de expender este tipo de bebidas desde as 22:00 horas ata as 09:00 do día seguinte, con independencia do réxime de apertura que lles sexa de aplicación. A imposición desta prohibición comunicarase á Dirección Xeral competente en materia de comercio.

#### ARTIGO 6.- ZONAS PROTEXIDAS.

1.- Corresponde ao Concello, por acordo da Xunta de Goberno Local, determinar cando as actividades ás que se refire o art. 5.1) da presente ordenanza alteran gravemente a convivencia cidadá.

Considerarase alterada gravemente a convivencia cidadá, cando concorran varias das seguintes circunstancias:

- a) Alto número de persoas concentradas nos espazos abertos. O elevado número de persoas estará en relación coa superficie do espazo e mailo número de vivendas existentes no entorno.
- b) As concentracións terán carácter continuado no tempo, non considerándose as concentracións de persoas ocasionais ou puntuais.
- c) Existencia de reiteradas queixas cidadás, denunciando as molestias derivadas de ditas concentracións.
- d) Existencia de actos vandálicos producidos na zona que ocasionasen danos en bens públicos ou privados.
- f) Informes municipais constatando a contaminación derivada da masiva concentración de persoas (contaminación acústica, problemas hixiénicos-sanitarios ou situacións de insalubridade).

2.- A Xunta de Goberno Local declarará como zonas protexidas, os espazos abertos onde as concentracións reiteradas de persoas alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá segundo o establecido no apartado anterior.

3.- Unha vez declaradas, as zonas protexidas serán sinalizadas verticalmente, quedando prohibido nas mesmas, a permanencia e concentración de persoas consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades.

## **TÍTULO II MEDIDAS PREVENTIVAS**

#### ARTIGO 7.- DE INFORMACIÓN, EDUCACIÓN E ORIENTACIÓN.

O Concello desenvolverá políticas de fomento da convivencia e o civismo co fin de acadar que as condutas e actitudes da cidadanía se adecúen aos estándares mínimos de convivencia co obxectivo de garantir o civismo e de mellorar a calidade de vida no espazo público da nosa cidade.

O Concello facilitará á cidadanía asesoramento e orientación sobre a prevención do consumo abusivo de alcohol e outras substancias e, no seu caso, do tratamento de situacións de adicción e dos problemas derivados do seu consumo.

Con tal fin promoverá e impulsará campañas informativas, especialmente dirixidas á xuventude, para concienciar á cidadanía sobre os nocivos efectos do consumo abusivo de alcohol e outras substancias, a fin de modificar hábitos e actitudes en relación co seu consumo. Asemade, dentro das accións de prevención, o Concello fomentará o diálogo con organizacións xuvenís, organizacións de pais e nais e organizacións veciñais.

O Concello, dende o Plan Municipal de Drogas, promoverá actuacións de sensibilización, educativas e formativas que potenciarán entre os nenos e mozos, e a poboación en xeral, o valor da saúde no ámbito individual e social.

#### ARTIGO 9.- OCIO ALTERNATIVO.

O Concello elaborará un Plan de actividades lúdico-culturais e deportivas co obxecto fundamental de ofrecer aos mozos e mozas da cidade de Vigo unha alternativa ao ocio como medida de prevención no consumo abusivo de alcohol e demais drogas.

### **TÍTULO III RÉXIME SANCIONADOR**

#### ARTIGO 10.- PRINCIPIOS XERAIS.

O réxime sancionador desta ordenanza réxese polos principios contidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### ARTIGO 11.- COMPETENCIA PARA SANCIONAR.

O exercicio da potestade sancionadora corresponde á Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.L) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, agás que consonte á normativa sectorial se atribúa a outro órgano.

#### ARTIGO 12.- POLICÍA ADMINISTRATIVA.

Na súa condición de policía administrativa, a Policía Local, de acordo co disposto

nos artigos 8.1.d) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, e 53.1.d) da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, é a encargada de velar polo cumprimento desta ordenanza, denunciando, cando proceda, as condutas que sexan contrarias á mesma.

#### ARTIGO 13.- PRESUNCIÓN DE VERACIDADE.

Nos procedementos sancionadores que se instrúan por aplicación desta ordenanza, os feitos constatados polos axentes da autoridade terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que poidan aportar os interesados.

Aos efectos de poder incoar o correspondente procedemento sancionador, os axentes da autoridade requirirán á persoa presuntamente responsable para que se identifique. De non se conseguir a identificación da persoa que cometera a presunta infracción, os axentes da autoridade poderán requirila para que, ao obxecto de incoar o correspondente procedemento sancionador, os acompañe ás dependencias próximas que contén con medios adecuados para realizar as dilixencias de identificación, a estes únicos efectos e polo tempo imprescindible, informando á persoa infractora dos motivos do requirimento de acompañamento.

#### ARTIGO 14.- RESPONSABILIDADES.

De acordo cos principios que rexen a potestade sancionadora, só poderán ser sancionados por feitos que constitúan infraccións ao disposto na presente ordenanza, as persoas físicas ou xurídicas que resulten responsables dos mesmos, aínda a título de simple inobservancia.

No suposto de accións cometidas por menores de idade, os pais, as nais ou as persoas que resulten legalmente responsables dos mesmos, serán responsables civís subsidiarios dos danos e prexuízos que se deriven das accións dos menores.

#### ARTIGO 15.- DAS INFRACCIÓNS.

As infraccións administrativas contra a presente ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves. Esta clasificación establécese atendendo aos criterios establecidos no art. 140 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de modernización do goberno local.

#### ARTIGO 16.- INFRACCIÓNS MOI GRAVES.

Constitúen infraccións moi graves:

1.- As accións ou omisións constitutivas de condutas obstrucionistas ás tarefas de control, investigación ou sanción dos axentes da autoridade e poderes públicos no exercicio das súas funcións competenciais para o cumprimento da presente ordenanza.

2.- O incumprimento das ordes ou requirimentos específicos formulados polas autoridades municipais ou os seus axentes en directa aplicación do disposto nesta



ordenanza.

3.- O impedimento do uso dun servizo ou espazo público por outra u outras persoas con dereito á súa utilización.

4.- O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento dun servizo público.

5.- Os actos de deterioro grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo público.

6.- Os actos de deterioro grave e relevante dos espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoables, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

7.- Distribuír ou subministrar bebidas na vía pública, aínda desde vehículos automóbiles, caravanas, barracas ou similares, ben a título oneroso ou gratuíto, agás supostos autorizados expresamente polo Concello.

8.- A comisión no termo dun ano de mais dunha falta grave cando a primeira delas se declarara firme en vía administrativa.

#### ARTIGO 17.- INFRACCIÓNS GRAVES.

Constitúen infraccións graves:

1.- As concentracións de persoas en espazos abertos do termo municipal, declarados como zonas protexidas, que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades, cando alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá.

2.- A mera obstrución ao normal funcionamento dun servizo público.

3.- A realización de actos que ocasionan danos ou desperfectos ao mobiliario ou equipamento urbano impedindo o seu uso, xa sexa provisional ou definitivamente.

4.- A práctica de xogos nos espazos abertos que implicaran un risco relevante para a seguridade de persoas ou bens, e, especialmente, a circulación temeraria con patíns ou monopatíns por beirarrúas ou lugares destinados aos peóns. Nestes casos, os axentes da autoridade informarán, en primeiro lugar, a estas persoas de que ditas prácticas están prohibidas. Se a persoa persistira na súa actitude, procederase a realizar a denuncia correspondente e se intervirá cautelamente o xogo, monopatín, patín ou similar con que se tivese producido a conduta.

5.- A comisión no termo dun ano de mais dunha falta leve cando a primeira delas se declarara firme en vía administrativa.

#### ARTIGO 18.- INFRACCIÓNS LEVES.

Constitúen infraccións leves:

1.- Realización de actos que ocasionen danos ou desperfectos no mobiliario ou equipamento urbano pero non impiden o seu uso, tales como pintadas, graffitis, relazos, etc.

2.- Utilización dos espazos públicos ou dos seus elementos para usos distintos da súa finalidade tales como bañarse ou lavarse nas fontes públicas, estanques ou similares; acampar nas vías ou espazos públicos, acción que inclúe a instalación nestes espazos de tendas de acampada, vehículos autocaravanas, caravanas ou similares salvo nos lugares expresamente autorizados; etc.

3.- Realizar necesidades fisiolóxicas nos espazos públicos agás nas instalacións destinadas especialmente á realización das mesmas.

4.- Obstruír o acceso aos portais veciñais ou á entrada de garaxes públicas ou privados de xeito que se impida a súa normal utilización.

5.- Timbrar indiscriminadamente nos portais dos edificios de xeito que se impida o descanso nocturno.

6.- Golpear o mobiliario urbano ou os residuos existentes na vía pública producindo unha notable afección acústica que, resulte inadmisibile, a xuízo da Policía Local.

#### ARTIGO 19.- DAS SANCIONES.

Polas infraccións previstas nesta ordenanza imporanse as seguintes sancións:

- 1) Infraccións leves: multa de 300 € ata 750 €.
- 2) Infraccións graves: multa de 751 € ata 1.500 €.
- 3) Infraccións moi graves: multa de 1.501 € ata 3.000 €.

#### ARTIGO 20.- DA GRADUACIÓN NA IMPOSICIÓN DAS SANCIONES.

A imposición das sancións previstas nesta ordenanza terá en conta o principio de proporcionalidade e, en todo caso, os seguintes criterios de graduación:

- 1) A gravidade e transcendencia da infracción.
- 2) A existencia de intencionalidade.
- 3) A natureza dos prexuízos causados.
- 4) A reincidencia.
- 5) A reiteración.
- 6) A capacidade económica da persoa infractora.

Enténdese que existe reincidencia, cando se cometa no prazo dun ano máis dunha infracción administrativa da mesma natureza e tivese sido declarada por resolución firme en vía administrativa.

Existe reiteración cando a persoa responsable xa ten sido sancionada por infracción desta ordenanza ou cando estanse a instruír outros procedementos sancionadores

por infracción desta ordenanza.

#### ARTIGO 21.- SUBSTITUCIÓN DAS MULTAS.

As sancións económicas impostas pola comisión de infraccións graves ou leves en aplicación desta ordenanza poderán ser suspendidas:

1.- Se o infractor acepta a realización de traballos ou actividades en beneficio da comunidade que se establezan de selo caso polo Concello. En ningún caso, as prestacións en beneficio da comunidade, poderán consistir en tarefas propias do persoal municipal.

2.- Se o infractor participa en cursos ou sesións formativas que puideran impartirse sobre convivencia cidadá e civismo que determine o Concello.

Estas medidas poderán ser adoptadas sempre que medie o consentimento previo do interesado ou dos seus representantes legais. Non obstante, no caso de inasistencia aos cursos, sesións formativas, traballos ou actividades en beneficio da comunidade ou incumprimento do compromiso polo infractor, procederá executar a correspondente sanción pecuniaria.

#### ARTIGO 22.- REPARACIÓN DOS DANOS.

As sancións contidas neste título enténdense sen prexuízo de que o Concello poida reclamar, polas vías legais que sexan de aplicación, as indemnizacións polos danos sufridos polo seu patrimonio como consecuencia de actos vandálicos cometidos con ocasión de actividades regulamentadas nesta ordenanza.

#### ARTIGO 23.- PRESCRICIÓN DAS INFRACCIÓNS E DAS SANCIÓNNS.

As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses da súa comisión.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse a partir do día no que se tivese cometido a mesma e interrómpeuse desde o intre no que o procedemento se dirixa contra o presunto infractor.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

#### ARTIGO 24.- DESTINO MULTAS.

O importe das sancións económicas obtidas por aplicación desta ordenanza, quedará afecto e deberá destinarse integramente a mellorar nas súas diversas formas, o espazo urbano como lugar de encontro de convivencia.

#### ARTIGO 25.- APRECIACIÓN DELITO OU FALTA.

Cando as condutas a que se refire esta ordenanza puideran constituír infracción penal, remitiranse ao ministerio fiscal ou á autoridade xudicial que corresponda, os antecedentes necesarios das actuacións practicadas.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta ordenanza.

#### DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.

No que non estea previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na normativa estatal, autonómica ou local que resulte de aplicación.

#### DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA.

Conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e reixerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

#### DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA.

A Alcaldía Presidencia do Concello de Vigo queda facultada para ditar cantas instrucións resulten precisas para a adecuada interpretación e aplicación desta ordenanza.

#### 10.- (233).- DENOMINACIÓN DE VIAL "ESTRADA MONTE DOS PINTOS" NA PARROQUIA DE CORUXO. Expte. 11358/331.

ANTECEDENTES.- Con data 25 de novembro de 2008 a xefa do servizo de Estatística manifesta da necesidade de dar nome á nova vía que comeza na avenida Ricardo Mella e remata na estrada de Camposancos, na parroquia de Coruxo.

Con data 4 de decembro a técnica do servizo de Normalización Lingüística informa que a vía podería denominarse "Estrada Monte dos Pintos", por atravesar o monte do mesmo nome.

Cono data 10 do mesmo mes a xefa do servizo de Estatística emite novo informe favorable á devandita denominación.

Visto o anterior o concelleiro delegado da área, en virtude do establecido no

decreto da Alcaldía de delegación de competencias de data 05.07.07, con data 11 de decembro, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 22 de decembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar "Estrada do Monte dos Pintos" á rúa sita na parroquia de Coruxo, barrio de Río, que comeza no número 181 da Avda. de Ricardo Vella e remata no número 372 da Estrada de Camposancos, por ser un topónimo axeitado segundo os informes emitidos polos departamentos de Estatística e Normalización Lingüística.

11.- (234).- DENOMINACIÓN DE VIAL "CAMIÑO DO SOUTO DE FONTE ESCURA" NA PARROQUIA DE CANDEÁN.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de novembro de 2008 o concelleiro de Distritos traslada ó departamento de Cultura a petición conxunta dos veciños e Asociación Veciñal de Lavadores de dar un nome a unha rúa da devandita parroquia.

Vistos os informes emitidos pola técnica do Servizo de Normalización Lingüística e pola xefa do servizo de Estatística, ambos de data 04.12.08, así como o informe do xefe do departamento de Cultura de data 5 do mesmo mes, o concelleiro delegado da área, en virtude do establecido no decreto da Alcaldía de delegación de competencias de data 05.07.07, con data 11 de decembro, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Comercio e Patrimonio Histórico, en sesión do 22 de decembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes o Sr. Conde Gil e a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar "Camiño do Souto de Fonte Escura" á rúa que comeza no número 38 da rúa Fonte Escura e remata na rúa Trinitario Otero, por ser un topónimo axeitado segundo os informes emitidos polos departamentos de Estatística e Normalización Lingüística.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación municipal e máis todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.*

12.- (235).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A ESIXIR DA XUNTA DE GALICIA UNA MELLORA DAS LISTAS DE ESPERA E DA SANIDADE PÚBLICA DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, formula a seguinte moción:

"Nos últimos tempos os servizos do Complexo Hospitalario Xeral Cíes foise colapsando e foron aumentado as listas de espera, tanto para as consultas como para as intervencións cirúrxicas, todos estes atrasos foron calando no malestar dos pacientes e nas súas familias, que xunto con as listas de espera en atención primaria fai que se desesperen cada vez que teñen que acudir a un centro hospitalario desta cidade.

Como exemplo o acontecido hai uns meses no Servizo de Pediatría do Xeral, onde puidemos ver como aumentaban as listas de espera de cirurxía pediátrica e como se ían cambiado as prioridades das operacións segundo indicacións dun comité cirúrxico composto por doutores que non eran os mesmos médicos que trataban ós pacientes.

Por todo isto instamos ao Goberno Municipal a que esixa á Xunta de Galicia una mellora das listas de espera e da Sanidades Publica desta cidade para que se poida dar un bo servizo a cidadanía viguesa."

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 22 de decembro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

*A concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.*

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Esta é unha das mocións que reflicte a preocupación dos cidadáns por esta problemática e sobre todo cando nos toca porque queremos que esa atención sexa o máis rápida posible e ademais por un servizo público de sanidade como o que temos que está a ser moi ben valorado.

Os cidadáns seguro que tamén lembran que vostedes gobernaron aquí durante dezaseis anos e quizais perderon a memoria histórica e por iso esquecen a situación de abandono no que quedaron os dispositivos asistenciais de Vigo.

Por algunha das afirmacións da súa moción, Sra. Muñoz, dáme a impresión que descoñece o que a actual administración sanitaria está a facer para resolver os problemas sanitarios dos vigueses.

Cando chega á Presidencia da Xunta de Galicia o socialista, Sr. Pérez Touriño, constátase unha situación de abandono e de carencias estruturais e de recursos humanos como consecuencia da falla de investimentos en infraestruturas que afectou gravemente á calidade asistencial e tamén á capacidade de resolución dos distintos dispositivos. Póñolle como exemplo un hospital xa de máis de cincuenta anos ou o feito de que vostedes en seis centros de atención primaria da cidade de Vigo tiñan asignadas unhas trinta mil tarxetas a cada un.

Ademais temos algúns datos históricos como que por exemplo en cirurxía a 31.12.2005 vostedes deixaron unha lista de espera na área de Vigo de 13.981 pacientes; nesa área o tempo medio de espera era de 186 días. Hai que dicir tamén que a lista de espera cirúrxica na área de Vigo era de 8.564 pacientes no período 2007-2008; co goberno actual produciuse unha redución dun 38,74%, é dicir, 5.400 pacientes menos; tamén baixou o tempo medio de espera que agora mesmo é de 91 días, cunha redución de 95 días.

Dedicouse moito esforzo, investimento e traballo á redución da lista de espera, pero tamén moito esforzo para soste e mellorar a calidade da actividade sanitaria dunha área que realiza máis dun millón de consultas de atención especializada,

entre catro e medio e cinco millóns de consultas de atención primaria, á vez ten máis de cincuenta mil ingresos de hospitalización e máis de corenta e tres mil intervencións cirúrxicas; atende a máis de douscentos sesenta mil urxencias hospitalarias. Estes son datos que deben coñecer todos os cidadáns pola importancia que ten a sanidade pública.

A administración fixo un importante esforzo investidor en Vigo, tanto en infraestruturas sanitarias públicas como en medios humanos. Vou falar por riba dalgunhas por non relatar todas.

Novas instalacións de urxencias pediátricas porque as instalacións que vostedes deixaron eran indignas. Remodelación e modernización das urxencias de adultos con admisión única no Hospital Xeral, unha nova área de rehabilitación; un novo hospital de día oncolóxico, unha nova planta de reanimación. Tamén se incrementou a capacidade cirúrxica do Hospital Xeral ampliando o bloque cirúrxico en seis novos quirófanos. Tamén se fixo no Hospital do Meixoeiro unha importante ampliación do bloque ambulatorio con cincuenta e seis novas consultas, con novo servizo de endoscopia dixestiva, unha nova unidade de hemodiálise e un hospital de día non oncolóxico. Todo iso ademais de poñer en funcionamento nese Hospital do Meixoeiro unha nova unidade de cirurxía maior ambulatoria con dous novos quirófanos e unha nova unidade de espertar con vinte camas.

Como lle dicía, non só herdamos estruturas obsoletas, incapaces de proporcionar unha atención sanitaria axeitada á poboación de Vigo, senón que ademais tivemos que actuar sobre un equipamento tecnolóxico obsoleto.

Voulle relatar algún dos investimentos en alta tecnoloxía: unha nova resonancia magnética nuclear que permite realizar espectroscopia cerebral e de próstata, dotada dun software avanzado en cardioloxía, un novo acelerador lineal con capacidade para realizar radiación guiada por imaxe, unha nova sala hemodinámica para o servizo de cardioloxía intervencionista, unha nova sala de radioloxía intervencionista vascular e tamén está a punto de comezar a poñerse en funcionamento en Vigo un PT TAC, o máis avanzado en diagnose por imaxe.

Señores do Partido Popular, este goberno da Xunta de Galicia presidido polo socialista Sr. Pérez Touriño investiu en Vigo máis de corenta millóns de euros. Canto investiron vostedes, señores do PP?

Como vostede fai un repaso a todo e fala de atención primaria, quérolle dicir que as



carencias estruturais e de saturación asistencial tamén afectaban á atención primaria e así tívose que acometer a construción de novos centros e a reforma e ampliación dos xa existentes.

Para mellorar a atención primaria facían falla medios humanos e por iso nós incrementamos os recursos humanos ata acadar ratios dun médico por cada mil duascenas cincuenta tarxetas sanitarias, un pediatra por cada oitocentos nenos menores de catorce anos. Concretamente na área de Vigo isto supuxo a incorporación de trescentos cincuenta e nove novos profesionais de todas as categorías, dos que sesenta e nove son médicos e cento corenta e seis persoal de enfermería.

Este cambio importante na política de recursos humanos rematou coa situación de precariedade e inestabilidade laboral que o PP instalou durante dezaseis anos. Agora mesmo estase a acometer un plan de estabilidade laboral realizando ofertas públicas de emprego cada dous anos de todas as prazas vacantes. Durante os dezaseis anos de goberno da administración do Partido Popular non se realizou ningunha oferta de emprego na sanidade pública.

Pero voulle dicir o que si fixeron: hospitais-fundación privatizando, crearon o MEDTEC que foi amplamente contestado, é dicir, privatizaron. Nós tivemos que recuperar para o ámbito público eses hospitais-fundacións e o propio MEDTEC que estaba privatizado.

Con respecto á cirurxía pediátrica se vostede colle as listas de xuño-2005 e as de setembro-2008 verá que só hai dúas das especialidades nas que non se rebaixou a lista de espera. En cirurxía pediátrica hai unha lista de trescentos trinta e catro pacientes, cun tempo medio de espera de cento trinta e tres días, pero tamén lle teño que dicir que só vinte e seis son nenos de máis dun ano e cento noventa e oito de menos de tres meses.

Claro que existe un comité cirúrxico de programación, fallaría máis que non o houbera, pero o que si existiu neste servizo e que vostede tentou poñer na moción como se fose un problema hospitalario, foi un problema laboral que vostedes tentaron de instrumentalizar, tentaron convertelo en problema de lista de espera cando o que había era un problema laboral que sempre hai que respectar.

Os cidadáns teñen que esperar a que haxa gobernos socialistas para que haxa investimentos en Vigo. O último hospital que se fixo foi o do Meixoeiro. Houbo que

esperar por outro goberno socialista para que saia adiante un novo hospital do que, como vostedes saben, xa está rematado o plan funcional e no 2009 vaise licitar a obra e iniciar a súa construción.

SRA. MUÑOZ POSSE: Eu estaba facendo memoria, levo uns nove ou dez Plenos e estou moi cansa de que gobernen cara ó pasado. Por favor, miren cara ó futuro, nós ven que mal xa gobernamos pero xa está. Se vostedes están no goberno gobernen, non estean mirando ó que nós fixemos porque o fan na Xunta, en Madrid e en todas partes, parece que non teñen novas ideas para facer cousas sós e semella que teñen que estar toda a vida pendentes do que fixemos nós.

Nestes tres anos e medio a Consellería de Sanidade é un auténtico caos. As listas de espera son as máis longas de toda España, hai un grande atranco en Urgencias. Os medios de comunicación din o 11 de decembro: “A falla de camas mantén o servizo de Urgencias do Xeral colapsado”. O 24 de decembro volven dicir: “Novo colapso en Urgencias do Meixoeiro”. Vostede di que non hai listas de espera, nin colapsos, nin nada e sen embargo os medios falan de peche de centros asistenciais, de peches de camas durante o verán, de cesamento tras cesamento na Consellería de Sanidade... Parece mentira que digan que todo vai ben cando realmente a xente está lendo isto. A xente sabe se está ou non nas listas, porque dous anos para a consulta dun especialista é unha lista de espera e a xente sábeo. Pero o peor non é o dá lista de espera, o problema é a maquillaxe co que están tratando isto, a falla de transparencia, a mala xestión de M<sup>a</sup> José Rubio e o seu equipo con constantes dimisións.

De todos os xeitos estamos a dous meses dunhas eleccións e xa chegará o Partido Popular, que será quen as gañe, a solucionar este gran problema.

Dicía vostede que non creamos ningún hospital, que son vostedes os que van construír un novo hospital, pois eu non o vexo, onde está o novo hospital? Pero si o vexo nesa publicidade que tanto lles gusta, nos papeliños que entregan ós periódicos. No que se gastan os cartos do novo hospital é en papeliños dicindo o ben que funcionan; única e exclusivamente en publicidade.

Din que fixeron tanto, pero por que non crearon no novo hospital de Vigo unha zona de lesionados medulares? Hai setecentos tres lesionados medulares na área de Ourense e Vigo pero vostedes cren que coas trinta camas que hai no Complexo

Hospitalario da Coruña xa abonda, claro que total non son tantos votos. Co servizo de Pediatría pasa o mesmo porque se di vostede que non hai lista neste servizo para operar cando a un cativo o cambian segundo veña ben ou mal, tampouco funcionan así as cousas.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: A sanidade é algo moi serio, sobre todo a sanidade pública tan apreciada por todos os cidadáns e cidadás. Non nego que haxa listas de espera, Sra. Muñoz, pero o que si afirmo rotundamente é que mellorou con este goberno de xeito moi claro e aí están os números aínda que vostede non lles queira facer caso.

Tamén lles quero dicir ós cidadáns que o noso compromiso é seguir mellorando. Dició principio da miña intervención que claro que sabemos que hai lista de espera para unha consulta ou para unha intervención, claro que si, pero moito máis rebaixada que cando vostedes gobernaban e se non está moito mellor é polo caos que nos deixaron vostedes en infraestruturas e en persoal. Vostedes non sacaron oferta pública de emprego e non fixeron ningún investimento en Vigo. Vostede mesmo se contradí cando fala do novo hospital. Nós fixemos o Hospital do Meixoeiro e imos facer o novo hospital. Léase vostede o DOG xa que son tan aficionados a ver esas cousas.

Hoxe os cidadáns saben acceder a internet, afortunadamente está bastante estendido e cada quen pode acceder á súa lista de espera e saber como está. Non hai maquillaxe nin falla de transparencia, cousa que si hai en comunidades onde gobernan vostedes como son Madrid ou a Comunidade Valenciana. En Madrid entra unha persoa en lista de espera cirúrxica cando a atende o anestesista. Todo o trámite anterior non contou. Pero ademais teñen denuncias de que están a privatizar a sanidade pública nesas dúas comunidades. Eses si que son datos obxectivos e tamén o era o que estaban a facer aquí en Galicia cando vostedes privatizaban.

En canto á publicidade, Sra. Muñoz, teño aquí unha páxina enteira do Faro de Vigo onde sae a quinta vicepresidenta da Deputación do Partido Popular, é unha páxina enteira sobre os premios da Deputación de publicidade.

Estaban vostedes a dicir que nós non faciamos o AVE, o novo hospital, nin o auditorio; agora xa están a cuestionar os prazos. Saben, Sra. Muñoz e señores do

PP, que o faremos e ademais en prazo.

SRA. MUÑOZ POSSE: Di que as listas de espera baixan, cousa que non é certa, pero é que fan listas de espera de mulleres, de cativos, de homes..., claro que así as cifras son menores. Se dividimos unha lista de espera en tres ou en catro dá listas de espera menores. Se hai listas de espera específicas e non específicas tamén son menores as listas de espera, é un xeito de reducilas.

Repito que non importa o número da lista de espera, importa que cada persoa sabe que está en lista de espera, sabe perfectamente se leva dous ou tres anos á espera dun especialista. Di vostede que non empezan as listas de espera ata que van ó anestesista, pois a persoa se ten vez para operarse en tres anos e vai o anestesista ó ano e opéranas logo de dous anos a proba de anestesia xa non valería co que habería que repetila. Son desas cousas que non teñen sentido.

Falábame de Madrid, pois alí se construíron cinco hospitais en cinco anos; é unha comunidade gobernada por nós. Vostedes construíron un en Andalucía en vinte e cinco anos.

Repítolle que non se poden agochar os nomes e apelidos da lista de espera porque están aí e os pacientes sábeno. A sanidade galega é a peor e hai corenta e cinco mil persoas máis esperando a unha diagnose ou a unha intervención.

A Xunta quere agochar a súa incompetencia pero iso non cura ós enfermos, non é un problema de se está mellor ou peor, é un problema de saúde e iso é algo moi grave. Galicia estivo seis veces en dous anos sen sangue e claro que iso fai que se alonguen as listas de espera porque se non hai sangue non se opera. Cen mil galegos están en lista de espera na área de Vigo e a espera para cirurxía en Vigo é superior á media de Galicia en 35 días. Non me diga que non hai lista de espera.

Pero como nós imos gañar o día 1 de marzo solucionaremos coma sempre os problemas que vostedes crearon.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, instando a esixir da Xunta de Galicia una mellora das listas de espera e da sanidade pública da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (236).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO O AUMENTO DA PARTIDA ORZAMENTARIA DESTINADA Á CONSTRUCIÓN DA CIDADE DA XUSTIZA, ASÍ COMO A ACELERAR A CREACIÓN DE NOVAS DOTACIÓNS XUDICIAIS NA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"Os anteriores gobernos municipal e autonómico asinaron un protocolo de colaboración para a construción da chamada Cidade da Xustiza, que tiña que estar rematada no ano 2007 e que axudaría a paliar as deficiencias materiais da administración de xustiza en Vigo, e polo tanto da posibilidade de dotar a Vigo de máis e mellores servizos, cun investimento previsto de 4,5 millóns de euros.

A pesar do tempo transcorrido, e que estamos a piques de rematar có ano 2008, non existe nin a primeira pedra da Cidade da Xustiza e Vigo atópase nunha situación desesperada en canto ás dotacións xudiciais. Os dous edificios existentes están ó límite da súa capacidade o que fai imposible albergar novas dotacións xudiciais. Ante esta situación a cidade enfrontase a un colapso nun prazo non superior a dous anos, ó atoparse con centos de procesos sen resolver pola falla de medios humanos e de espazo.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que por parte do Concello de Vigo se inste á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a fin de que se aumente a partida orzamentaria destinada a construción da Cidade da Xustiza e que comecen as obras da devandita cidade con anterioridade ás eleccións autonómicas, así como acelerar a creación de novas dotacións xudiciais para a cidade de Vigo."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de decembro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: A ninguén se lle escapa que a situación da Xustiza en Vigo é bastante lamentable. Os profesionais, procuradores, os propios xuíces, como

a propia Memoria Xudicial de Galicia do ano 2007 falan de que para o ano 2010 asistiremos a un auténtico colapso xudicial. Eu non quero ser agoireiro pero dada a situación de crise na que nos atopamos probablemente ese colapso chegue con anterioridade ó 2010 e nolo atopemos neste ano que comezamos este xoves.

Existe unha absoluta falla de espazo nos xulgados vigueses. Pedíronse novas dotacións xudiciais e das tres pedidas só se nos concedeu unha, un Xulgado de Familia, que non vai poder ter cabida nos propios edificios dos xulgados da rúa Lalín, senón que van ter que alugar un local independente, coas graves consecuencias que iso ten.

Nos Xulgados de Instrución a finais do ano 2007 existían 5.175 casos pendentes, en Primeira Instancia 6.157, en notificacións en embargos, que non deixa de ser hoxe un tema pouco importante, ó remate do ano 2007 había 2.882 casos pendentes e non se crean que é por non resolver porque resolveron 25.776 casos. No Contencioso hai 485 casos pendentes e no Penal, que nos podemos atopar cun “Caso M<sup>a</sup> Luz” en Vigo, Deus non o queira, hai 1.234 Sentenzas sen executar, tema que me parece bastante grave.

O tema da xustiza para un partido de progreso que é o Partido Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, nin ocupa, nin preocupa. Xa se ve dende o mesmo momento en que non existe unha Consellería propia de Xustiza na Xunta de Galicia.

Si temos claro que de non se dotaren a Vigo de infraestruturas xudiciais, como é a Cidade da Xustiza, todos estes temas ós que fixen referencia non van ter solución; fan falla medios materiais e medios humanos pero se non temos onde os meter dificilmente imos poder solucionar o tema.

Por todo o antedito traemos a Pleno esta moción. Coidamos que existe un absoluto deixamento por parte da Xunta de Galicia neste tema. No ano 2005 asinouse un convenio entre o anterior conselleiro de Xustiza e Interior, D. Xesús Palmou, e a daquela alcaldesa da cidade polo que se chegou ó acordo de poñer en funcionamento unha Cidade da Xustiza para Vigo que debería estar rematada no ano 2007, pero estamos case no ano 2009 e aínda ren de ren; seguimos esperando. Estes son os gobernos de progreso que temos na Xunta de Galicia, pero como dixo a miña compañeira, xa queda pouco.

SR. MARIÑO MENDOZA: Fala vostede de evidencias. Pois as evidencias son que o 2

de xuño de 2005 se asinou un protocolo para construír a Cidade da Xustiza e nel, na súa cláusula terceira, fálase da cesión gratuíta e libre de cargas dos terreos para a súa construción. Se eses terreos non estiveron ó dispor da Xunta de Galicia para realizaren esta ampliación da Cidade da Xustiza foi porque vostedes non acadaron aprobar o Plan Xeral. Estiveron divagando, perdendo o tempo e non acadaron aprobar o Plan Xeral que sería o que permitise que eses terreos estiveran a dispor da Xunta para poder construír a Cidade da Xustiza.

Este equipo de goberno co alcalde á cabeza dende que chegou a gobernar na cidade tivo o empeño prioritario de rematar o PXOM de Vigo tan necesario para que todas estas actuacións puideran ser posibles. Agora o PXOM está xa rematado pero non podo estar de acordo coa primeira parte da súa moción porque este solo para a construción da Cidade da Xustiza está dentro dun ámbito a desenvolver dentro do Plan Xeral onde figura como solo urbano non consolidado e as únicas vías para o seu desenvolvemento son que sexan os propietarios os que o desenvolvan, ten un sistema de actuación por compensación onde a iniciativa é pública e o Plan Xeral xa ten a súa ordenación detallada, as outras vías son o alleamento ou a ocupación directa dos terreos. Se vostede coñece a zona saberá que xusto alí existen moitas vivendas e, aínda que está grafiado como un sistema xeral de equipamentos, este solo non se pode obter antes dun ano a partir destas datas malia que estamos traballando mesmo dende antes da aprobación definitiva do Plan Xeral.

Non podemos polo tanto estar de acordo coa primeira parte da súa moción porque é practicamente imposible. Nós non poñemos pedras, nin construímos naqueles solos que non son nosos, non sei se outros o facían pero nós dende logo que non o facemos.

Non pasa o mesmo coa segunda parte da súa moción na que propoñen que se acelere a creación de novas dotacións xudiciais para a cidade de Vigo. Nisto estamos de acordo.

Se vostedes están de acordo en votar por separado as dúas partes da moción, votaremos a favor da segunda parte.

SR. CONDE GIL: Non imos separar a moción, esta vai en conxunto e imos pedir a votación da súa totalidade.

Eu pensei que estabamos falando da Cidade da Xustiza e volvemos traer a Pleno

outra volta o tema do PXOM que, por certo, hoxe hai un ano dende a aprobación plenaria e aínda seguimos sen os terreos.

De todos os xeitos non bote a culpa ó goberno do Partido Popular, Sr. Mariño, porque, parafraseando ó Sr. López Font cando o outro día chamou ó meu compañeiro, Sr. Figueroa futurólogo, para futurólogo neste Concello dende logo que o Sr. Alcalde non ten prezo á hora de poñer prazos que se van incumprindo un tras outro. O outro día o Sr. Alcalde xunto co Sr. Méndez Romeu dicía, segundo sinala a prensa, que a Cidade da Xustiza se desbloquearía e textualmente: “Unha das grandes demandas desta cidade, salientou Caballero. O rexedor local garantiu ó conselleiro da Presidencia que os terreos para a construción da Cidade da Xustiza, previo alleamento das parcelas afectadas, estarán ó dispor da Xunta de Galicia antes de que remate este ano”. Isto é do 8 de abril de 2008. Non sei quen é mellor futurólogo aquí, Sr. López Font, porque o ano remata pasado mañá e coido que un alleamento en dous días vai ser un pouco complicada.

Pero este non é só un tema de alleamento, Sr. Mariño, é un tema de vontade política por parte da Xunta de Galicia que neste tempo non a tivo porque aí están os datos.

No ano 2006 a Xunta de Galicia presentou uns orzamentos nos que para a construción da torre da xustiza de Vigo fixa a cantidade de 504.547 euros. Como previsión para o ano 2007 fixa 1.200.000 euros e para o ano 2008, 3.000.000 euros. Nestes momentos sábese que con estas previsións orzamentarias non pasou ren de ren.

Non está agora o Sr. Rodríguez Díaz pero supoño que escoita dende fóra que a Xunta de Galicia gobernada polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego non fixo absolutamente nada por esta cidade, non fixo nin hospital, nin Cidade da Xustiza, nin ren de ren. Enriba o Sr. Touriño ten a desvergoña de vir aquí o sábado pasado a pasear polo Calvario co Sr. Alcalde e con algúns de vostedes dicindo que no ano 2009 se van desbloquear os grandes proxectos para esta cidade.

Están tomándonos o pelo? A cidadanía non é parva. Hai eleccións o 1 de marzo e ven dicir que se van desbloquear no ano 2009. Insisto en que isto é unha tomadura de pelo.

Voulle dar datos. Dicía que no ano 2006 había un investimento previsto de 504.547



euros e o investimento executado foi de cero para a torre da xustiza de Vigo e o investimento non executado loxicamente foron estes 504.547 euros. Isto non é algo que inventara eu, senón que a propia Xunta nunha resposta no Parlamento recoñece que houbo modificacións interproxectos con destino á aplicación orzamentaria dun xulgado de Negreira por importe de 161.994,55 euros. É dicir, non só non invisten en Vigo, senón que os cartos que estaban destinados para investimentos en Vigo vanse a un xulgado de Negreira, curiosamente á provincia da Coruña.

Podemos seguir avanzando e falar do ano 2007. O investimento previsto nos Orzamentos do ano 2007 para a torre da xustiza era de 650.000 euros. Xa baixamos as cantidades porque non sei se lembra que lle dixen ó principio que para o ano 2007 tiñan previstos 1.200.000 euros; xa o deixan case á metade. Pero é que deses 650.000 euros gastan 211.652,87 euros e deixan sen executar, en contra dos intereses da cidade de Vigo, 438.347,13 euros. Eses 211.652,87 euros gastáronos nos premios do concurso desa maqueta que estivo exposta durante non sei canto tempo nas dependencias da Xunta de Galicia na rúa Areal e que é un sinxelo bosquexo porque dende logo que non está saíndo adiante. Pero é que desa partida tamén destinaron 55.600 euros ás obras dun xulgado do Barco de Valdeorras.

A que estamos a xogar? Hai uns investimentos para Vigo, logo os destinan a outros sitios, non teñen previsións. Coma sempre están xogando cos intereses de Vigo.

Non sei se lembran que no ano 2008, debía ser porque xa contaban coa proximidade das eleccións e xa a Xunta de Galicia “tirou a casa pola fiestra”, tiñan unha previsión de investimento orzamentario de 3.000.000 euros. Pois resulta que no Orzamento do ano 2008 o investimento previsto foi de 200.000 euros. Pasamos de 3.000.000 a 200.000 euros. Pero unha vez máis o máis grave é que só se gastaron 3.200 euros e deixáronse sen executar 196.800 euros e eses 3.200 euros, segundo resposta parlamentaria, se corresponden a unha dotación artística que está prevista na lei e non queda máis remedio que facer.

Se este é o esforzo que fixo a Xunta de Galicia por Vigo, Sr. Rodríguez Díaz, que veña Deus e o vexa porque o único que fixeron nestes anos foi tomarnos o pelo ós vigueses e ás viguesas, neste tema e noutros, no hospital, na Cidade da Xustiza e en moitos outros. Que non veña pois o Sr. Touriño a dous meses das eleccións a contarnos cousas que non cre xa nin el.

SR. MARIÑO MENDOZA: Deixar claro que cando vostede fala dun ano non sei a que se refire porque podería falar da data do Consello da Xerencia en que se aprobou, cando fixemos un anuncio ou unha tramitación, pero o que está claro é que o Plan Xeral está aprobado e en vigor dende despois do verán e polo tanto non sei dende onde conta vostede os prazos porque non son certos.

O que si é certo é que en abril tiñamos a esperanza de poder obter eses terreos antes que rematase o ano. A tramitación é longa e nós cumprimos co noso obxectivo de facer o incremento da vivenda de protección e de rematar o Plan Xeral antes do 31 de decembro. Nós si cumprimos cos nosos obxectivos, si acadamos que o AVE entrase soterrado a esta cidade, si acadamos desbloquear o proxecto do auditorio, desbloquear o proxecto do hospital e dende logo temos xa Plan Xeral.

En partidas orzamentarias poderíamos ter 40 millóns para facer a Cidade da Xustiza pero se non temos o solo que é o que di unha das cláusulas, a principal, que obriga a ceder gratuitamente e libre de cargas ese solo á Xunta de Galicia, é completamente imposible executar ningunha partida orzamentaria máis aló do concurso que xa se realizou e ese atraso ven porque vostedes non foron quen de rematar un plan xeral. Vostede fálame de partidas orzamentarias, do que se gastou, é igual, como se chega haberen 40 millóns nesa partida, se o solo non existe non se pode construír a Cidade da Xustiza.

Pero que na súa moción poña que se inicien as obras antes das próximas eleccións de marzo... Vostede fala de videncias, eu non quero pensar que significa isto, quere que cheguemos alí e coloquemos unha pedra? Que nos está pedindo con esa parte da súa moción?

Se queren manter a moción no seu conxunto paréceme moi ben e respéctoo pero este goberno e o da Xunta cumpriron con esta cidade, están cumprindo os obxectivos e dende logo están desbloqueando proxectos que levaban moitos anos parados nesta cidade e Vigo contará cun xulgado do mercantil nos vindeiros meses e vostede así o verá.

SR. CONDE GIL: Nisto último errou, Sr. Mariño, non quería falar deste xulgado e non contamos con el porque a Xunta de Galicia e o goberno central non queren que

teñamos xulgado do mercantil. Maximo que ó que se refería é a unha oficina delegada do Rexistro Mercantil, supoño que será iso que, por certo, tamén poñemos en dúbida que vaia estar aberta cando sinala o Sr. Alcalde por canto xa é a segunda vez que fai a mesma mención, xa que primeiro dicía que ía estar ó remate do verán e agora que antes do mes de marzo. Sexa o que sexa xa non cremos nada.

Unha vez máis estamos diante de intencións e proxectos, pero eu lle podo consentir que a min me considere parvo, pero que considere parvos ós cidadáns e cidadás de Vigo a verdade é que dende este grupo non o imos consentir. Creo que os datos que lle din son demoledores. Os investimentos da Xunta en materia da torre da xustiza en Vigo foron practicamente nulas, o proxecto e 3.200 euros que marcaba a lei e pouco máis; o resto destinouse a outros xulgados ou quedou na caixa sen executar e sen facer ren.

Leo novamente unhas declaracións nos xornais do Sr. Caballero: “Desbloquearase unha das grandes demandas desta cidade. O rexedor local garantiulle ó conselleiro da Presidencia que os terreos para a construción da Cidade da Xustiza, previa expropiación das parcelas afectadas, estarán ó dispor da Xunta de Galicia antes de que remate este ano”. O ano remata pasado mañá e non hai nada, o único certo é que se prometeu esta Cidade da Xustiza hai anos, que o propio Sr. Méndez Romeu sinalábao como un proxecto de execución inmediata e que non existiu tal.

Se vostedes sempre queren botarlle a culpa de todo o que pasa neste mundo ó Partido Popular alá vostedes, pero entendemos que neste caso o Partido Popular non tivo nada que ver, máis que nada porque se non se aprobou no anterior mandato o Plan Xeral foi pola propia irresponsabilidade do Partido Socialista que era o único colectivo que se opoñía ó mesmo. Vexan vostedes agora a cantidade de recursos que cada día se ven nos xornais e que se anunciaron contra o propio Plan Xeral.

De todos os xeitos tamén o outro día o Sr. López Font falaba dos premios “Óscar” que lle quería dar ó meu compañeiro, Sr. Figueroa, pero eu coído que nesta cidade o único que é merecedor dun “Óscar” é o Sr. Alcalde, o “Óscar” á mellor maquillaxe porque rascas e debaixo non existe absolutamente nada. Debe ser un mal estendido ó Partido Socialista porque semella que teñen moi boas intencións pero nada máis porque non hai novo hospital, nin auditorio, a Cidade do Mar debe estar

afundida polo mar, da Cidade da Xustiza xa estamos a falar, da ampliación de Rande non sei onde está. Tamén falan do AVE e esta mañá fun sacar o billete, Sr. Mariño, a ver se facemos unha viaxe xuntos, xa vin o soterramento e está quedando perfecto. Poderíamos falar da autovía do Porriño, do metro..., de moitos temas que non veñen ó caso.

O que si ven ó caso é que a situación da xustiza en Vigo é moi deficiente e cada día máis. É triste ler na prensa como algún bo xuíz, como o era o xuíz do Xulgado de Primeira Instancia Número 12 que estaba especializado en Familia, ten que dicir que deixa ese Xulgado canso porque está sen medios e abandonado á súa sorte. Isto é realmente triste porque vai en prexuízo dos cidadáns e cidadás desta cidade e aí deberían estar con nós.

Se non queren votar a moción é a súa responsabilidade, pero tamén estou de acordo coa miña compañeira en que xa nos encargaremos nós de sacar adiante este proxecto e outros moitos que fan falla para a cidade.

SR. LÓPEZ FONT: Pido a votación separada.

A PRESIDENCIA: Os propoñentes xa anunciaron que non aceptan votación separada.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil,

instando á Consellería da Presidencia e Administracións Públicas a aumentar a partida orzamentaria destinada á construción da Cidade da Xustiza, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

#### 14.- (237).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A APLICACIÓN DA ORDENANZA DE CARGA E DESCARGA.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"O pasado 26 de maio aprobouse en sesión plenaria a nova ordenanza de carga e descarga que, ademais de regular o tráfico de mercadorías na cidade, estipula en que condicións se restrinxe o paso de vehículos de máis de 10 toneladas polo núcleo urbano.

Despois de seis meses comprobamos *in situ* que a normativa aprobada non se está a cumprir. Segue a ser habitual atoparnos con camións de gran tonelaxe descargando mercadorías nos centros de comercio, circulando por rúas importantes e orixinando colapsos e situacións surrealistas no centro da cidade.

A todo isto temos que engadir o estacionamento de camións día e noite en rúas onde teñen prohibido estacionar, o que ademais de ser irregular provoca que os poucos estacionamentos liberados para os residentes das zonas que denunciámos se atopen ocupados por estes vehículos de gran tonelaxe.

Nós entendemos que non se pode permitir que se incumpra a ordenanza, consentindo os feitos que denunciámos e que o concelleiro de Tráfico non faga nada porque non sexa así. O seu compromiso de eliminar este tipo de tráfico, que debería ter beneficios sobre o ruído a contaminación e a seguridade vial, volve ser un novo anuncio publicitario; a xestión non existe.

Por todo isto o grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a aplicar a ordenanza de carga e descarga que non se está a cumprir polo que respecta ó tráfico pesado."

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 22 de decembro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: O día 26 de maio aprobamos a ordenanza de carga e

descarga que facultaba ó goberno desta cidade á mellora do tráfico en xeral e sobre todo a que os tráfico pesados se temperaran ó que debe ser a xestión dunha cidade moderna que está na vangarda no noroeste de España.

Pasados aproximadamente uns seis meses dende aquelas datas observei e constatee, porque tiven a fortuna do poder facer persoalmente e de facer algunha incursión polas rúas de Vigo con algún compañeiro do andar oitavo, que estamos nunha situación coido que parecida ou similar, é dicir, os tráfico pesados de máis de dez toneladas están polo centro da cidade e refírome á rúa Coruña, cando hai rutas alternativas para que eses tráfico se desvíen, tamén Martínez Garrido, Sanjurjo Badía, etc. Iso é preocupante porque se nos falaba dunha mellora nos niveis de contaminación, tanto química como acústica.

Iso non é tolerable. A Policía hoxe ten unha ferramenta importante para facer cumprir as normas. Eu vexo con preocupación o cumprimento e o compromiso de que os tráfico pesados deixarían de circular polas nosas rúas e polos nosos contornos porque se segue a facer acotío.

Dou por rematada esta miña primeira intervención xa que sinxelamente quería cinguirme ó texto da miña moción.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Está presentando unha moción sobre algo que vostede en tres anos e medio non foi quen nin sequera de abordar.

Así sería practicamente en todo pero digo isto neste tema porque estou asombrado de que o presente neses termos sen máis datos que os dun paseo en moto. A verdade é que cando me falaron do paseo en moto do Sr. Coello pensei de seguido en “Vacacións en Roma”, en Gregory Peck, reflectíuseme esa imaxe porque o éxito das medidas postas en marcha con esta nova ordenanza no tema concreto de tráfico pesado é moi importante, supera as expectativas propostas para tres anos e medio de goberno e por iso imos votar que non a esta moción.

Vostede sabe máis ou menos a cantidade de vehículos pesados que entran no núcleo urbano de Vigo ó día, ó redor de 6.900, e pódese estimar que un 80% poidan ser de masa máxima superior a 10 toneladas, é dicir, 5.600 vehículos que entraban no ano 2006 no casco urbano de Vigo. Como sabe vostede, este Pleno e todos os medios de comunicación, as expectativas eran diminuír nun 50% ese tráfico pesado na cidade porque non se pode reducir ó 100% por necesidades

obvias que ó mellor vostede esquece; as expectativas eran retirar 2.800 vehículos de masa máxima superior a 10 toneladas.

Practicamente retiramos do casco urbano da cidade preto de 4.000 vehículos. Isto quere dicir que nuns meses de aplicación desta ordenanza xa superamos amplamente a previsión que tiñamos de retirar 2.800 vehículos en tres anos e medio; retiramos ó redor de 4.000 vehículos que superan esa masa superior de 10 toneladas.

Quizais vostede esquece que ademais dos itinerarios alternativos para o abastecemento das principais áreas industriais e comerciais da cidade, esta cidade é complexa, tan moitos núcleos industriais, diría que fábricas independentes de determinados polígonos e centros comerciais para os que é imprescindible tomar medidas. Dá a impresión de que vostede non entendeu que cando é imprescindible dánse pola Policía Local autorizacións especiais.

Esa é a situación polo menos, fíxese vostede, de tres das rúas que nomeou porque, en efecto, a Policía Local ten un gran número de autorizacións de solicitudes para cubrir determinados percorridos que supoño que vostede non quererá que desaparezan da cidade, supoño que quererá que os portos pesqueiro e comercial funcionen axeitadamente, que lle parecerá imprescindible que funcionen as factorías frigoríficas da zona de Beiramar, avenida de Galicia, Chapela, Jacinto Benavente, Tomás Alonso, onde temos importantes fábricas como as conserveiras Albo, Cerqueira e Alfacame, etc. Podería nomearlle moitas pero ese itinerario forma parte dun dos que ten máis solicitudes de autorizacións especiais. Non quererá vostedes que afogemos esa posibilidade e que non poidan ir por Sanjurjo Badía, a todas as factorías frigoríficas que dependen de forma inescusable desa ruta, por exemplo.

Pero o segundo gran grupo de autorizacións especiais abrangue rúas como avenida de Madrid, Arquitecto Palacios, Circunvalación, Gregorio Espino, Martínez Garrido (que vostede tamén nomeou), avenida de Castrelos, Portanet e Florida onde obviamente temos, ademais da factoría Citroën, o mercado de froitas de Miraflores, os concesionarios de vehículos na avenida de Madrid, etc. Poderíalle relatar amplamente máis centros que precisan inescusablemente esas autorizacións especiais agás que vostede queira afogar o funcionamento industrial e comercial da nosa cidade.

O terceiro grupo importante de autorizacións especiais cubre fundamentalmente empresas de construción, centro comercial Travesía, etc., aínda que non quero incidir máis porque sería entrar en moito detalle.

Logo está o sector da construción ó que supoño que non quererá vostede afogar, nin á gran parte das grandes obras civís que temos nestes momentos na cidade que por certo, esas empresas cumpren estritamente a ordenanza de carga e descarga porque mesmo as entradas e saídas de maquinaria de grandes dimensións fanse a partir das dez da noite, cousa permitida pola ordenanza aínda que mesmo non é necesario consideralas transporte especial porque non superan as medidas. Supoño que non quererá impedir que se realicen obras de construción no casco urbano da cidade.

Logo está o sector da alimentación: supermercados e grandes almacéns que tamén en ocasións necesitan autorizacións especiais.

Para a súa información direille que un 35% das autorizacións especiais atenden ós servizos portuarios, un 30% á construción, ó sector industrial o 25% e a outros un 10%. Deste resume feito polo oficial da Policía Local encargado de dar as autorizacións especiais voulle ler o último parágrafo onde di que: "Como resume entendemos que á vista dos datos, a concienciación por parte das empresas é moi alta..., existindo unha total colaboración por parte das mesmas con esta Xefatura con respecto a solucionar os problemas de itinerario que menos poidan afectar á súa normal actividade".

É dicir, dáme a impresión que vostede esquece que está previsto este mecanismo de autorizacións especiais, que gracias a el e á colaboración das empresas de transporte coas que consensuamos amplamente esta importante parte da ordenanza de carga e descarga, acadamos unha diminución de aproximadamente 5.600 a 1.600 vehículos pesados que poidan circular no interior da cidade.

Tampouco lle poño casos como é a importante actividade cultural de Caixanova porque supoño que entenderá que teñen que entrar os camións para que poidamos gozar dos concertos e das representacións teatrais. Supoño que todo iso o tería en consideración cando sacou esas fotos na súa moto.

Dicirille que cando lles pedín a todos os técnicos, incluída a Policía, que me fixeran a valoración obxectiva de como está funcionando a ordenanza de carga e descarga e o transporte pesado en concreto, quedei absolutamente sorprendido do bo



resultado. Tamén sei que cando entra un camión despistado que ven de Alemaña ou de onde sexa cun barco detrás, obviamente é primeira páxina dos xornais. É obvio cando sucede algo excepcional que por iso é noticia e é cando sae nos xornais amplamente. Isto quere dicir que en efecto é algo excepcional e, por certo, coido que non se lle puxo multa porque foi un despiste e porque tamén son consciente doutra cousa na que si lle tería que dar a razón: da lentitude do Ministerio de Fomento á hora de poñer en marcha toda a modificación dos accesos a Vigo, fundamentalmente o da autovía que xa tiña previsto e ademais o vimos perfectamente nese plan para cambiar todos os sinais, pero os prazos cos que funciona o Ministerio non son os mesmos que os do Concello e por iso aí si temos aínda algún mediano problema que en todo caso tentaremos mellorar tomando as medidas alternativas que poidamos dende o noso Concello.

SR. COELLO BUFILL: O Sr. Calviño sempre emprega uns retrousos cando interveño eu ou outros compañeiros; sempre di a palabra “asómbrame”. Sr. Calviño, o seu é un departamento difícil pero semella que vostede vai morrer de éxito, ponse vostede só as medallas.

Eu non tento confundir, non saquei aquí ningunha foto, tampouco dixen o do veleiro que o dixo vostede. Semella que agora vai ó remolque dos acontecementos. Logo desa conferencia de prensa parece que vostede ten datos, porque daquela non os tiña. Ou non lle importa esta cidade, ou ó cabo de seis meses vostede tería que ter datos cando eu din unha conferencia de prensa e logo vostede saíu de inmediato para contrarrestar e contraprogramar, cousa na que é vostede moi hábil. Eu acúsolle a vostede de non traballar e dígollo persoalmente, non traballar con cariño dándolle o que lle hai que dar a este Concello; vostede sabe que non o fai con motivación e con cariño, Sr. Calviño, e dígollo así ó Sr. Alcalde. Vostede maxina se o Sr. Rubalcaba non estivera dedicado en corpo e alma ó Ministerio do Interior? Maxina ó Subdelegado do Goberno, D. Delfín Álvarez, se non estivera dedicado os 365 días do ano ó seu labor? Vostede ten preto de catrocentos policía e cento e pico bombeiros ó seu cargo. Este é un dato moi importante porque coido que por iso se precisa un esforzo, un plus engadido, precísase estar permanentemente moi preto do alcalde e coido que vostede o está pero hai determinadas maneiras.

Vostede le que: “O Concello asegura que o tráfico se reduciu á metade malia

medilo a ollo". Eu non digo iso. Admitiu que non existen medicións e que polo tanto as estimacións fanse a ollo. Isto díxoo vostede o día 4 de decembro. Agora ten datos pero admitiu que as estimacións se fan a ollo e coido que un departamento tan importante con estatísticas, que non me cabe dúbida que as ten e vostede díxomo, debería telas vostede no seu momento.

Non tente confundir porque eu non falei de permisos especiais. Sei o que significa Citroën ou os polígonos industriais, estamos totalmente de acordo neses permisos especiais. Sei dos permisos especiais que se dan nos grandes almacéns para que os camións entren pola noitiña e fagan a carga e descarga. Non se trata nin moito menos de afogar esa actividade comercial. Evidentemente sei o que significa a construción pero dá a casualidade que os camións que eu mirei, e pódolle remitir as fotos, non eran dos que se dedican á construción, sinxelamente eran tráilers que estaban circulando por vías non autorizadas.

Vostede falou dos permisos especiais e do pacto de hai un ano entre vostede e a patronal do transporte cunha "*vacatio legis*" ou unha "non sanción", ao comezo do ano pasado cando se puxeron os sinais sen ter aínda aprobada a ordenanza, aquilo produciu moitas dúbidas e así o dixeron os sindicatos policiais. Tiñamos sinais pero vostede xa sabe que non son informativas, son para cumprir ou non. Aquilo produciu dalgún xeito unha sensación de impunidade que se trasladou ós días actuais e que non se soubo reconducir e por iso nós mantemos esta moción nese sentido.

Pídolle desculpas pero é a miña percepción persoal. Eu coido que unha área tan importante como é a de Mobilidade e Seguridade merece seren atendida mañá, tarde e noite, os trescentos sesenta e cinco días ó ano.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Sorpréndeme novamente que me poña vostede tantas medallas porque se para colmo di que non ve cariño, nin motivación no meu traballo, quizais porque manteño a miña docencia na Universidade, quere dicir que se no meu departamento fósemos quen, e emprego o plural porque non só son eu senón todo un extraordinario equipo que vostedes se encargaron de diminuír nun determinado momento, de facer todo o que fixemos que nun ano supón dez veces máis do que fixo vostede en tres anos e medio con dedicación total e exclusiva, estame poñendo vostede moitas medallas.

Ademais a diferenza con vostede que nos di que sufriu enormemente durante os tres anos e medio nesta Concellería tan problemática, dígolle que eu non sufro, estar na política sufrindo é moi triste, eu gozo porque estou convencido de que estou acadando logros e por iso me encanta o meu traballo. Se vostede cre que dedicarme á Universidade supón restar motivación e cariño ó traballo erra rotundamente porque lle dedico todo o que é realmente posible na miña situación. O curioso é que neste Concello se manteña a tradición de que o número de exclusivas do goberno case é o mesmo que o da oposición; é asombroso pero é a situación e dígo porque viu o meu voceiro dicindo que o alcalde ía propoñer unha exclusiva nova para o concelleiro de Seguridade, Mobilidade e Transporte. Igual acada vostede que deixe a Universidade, vanse levar un grande desgusto compañeiros meus da Universidade pero ó mellor vostedes o acadan. Pero todo iso non quere dicir que non lle dedique o tempo que esta concellería realmente necesita porque os éxitos están aí.

Lamento profundamente que semellara que contraprogramara a súa conferencia de prensa, pero os medios saben ben que eu tiña previsto saír falar tanto do transporte pesado para analizar a ordenanza de carga e descarga, como o tema dos atropelos que vostede, aproveitando a casualidade de que houbera tres ou catro xuntos tamén saíu ós medios con ese tema. Eu tiña previsto facelo con anterioridade pero non foi posible. Non houbo contraprogramación, non se preocupe porque o que hai é traballo que de cando en vez se expón ós medios de comunicación porque moito non sae.

Respecto do tema que vostede presenta asegúrolle que non dubido que algúns dos camións que vostede mirou nesa viaxe en moto non tivera autorización, pero dende a moto non se ve o parabrisas dianteiro para ver se tiñan ou non autorización. Non sei se vostede cre que é necesario pechar esa posibilidade de autorizacións especiais para atender non só á construción, senón moitos dos sitios que eu lle dixen.

Como os números son confusos logo, se vostede quere, utilizamos as mesmas medidas, aforamentos e as mesmas estatísticas para facer a cifra inicial de 5.600 vehículos que circulaban no 2006 e primeiros do 2007, para chegar á conclusión de que hoxe xa temos 4.000 menos. Utilizamos exactamente os mesmos datos que vostede sabe que non son absolutamente precisos, pero si lle podo asegurar que

utilizamos os mesmos aforamentos, as mesmas estatísticas e medios para chegar a unha ou outra cantidade, o que indica que realmente hai un grande éxito nestas medidas que entre outras cousas supoñen o aumento do benestar e da seguridade vial dos cidadáns de Vigo, supón unha diminución importante de contaminación atmosférica, en definitiva supón unha cidade mellor.

SR. COELLO BUFILL: Eu non falei de exclusivas, non presentei así o tema. Vostede terá algo que dicir sobre as múltiples asistencia técnicas que contratou e digo que son múltiples e vostede sábeo.

Foi vostede quen dixo que parece ser que nós diminuímos o persoal no departamento. Iso non é certo. Vostede hai case un ano trouxo por un procedemento de urxencia a este Pleno o traslado dun funcionario que estaba noutro departamento para o seu e, como nesta Casa se sabe todo, pódolle dicir que ese funcionario estivo sen mesa e sen ordenador ata hai moi pouco tempo. Ademais é vostede quen suprimiu unha xefatura de grao medio no departamento. Nós non modificamos a estrutura orgánica do departamento, vostede si que eliminou unha xefatura e é máis, a min si que me asombra, empregando os seus termos, que realmente unha cidade de 300.000 habitantes, cun contorno de 500.000, non teña nestes momentos ningún persoal coa capacitación suficiente, que só haxa neste Concello dous funcionarios, ós que vostede coñece e eu evidentemente non os vou nomear, que só teñan un Máster en Mobilidade pola Universidade Politécnica de Barcelona e ademais dá a casualidade que ningún está no departamento.

Vostede sempre di que eu aproveito, que vostede xa tiña pensado falar do mesmo tema, pero eu tamén estou aquí para traballar, déixeme traballar democraticamente. Parece que a vostede lle molesta o control que democraticamente se ten que facer dende os nosos bancos; haino que facer porque senón a oposición vaise para casa, teñan en conta o que dixo a miña compañeira sobre que deixen de mirar ó pasado. Vostede leva gobernando case tres anos, ten dous orzamentos, utilíceos.

Eu non lle falo dos pasos con resalte, nin dos vehículos “multa móbil” que vostede dobrou, dos radares, nin dos convenios que asinou a daquela alcaldesa en moi pouco tempo. Fixemos o que non está escrito na historia do Partido Popular en Vigo

en pouco tempo. Deixe de mirar ó pasado e constrúa que ten moito que facer.  
Sr. Calviño, sabe que o aprecio. Felicítolle o Nadal e o Ano Novo.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, instando ó goberno municipal a aplicar a ordenanza de carga e descarga, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

#### 15.- (238).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO O REFORZO DA SINALIZACIÓN ACTUAL DOS PASOS DE PEÓNS.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"Nos últimos meses estamos a sufrir o incremento de accidentes que se producen na cidade nos pasos de peóns. Os últimos datos falan de máis de 200 atropelos no que vai de ano. En Vigo nas pasadas semanas 22 e a maioría deles en zonas sinalizadas horizontalmente.

Tamén somos coñecedores das medidas que acaba de adoptar o departamento de Tráfico de pintar no chan nas proximidades dos pasos de peóns o sinal vertical que advirte do perigo dun paso sinalizado para persoas.

A sensibilidade con este tipo de accidentes preocúpanos moito e nos leva a demandar todas as medidas posibles que se poidan adoptar na procura de ofrecer

ós cidadáns unha maior seguridade nos contornos de risco.

Despois de documentarnos sobre as alternativas que están a adoptar outros concellos, pensamos que na nosa cidade se podería instalar nas proximidades dos pasos de peóns, un sistema de sinalización vertical con iluminación fixa ou destellante, que cun sistema de díodos LED resultaría de moita axuda aos condutores, advertíndolles de risco ao atoparse próximo a un cruzamento de persoas.

Entendemos tamén que a aplicación que propoñemos debería facerse de maneira paulatina iniciándose a súa instalación nas rúas, avenidas, cruzamentos ou contornos onde a incidencia de accidentes por atropelo sexa maior.

Calquera esforzo por garantir a seguridade dos peóns contará sempre coa nosa aprobación.

Por todo isto o Grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a reforzar a sinalización actual dos pasos de peóns con todos os medios posibles, entre outros, instalar sinalización vertical luminosa que advirta do risco do paso de persoas."

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 22 de decembro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Sen oportunismo político e si con labor de oposición democrática, parécenos grave que nos últimos tempos se incrementaron os atropelos en determinadas zonas da cidade con o sen pasos con semáforo, fundamentalmente con pasos de peóns.

Todos sabemos que esta é unha cidade complicada fundamentalmente pola súa orografía, é a cidade máis bonita de Galicia pero ten complicacións orográficas que dalgún xeito temos que resolver con imaxinación e tamén poñendo máis vontade. Con esa vontade traemos esta moción.

Sei que vostedes recentemente e nas proximidades deste Concello pintaron un sinal horizontal que tamén é un xeito de calmar ou tranquilizar o tráfico. Haberá técnicos que defendan ese sinal e outros que sexan un pouco ou totalmente contrarios a ela, pero ten o pequeno defecto de que cando hai unha caravana non se ve porque os propios vehículos a agochan, queda ensombrecida por estar no asfalto.

Agora que quedaron tan bonitas as escaleiras que eran da Praza de Portugal que

nós trouxemos pero de telas inaugurado coa daquela alcaldesa, seguro que algúns detalles que botamos en falla se resolverían doutro xeito. Aí propuxemos unha rotonda que xestionara precisamente esa confluencia de rúas que é moi conflitiva. Estes días producíronse atropelos en determinadas zonas da cidade e para evitaren isto traemos unha medida técnica que se dá noutras cidades onde se colocaron sinais luminosos verticais tipo *leds*.

Estaban previstos sesenta e tantos pasos elevados, agora son corenta e tantos, ogallá os vexamos, semella que xa están planificados nalgunhas rúas pero os terá que traballar.

Instamos aquí a instalar de xeito progresivo en determinadas zonas uns sinais verticais para as facer máis seguras para os peóns.

Esta moción tráese con ánimo construtivo e di o seguinte: “Instar ó goberno municipal a reforzar os sinais actuais dos pasos de peóns con todos os medios posibles, entre outros, instalar sinais verticais luminosos que advirtan do risco do paso de persoas”.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A verdade é que cando o escoito con frecuencia se me ocorre aplicarlle aquilo que di o cómico vigués, Moncho Borrajo, que o aplicaba a un personaxe moi coñecido en Galicia de que “vostede é moi riquiño, pero...” A verdade é que eu non chego entender o seu sentido do humor pero saiba que tamén conta con todo o meu cariño. Os que vivimos nesta área tamén sabemos de que vai o asunto.

Coa súa moción aproveita en efecto que houbo varios días nos que houbo un número algo maior de atropelos do que é habitual, casualidades contra as que obviamente tamén hai que loitar.

As estatísticas sérvenme tamén a min para comparar a xestión dun ano e pico deste goberno cos anos anteriores, malia que digan que é un retrouso. Un retrouso imprescindible porque ás veces o que resulta asombroso é que vostedes presenten mocións pedindo de todo cando vostedes en tres anos e medio de goberno non fixeron nada do que lle piden a este goberno nos primeiros meses. Poño como exemplo as medidas de seguridade contra os atropelos porque que fixeran un paso con resalte na avenida de Frago saía cada tres meses nos xornais, pero iso foi todo o que fixeron. Tamén puxeron *leds* nos semáforos da Praza de América e

tamén saía todos os días nos xornais.

Adiántolle que xa o Ministerio nos permite ter novas luminarias por sistema *leds* en todos os semáforos de Vigo, non sei neste momento a cantidade exacta. Esa é a diferenza, vostede puxo catro ou cinco no contorno da Praza de América e este goberno vai poñer todos os semáforos da cidade con *leds* porque xa está así concedido polo Ministerio e marcaremos de seguido o prazo da súa incorporación a todos os pasos semaforicos.

Falando de accidentes baixamos en número no ano 2008 sobre o 2007 un 19%, de accidentes con danos baixamos nun 25%, en falecidos quedamos igual, 6 no ano 2007 e 6 no 2008 e espero que non se estrague a estatística no tempo que queda; en feridos graves diminuímos un 35%. Estes son datos comparativos dunha xestión.

Pero se falamos de atropelos é certo que en outubro houbo 24, en novembro 24, pero é que en abril houbo 27 e en principio non nos estragaron a estatística. Si que hai casualidades de varios días que ó mellor hai un número de atropelos maior e créase a sensación de que falla a seguridade, o que é bastante falso, así que imos falar de números. No 2005 houbo 282, no 2006 265, no 2007, no que polo menos a metade lle corresponde a este goberno, baixamos a 226, o maior salto á baixa en número de atropelos nesta cidade e, por certo, nestes momentos estamos en 214 sen contar decembro, é moi difícil que nos manteñamos por debaixo dos 226, estou absolutamente convencido, pero non se estragará a estatística. Se falamos de mortos deses anos no 2005 houbo 7, no 2006 4, no 2007 2 e de momento 1; non vai mal. Se falamos de vítimas no 2008 houbo 299, no 2006 276 e o maior salto, no 2007 houbo 239; sen contar decembro estamos en 228.

Coido que estamos aplicando medidas que vostede sabe que foron moitas e intensas das que vostedes non foron quen, como por exemplo a de aplicar o carné por puntos e lembro que se negaran neste Pleno da Corporación exclusivamente a aplicar a lei.

Si que imos tomar moitas medidas, xa as estamos tomando e á parte de que nas melloras de sinais cara ó futuro son enormes porque incorporamos ó prego de condicións melloras substanciais sobre todo polo que se refire á capacidade visual de todos os sinais, xa nestes momentos debemos estar case polas cincuentas bandas reductoras de velocidade fundamentalmente nos contornos dos colexios e



de pasos de peóns e a curto prazo imos colocar sesenta e tantas porque xa ampliamos a lista. Tamén imos aplicar outras medidas que teñen que ver co alumado aínda que se dá algo bastante asombroso: que estudando a estatística de atropelos, vendo as rúas onde se producen e mesmo aí temos que distinguir entre quendas de día, de mañá e de tarde e de noite porque a estatística se fai por quendas de traballo, hai que sumar as dúas quendas de día e a quenda da noite, o número de atropelos é fundamentalmente de día aínda que o perigo é un pouco maior pola noite aínda que hai menos circulación.

En todo caso dicir que tiñamos anunciadas xa as medidas antes de que vostedes saíran nos medios de comunicación porque se está gobernando todos os días aínda que non se comunique.

Temos previsto mellorar o alumado pero non como vostede en principio propón que non é absolutamente rexeitable pero fundamentalmente o que temos que acadar é que haxa un moi bo alumado nos pasos de peóns que os permita distinguir respecto do resto da rúa. Por aí estamos traballando e ademais é o camiño axeitado porque o 19 de novembro saíu no BOE un Real decreto polo que regulamentan as instalacións en alumado exterior e vai na dirección que nós presentamos, en mellorar ese alumado en pasos sen semáforos, aumenta o número de lux necesarios e mesmo lle adianto que a previsión é que probemos este tipo de aparato que lle ensino que ten dúas luminarias, dous bloques ópticos. O normal para alumear os pasos de peóns cunha potencia importante é outro bloque óptico feito de *leds* que capelexan acotío de xeito que advirte ós condutores de situacións especiais no tráfico, sobre todo nos pasos de peóns. A parte superior desta luminaria sería a que levaría os *leds* que de seguro que axudan.

O que me sorprende no tema dos atropelos, e comenteino ós medios de comunicación repetidas veces, é que se dá a circunstancia de que por máis que tratamos de atopar puntos negros, sitios onde se repiten os accidentes en pasos de peóns, practicamente non os hai. A situación é de atropelos espallados, é moi difícil que se repitan en determinados sitios porque pode ter vostede a seguridade de que de teren constancia de pasos especialmente preocupantes tomaríamos todo tipo de medidas como xa estamos tomando. Imos facer máis resaltes, nestes intres que puxemos tres xa temos un 200% máis dos que vostedes puxeron, pero os imos poñer como vostede sabe co Orzamento do ano 2009 co que ademais das bandas

reductoras de velocidade imos poñer nos sitios máis problemáticos eses pasos resaltados.

En definitiva, aprobaríamos a moción sempre que se retire a última frase porque creo que quedaría moito mellor deixando: “Instar ó goberno municipal a reforzar os sinais actuais dos pasos de peóns con todos os medios posibles.” Porque o dos sinais luminosos, entre outras cousas, é complexo segundo como están as leis de tráfico.

SR. COELLO BUFILL: Estamos totalmente de acordo con esa redacción.

Sr. Calviño vostede tería que gañar por goleada porque leva dous orzamentos e gáñame dous a un. Ten dous resaltes e eu tiña un porque non me deu tempo. Nós gobernábamos en minoría e sabe vostede o difícil que é ter orzamentos así.

En canto ó de aplicar a lei, nós sempre fomos moi respectuosos coa lei e tiñamos serias dúbidas xurídicas neses momentos sobre o carné por puntos.

Todas as medidas que veñan paliar o número de accidentes nos pasos con ou sen semáforo estamos de acordo, pero as estatísticas din que “Vigo supera a taxa de atropelos de España, o país máis perigoso da Unión Europea”. Isto tamén o di un medio de comunicación o día 3 de novembro de 2008.

Remato con este dato e dicir que estamos de acordo con esas medidas e suprimimos a última frase, queda como dixo o Sr. Calviño: “...con todos os medios posibles”.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Ata agora o noso goberno tivo un único orzamento, non me conte o do 2007 que bastante esquilmado o deixaron vostedes, non deixaron un euro.

Invítolle, Sr. Coello, a que lea o parágrafo final dese xornal do que acaba de ler vostede o enunciado. Lea o último parágrafo que llo podo dicir eu de memoria, era un estudo dalgún organismo europeo, non me lembro agora, e a última vez que se fixo foi no ano 2005. Se le vostede o último parágrafo lerá que “Se iso se aplicara ás cifras deste ano, Vigo sería a cidade máis segura de España”. Léao, por favor.

SR. COELLO BUFILL: Remítome á miña intervención anterior.

A PRESIDENCIA: A moción quedaría co seguinte texto: “Instar ó goberno municipal a reforzar a sinalización actual dos pasos de peóns con todos os medios posibles”.

Emenda formulada polo Sr. Calviño Rodríguez durante o curso do debate:

Eliminar a última frase da moción.

*A Presidencia somete a votación a moción do Sr. Coello Bufill coa emenda formulada polo Sr. Calviño Rodríguez.*

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Instar ao Goberno Municipal a reforzar a sinalización actual dos pasos de peóns con todos os medios posibles.

16.- (239).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A APROBACIÓN NAS CORTES XERAIS DA PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA LEI ORGÁNICA 5/85, DO RÉXIME ELECTORAL XERAL PARA A HOMOXENEIZACIÓN DO PROCEDEMENTO DE VOTO DAS PERSOAS RESIDENTES NO EXTERIOR CO RESTO DA CIDADANÍA.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"A Constitución Española, no seu artigo 23, outorga o dereito de sufraxio a todos os cidadáns. Ademais, o artigo 14 de devandito Texto garante a todos os españois igualdade no exercicio dos seus dereitos. Todo iso supón que, dunha ou outra forma, os poderes públicos deben articular algún mecanismo que permita aos españois residentes no exterior exercer o dereito de sufraxio con todas as garantías.

Así, a Lei Orgánica 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da Cidadanía Española no Exterior, que versa sobre o dereito dos españois residentes no exterior a ser elector e elixible nas mesmas condicións que a cidadanía residente no Estado español, proclama no seu artigo 5 o seguinte:

*“1. Os españois que residen no exterior teñen dereito a ser electores e elixibles, en todos e cada un dos comicios, nas mesmas condicións que a cidadanía residente no Estado español, nos termos previstos na normativa de aplicación.*

*5. Para facilitar o exercicio do dereito de voto dos españois residentes no exterior, promoveranse as medidas legais tendentes a homoxeneizar os procedementos electorais para a cidadanía española no exterior e habilitaranse os medios materiais, técnicos e humanos precisos que posibiliten a votación en urna ou a través doutro medio técnico que garanta o segredo do voto e a identidade do votante, en eleccións xerais, europeas e autonómicas, nas demarcacións consulares, tendo en conta as características dos países de residencia e o número e distribución de españois residentes no país de que se trate”.*

Nestes momentos a regulación da normativa electoral neste aspecto resulta insatisfactoria, tanto dende o punto de vista da seguridade xurídica como do das garantías democráticas que aseguran que o voto sexa universal, libre, igual, directo e segredo.

Por esta razón, o Grupo Parlamentario Popular no Congreso presentou unha Proposición de Lei Orgánica de modificación da Lei de Réxime Electoral Xeral para adecuar as especificidades do dereito ao voto dos españois residentes no exterior coa garantía democrática que representa o sistema de voto en urna, apoiado na administración consular, así como o exercicio do voto por correo con todas as garantías, a regulación das campañas electorais e a previsión de depuración do censo de electoras e electores residentes no exterior.

Considerando a importancia desta iniciativa, o Grupo Municipal Popular somete á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

1.- O Pleno do Concello de Vigo insta aos Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais para que, con carácter de urxencia, aproben a Proposición de Lei Orgánica de modificación da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do Réxime Electoral Xeral, presentada polo Grupo Parlamentario Popular, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía, nos termos que se expresan na mesma.

2.- Instar ao Goberno para que proceda a tomar cantas medidas sexan necesarias para que, unha vez aprobada a reforma da Lei, se dea cumprimento con carácter de urxencia ao contido da referida reforma da Lei Orgánica Electoral Xeral.

3.- Dar traslado destes acordos aos Voceiros Parlamentarios na Subcomisión sobre as posibles modificacións do Réxime Electoral (Comisión Constitucional) do Congreso dos Deputados."

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 22 de decembro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

*A Sra. Molares Pérez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.*

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Sra. Molares, como queira que foron compoñentes do seu grupo os que o dixeron, como se nota que están preto as eleccións porque traen aquí determinadas mocións e propostas que en principio, vostede sábeo ben, se deben debater noutro ámbito político e o único que tentan e reproducir debates que xa se deron no Congreso dos Deputados, como por exemplo este.

Coido que tal e como presentan vostedes a moción é necesario facer algunha consideración e sobre todo contestar en que situación se atopa o contido da moción que vostedes presentan.

O goberno estatal e o Partido Socialista Obrero Español apostan pola reforma da Lei orgánica de réxime electoral xeral e a mellora do sistema do voto dos emigrantes. Por iso, é necesario dicilo, dende o comezo da nova lexislatura se promoveu a constitución no seo da Comisión Constitucional do Congreso dunha subcomisión de traballo para a reforma da LOREG na que participan todos os grupos parlamentarios. A primeira tarefa que asumiu esta subcomisión foi a de aceptar por unanimidade de todos os grupos parlamentarios o inicio do estudo da LOREG no correspondente ó voto dos españois no exterior.

Tras a comparecencia de dous expertos sobre o procedemento do voto no exterior, o director xeral de Política Interior do Ministerio do Interior e o secretario xeral de Asuntos Consulares e Migratorios, a devandita subcomisión decidiu: “Analizar o procedemento de voto dos españois no exterior para elaborar unha reforma que permita o voto en urna. Mellorar o censo electoral de residentes ausentes coñecido como CERA para o facer fiable e evitaren que se dean casos de votos falidos, aqueles votos que chegan a España con posterioridade ó reconto xeral”.

Polo tanto a posición deste Grupo municipal Socialista no Concello de Vigo ten que ser necesariamente en contra da moción que vostedes presentan posto que, como salientaba anteriormente, foi en sede parlamentaria, no Congreso dos Deputados onde todos os grupos políticos decidiron por unanimidade a creación da subcomisión e os acordos que mencionei.

Sra. Molares, a preocupación por mellorar os dereitos de cidadanía de aqueles españois que residen no exterior non é monopolio do Partido Popular e non se

poden limitar exclusivamente a falar só do voto e do xeito do exercer. O goberno de España durante a presidencia de D. José Luís Rodríguez Zapatero adoptou importantes medidas para ampliar dereitos de cidadanía dos cidadáns españois no estranxeiro.

Por primeira vez na historia deu á política de emigración o papel que lle corresponde no goberno de España coa creación dunha Secretaría de Estado de Emigración e Inmigración encadrada no Ministerio de Traballo e Inmigración, pulou a aprobación do Estatuto da Cidadanía Española no Exterior para garantir ós españois residentes no estranxeiro o pleno recoñecemento dos seus dereitos constitucionais. Tamén realizou a reforma da nacionalidade para que os descendentes de españois no exterior manteñan a cidadanía española; tamén creou a oficina de retorno para pular a correcta integración dos emigrantes ó seu regreso a España e coordinar as políticas de retorno que realizan outras administracións no seu marco de competencias. Aumentou o número de beneficiarios das pensións non contributivas no exterior, cuxa contía triplicou o goberno de España durante a lexislatura 2004-2008. Finalmente estendeu a aplicación da Lei de igualdade e da Lei de dependencia que afonda nos dereitos civís e sociais dos españois no exterior.

Toda esta acción de goberno amosa a preocupación do goberno do Estado español polos cidadáns españois que están fóra.

Coido que queda suficientemente documentado que é unha preocupación de todos os grupos políticos acondicionar á situación actual o xeito de exercer o voto e ademais lémbrolle que hai un acordo parlamentario na sede do Parlamento de Galicia.

Como valoración final ó dito ata o momento, sinxelamente trátase dunha moción cunha clara intencionalidade electoral e xa vexo que durante a mañá se referiron en máis dunha ocasión dende as súas concellerías ó momento no que estamos pero, Sra. Molares, coido que aínda non lles chegou o momento, Non sei se chegou o momento de presentar moitas mocións con relación a isto pero outro momento que vostedes ansían e que dan por feito dende eses bancos aínda non chegou. Como conclusión final coido que neste tema se debe buscar o consenso entre todos os grupos.

Nós, como Partido Socialista, queremos por suposto que os emigrantes voten e así

o facilitou o goberno coa aprobación dese Estatuto da Cidadanía ó que vostede alude na súa moción. Coido que é o mellor xeito de amosar a nosa reafirmación, pero creo que institucionalmente deberían tratar este tema onde ata agora se tratou que é na Subcomisión do Congreso dos Deputados e non tentar abrir debates noutros foros que en principio certamente non semellan os axeitados.

SR. ALONSO PÉREZ: Haille que aplaudir ó Partido Popular que por fin, agora que está na oposición, se engada á necesidade de regulamentar o voto exterior. Tivo que pasar á oposición para se dar conta desta necesidade pero está ben que ó final se engadan a iniciativas que presentou o BNG; hai que aplaudir esta actitude.

O BNG presentou iniciativas tanto no Parlamento de Galicia como no Congreso de Deputados. Xa o 25 de abril pasado presentou á Mesa do Congreso dos Deputados unha proposición de Lei orgánica de reforma parcial da Lei reguladora do réxime electoral xeral para equiparar o procedemento de votación das persoas residentes no exterior co establecemento da votación directa en mesas instaladas nas embaixadas e consulados como procedemento normal e o voto por correo como procedemento excepcional e de carácter rogado.

Posteriormente o 5 de setembro o Boletín Oficial das Cortes Xerais publicaba tamén a proposición de lei de modificación da Lei orgánica de réxime electoral xeral para homoxeneizar o procedemento de voto das persoas residentes no exterior e equiparalo ó do resto da cidadanía que pode exercer o seu voto e que se presentou no Parlamento de Galicia.

O que resulta innegable é a importancia do acordo unánime acadado no Parlamento de Galicia polas tres forzas políticas, o BNG, o PSOE e o PP, en torno ó que se debería artellar a instancia dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados con independencia das diferentes proposicións presentadas e do momento no que se poida producir o seu debate por coincidir co acordo e proposición do Parlamento Galego.

Benvido o Partido Popular a engadirse á necesidade de regulamentar esta situación, aínda que sexa hoxe na oposición. En todo caso creo que poderíamos chegar a un acordo de votar a favor cunha emenda no primeiro punto que quedaría: “O Concello de Vigo insta ós grupos parlamentarios das Cortes Xerais a que con carácter de urxencia aproben as proposicións de Lei orgánica de

modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do réxime electoral xeral, presentada polo Parlamento de Galicia e apoiada unanimemente polos grupos parlamentarios do BNG, PSOE e PP, para posibilitar a homoxenización do procedemento do voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía nos termos que se expresan nela”.

Trátase de que se saque un acordo do Parlamento Galego dos tres grupos parlamentarios, entón que se recolla esa emenda no punto primeiro.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sr. López Font, con esta intervención que fai o Partido Popular démoslle a oportunidade ó Partido Socialista de que nos faga un relatorio de todo o que fan a nivel estatal, así que non se queixe, estámoslle dando a oportunidade de que faga publicidade e promoción da súa política.

Pero a realidade é que o Partido Socialista e o BNG incumpren un compromiso do pacto de goberno que teñen como tal e incumpren cos seus programas electorais, tanto do PSOE nas autonómicas do 2005, que leo: “Modificacións legislativas pertinentes para permitir o exercicio do voto emigrante en colexios electorais no exterior”, como do BNG que di: “Reforma urxente da lexislación electoral a fin de incrementar as garantías de personalidade e segredo do voto, Establecemento do voto en urnas e mesas electorais situadas en embaixadas, consulados e outros centros oficiais instalados no exterior”. Iso levábano nos programas electorais do BNG e do PSOE.

Sr. Alonso, xa sei que a vostede lle gusta moito utilizar eses estereotipos de falar do pasado, de que se o Partido Popular se engade agora ós “*progres*” e defenden os dereitos dos residentes no exterior. Pois non, Sr. Alonso, o Partido Popular defende os intereses da cidadanía, no goberno e na oposición. Vostedes incumpren un compromiso electoral e polo tanto non lles vale acusar ó Partido Popular porque como dicimos reiteradamente, vostedes están a gobernar, acábaselles a lexislatura e este compromiso electoral non se fixo realidade. Ademais era un compromiso electoral do Partido Socialista no ano 2004, rematóuselles a lexislatura e non o cumpriron, agora estamos na segunda e tampouco temos claro que o vaian cumprir. Dicían: “Promoveremos unha reforma electoral consensuada que garanta o dereito ó voto directo polos españois en urnas instaladas en embaixadas, consulados e centros españois”. Tampouco o cumpriron.



Claro que hai unha subcomisión no Congreso, pero precisamente por culpa do Partido Socialista esa subcomisión ralentiza que isto sexa unha realidade. Sr. López Font, claro que o Partido Popular aínda que sexa no Grupo municipal está atento a todos os acontecementos políticos que se produzan. É evidente que se van convocar unhas eleccións polo presidente Touriño en breve e isto non se vai cumprir. O Partido Socialista coa complicidade do BNG está prohibindo que nesas eleccións autonómicas que se van realizar no mes de marzo poidan exercer o dereito ó voto os residentes no exterior nas mesmas condicións que os cidadáns que residen en Galicia. Polo tanto claro que é oportuno traer aquí esta moción e lembrar que incumpriron.

Sr. Alonso, vostede felicita ó Partido Popular, pero eu lle diría que vostedes, señores do BNG, deberían ter máis responsabilidade e agora non vale botarlle as culpas ó Partido Popular porque vostedes son parte dese goberno de Galicia. Ademais non o digo eu, dío o seu parlamentario Sr. Jorquera nun xornal de hoxe: “Jorquera acusa ó PSOE de manter un dobre discurso sobre o sufraxio da diáspora”. Que eu saiba o Sr. Jorquera é o voceiro do BNG no Congreso e di referíndose ó PSOE: “Di unha cousa en Galicia e outra en Madrid sobre o voto emigrante”. Pero logo di unha cousa máis interesante: “...falta de vontade política para realizar a reforma que permitiría ós emigrantes votar en urna, porque ó PSOE o actual sistema lle pode reportar beneficios”.

Iso non o di o Partido Popular, dío o socio de goberno, ese Bloque Nacionalista Galego que agora invita ó Partido Popular a engadirse e felicítalo. Pois non fai falla que nos felicite porque isto non é para se felicitar, poderíamos felicitarmonos os tres grupos políticos se hoxe tiveramos realmente aprobada esa reforma urxente da Lei orgánica do réxime electoral xeral que permitira votar nas autonómicas a todos os cidadáns residentes no exterior, pero non o imos acadar.

O Partido Socialista fai un dobre xogo en Galicia e en Madrid, porque efectivamente en Galicia votaron os tres grupos políticos esa reforma pero en Madrid cando non queren que un tema saia adiante créase unha comisión. Esta é unha subcomisión e se as comisións van lentas maxinen as subcomisións, podemos chegar á seguinte lexislatura e seguimos sen votar.

A realidade é que o electorado no exterior supón un 15% do censo e terían que estar orgullosos os Sres. Touriño, Quintana e Feijóo de que nestas eleccións gañe

quen gañe o faga cos votos limpos e transparentes de toda a cidadanía, dos residentes en Galicia e dos residentes no exterior; esa sería realmente a felicitación dos tres partidos políticos.

Pero a realidade é que o PSOE crea unha subcomisión, deixa esa reforma urxente para que se faga noutro momento e seguramente, non porque o diga eu senón porque o di o Sr. Jorquera, porque iso lle beneficia ó Partido Socialista e o BNG xa non sabemos ó que xoga porque por unha parte presenta mocións ou proposicións, como fixo no Senado recentemente pero, para que? Teño aquí unha proposta que fixeron no Senado, que ademais debateu tamén a Sra. Porro, instando ó seguinte: “Dotar a todos os consulados do Estado español dos recursos humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo durante o mes de xaneiro do vindeiro ano 2009 un proceso extraordinario de depuración exhaustiva do CERA”. Para que fai isto se xa non van poder votar nas autonómicas? Logo xa é o colmo que aínda por riba aprrobe a emenda que fai o Partido Socialista de cambiar o termo depuración polo termo revisión.

Vostedes están xogando a marear, pero o que non queren realmente é enfrontar un tema importante para a cidadanía. Dende o Partido Popular o que cremos é que hai que mellorar a transparencia, o dereito ó voto de todas e todos os cidadáns, residan en Galicia ou no exterior.

Polo tanto, Partido Socialista, deixe de atrancar realmente esa reforma necesaria da Lei orgánica do réxime electoral xeral e ó Bloque Nacionalista Galego non lle vale colocarse o chapeu de defensor dos dereitos da cidadanía cando lles interesa pero á hora do demostrar co seu voto e coa súa forza como socios de goberno do Partido Socialista, deixa que, como di o Sr. Jorquera, esa votación das autonómicas do 2009 non sexa transparente porque non se dá a oportunidade de que haxa unha votación igualitaria para todos os cidadáns, residan en Galicia ou no exterior.

Quizais sexa porque ó Bloque Nacionalista Galego lle conveñan eses beneficios que lle van repercutir ó Partido Socialista Español. Vanlle beneficiar porque así xuntos poderán acadar os votos necesarios para que non governe o Partido Popular porque se algo está claro é que nas próximas autonómicas o Partido Popular vai gañar, gústelles ou non.

SR. LÓPEZ FONT: Non é que me dera vostede a oportunidade de facer un relatorio

do feito polo goberno estatal, senón que é un feito que todo o que lle dixen se realizou polo goberno do Sr. Rodríguez Zapatero.

Vostedes non poden caer na contradición de dicir, como nos dixeron esta mañá, que gobernemos, que miremos ó presente e cara ó futuro e cando lle estou a falar de realizacións e medidas concretas a vostedes tamén lles pareza mal.

Vostede díxoo: en canto ós dereitos dos cidadáns emigrantes si cumprimos o noso programa electoral. Non sei se se dará conta das datas e do contido, pero cando vostede fai mención á Lei orgánica 40/2006, sendo presidente do Goberno D. José L. Rodríguez Zapatero, de estatuto da cidadanía española no exterior, estanse recollendo os dereitos ós que vostede se refire e que anteriores gobernos non recolleran. Todo o que vostede está pedindo materializouno o Partido Socialista e sinxelamente está pendente de desenvolvemento.

Non se pode caer en contradicións, en estar como partido político nas comisións estatais do Congreso dos Deputados e cando non gustan as conclusións vir aquí ou a outros ámbitos políticos con mocións; iso é o que non se pode facer.

Eu salientaba con claridade que esta lexislatura é moi recente na súa constitución. Houbo un acordo entre todos os grupos que unha vez que está en vigor esta Lei orgánica do Estatuto da cidadanía española no exterior hai que desenvolver os mecanismos para votar e iso é o que se está facendo. Esa é a súa contradición, Sra. Molares, porque non se pode estar dicindo unha cousa no Congreso dos Deputados e outra aquí.

Os cidadáns españois no exterior merecen un respecto. Dícialle anteriormente que non nos ían gañar en defender os dereitos de aqueles españois que están fóra, pero tampouco podemos tolerar que se fale de beneficio electoral e de que cando constituímos e formalizamos normas se traten coma un beneficio electoral. Iso é unha falla de respecto a aqueles que finalmente teñen que depositar o seu voto no exterior.

Sra. Molares, estamos ante unha Lei orgánica que non ten que aprobar o Parlamento de Galicia. Nós, como grupo municipal, subscribimos a proposta realizada polo Sr. Alonso que dou por feito que vostedes aceptan porque o que buscarán será que se modifique a Lei orgánica e maxino que se o Partido Popular votou no Parlamento Galego, vostede estará de acordo aquí, pero como ultimamente levamos moitas sorpresas igual levo unha tamén hoxe.

O importante é que o goberno estatal cumpriu co Estatuto da cidadanía española no exterior e hai que regulamentar os mecanismos. Estamos a falar dunha Lei orgánica que, como sabe vostede, non só afecta a Galicia, isto é para o voto no exterior de todos os cidadáns españois que residan fóra, sexan galegos, asturianos ou de outras comunidades autónomas.

Dado que tanto lle preocupa creo que os programas electorais foron amplamente cumpridos, que falla por desenvolver unha parte que, como vexo, máis aló de que teñamos unha Lei orgánica estable e que realmente cumpra con todo o que pretendemos, a vostedes só lles preocupan as eleccións galegas do próximo mes de marzo. Deben ter vostedes moita présa nisto.

Insisto en que cumprimos electoralmente, cumprimos os pactos de goberno e nós si defendemos que realmente se chegue por vía de lei orgánica ó dereito ó voto que teñen os cidadáns residentes no exterior.

Si estamos de acordo coa proposta feita polo Sr. Alonso e esperamos que a acepte o Partido Popular.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sr. López Font, xa sabe o dialogantes que somos no Partido Popular e se ó Bloque Nacionalista Galego e ó Partido Socialista lles molesta que esta modificación da Lei a presente o Grupo parlamentario Popular e que teña este o protagonismo, nós non temos inconveniente en que se substitúa por esa aprobación de todos os grupos políticos no Parlamento Galego. Somos conscientes de que esa iniciativa é do Partido Popular pero non nos importan os protagonismos, a diferenza do Partido Socialista e do BNG o que nos importa son os feitos, as realidades.

Poderían vostedes dicir que non lles deu tempo, que traballaron moito, pero non, din que cumpriron; enganar á cidadanía. Como me pode dicir que cumpriron cando aquí fala de establecemento do voto en urnas en mesas electorais situadas en embaixadas? É que o van facer en urnas? Esa é a realidade tanto do BNG como do Partido Socialista. Ó final a realidade é unha.

Falaba vostede de moitas cousas que fixo o Partido Socialista pero non do que estamos a falar aquí que é se van ou non votar en urna os galegos no exterior. A resposta é única: non, non van votar en urna e nin sequera identificados polo DNI e polo pasaporte como tamén solicitaba o Partido Popular.

Claro que o PP está preocupado por esas eleccións autonómicas porque senón seríamos uns irresponsables, porque o lóxico é que o resultado sexa democrático e non o digo eu que o din vostedes: “O Ministerio de Asuntos Exteriores e a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia...”. Vostede falábame antes de que crearan unha Secretaría de Estado; xa sabemos que o Partido Socialista co goberno do Sr. Zapatero incrementou de xeito notable os altos cargos, iso xa o sabe o Partido Popular, gracias porque vostede o lembre.

O que dicía esa Secretaría Xeral era que como mínimo habería cincuenta mil inscricións erradas só entre a colectividade galega. Sr. López Font, iso deberíanos preocupar a todos, tanto ó BNG que é tan democrático como a vostedes do Partido Socialista, pero ós únicos que lles importa é ós do Partido Popular que está facendo todo o posible para que sexa unha realidade que todo o mundo poida votar en urna nas mesmas condicións.

Dende logo non vai ser así pola responsabilidade do Partido Popular porque fixo todo o necesario para estimular e pular ó goberno do Sr. Zapatero. Sr. López Font, claro que sei o que é unha lei orgánica e unha ordinaria, só fallaría. Podería non o saber pero aínda que a Sra. Díaz diga que son unha mala estudante porque estudo antes do exame téñolle que dicir e non é por presumir que malia estudar o día antes sempre levei nota e nunca suspendín. Polo tanto si aprobei unha oposición, sei a diferenza dunha lei orgánica dunha lei ordinaria e claro que sei que é no Congreso onde se fai esa aprobación.

Por iso, porque vostedes non cumpriron é polo que o Partido Popular o trae tamén a este Concello e non me diga que agora non se pode facer isto porque vostedes, Partido Socialista e BNG, no anterior mandato, día si día non facían máis mocións de ámbito estatal e autonómico que de ámbito local. Pero é que isto non é algo de ámbito estatal ou autonómico que non afecte ós cidadáns de Vigo porque, tamén utilizando datos dos medios de comunicación, o CERA na provincia de Pontevedra incrementou un 23,50%, foi o que máis se incrementou logo do de Lugo, dende o ano 2002 ó 2008.

Por iso nós como corporativos de Vigo temos que defender os dereitos desas moitas persoas e non me diga vostede que defender que a xente vote lexitimamente nas mesmas condicións e que o resultado democrático que saia das urnas en marzo sexa o máis transparente posible non é exercer o noso dereito e o

noso deber como concelleiros do Concello de Vigo. A realidade é que esa xente non vai votar no 2009 e que esas eleccións non son todo o transparentes que deberían porque vostedes incumpriron e iso teno que dicir o Partido Popular, pero como o que queremos é que isto se corrixa e nas seguintes municipais, porque agora xa non hai posibilidade de que se corrixa para as eleccións de 2009, en primeiro lugar temos que chamarlle a atención ó PSOE e BNG por non cumpriren e logo pedir que a corrección se leve a cabo nesta lexislatura porque dubidamos das súas palabras e das súas promesas.

Aceptamos polo tanto esa modificación do BNG que non quere que conste que sexa unha proposta do Partido Popular. Nós non temos inconveniente, o que queremos é que os cidadáns voten en igualdade de condicións, que poidan exercer o dereito ó voto segredo, igual e libre. Por iso aceptamos esa emenda, así a ver se esa subcomisión do Parlamento se pon a funcionar e fai o traballo que ten que facer sen que o Partido Socialista tente atrancalo.

A PRESIDENCIA: Pregarálle ó Sr. Alonso que formule verbalmente cal é a emenda para que conste exactamente o que imos votar.

SR. ALONSO PÉREZ: “O Concello de Vigo insta ós grupos parlamentarios das Cortes Xerais a que con carácter de urxencia aproben as proposicións de Lei orgánica de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo do réxime electoral xeral presentada polo Parlamento de Galicia, apoiada unanimemente polos Grupos parlamentarios do BNG, PSOE e PP, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía nos termos que se expresan nela.

SRA. MOLARES PÉREZ: Aceptamos esa proposta.

Emenda formulada no curso do debate polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez:

Substituír o primeiro punto da parte dispositiva da moción polo seguinte: “O Concello de Vigo insta ós Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais a que con carácter de urxencia aproben as proposicións de Lei orgánica de modificación da

Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do réxime electoral xeral presentada polo Parlamento de Galicia e apoiada unanimemente polos grupos parlamentarios do BNG, PSOE e PP, para posibilitar a homoxeneización do procedemento do voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía nos termos que se expresan nela.

*A Presidencia somete a votación a moción da concelleira Sra. Molares Pérez coa emenda formulada polo Sr. Alonso Pérez.*

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- O Concello de Vigo insta ós Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais a que con carácter de urxencia aproben as proposicións de Lei orgánica de modificación da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do réxime electoral xeral presentada polo Parlamento de Galicia e apoiada unanimemente polos grupos parlamentarios do BNG, PSOE e PP, para posibilitar a homoxeneización do procedemento do voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía nos termos que se expresan nela.

Segundo.- Instar ao Goberno para que proceda a tomar cantas medidas sexan necesarias para que, unha vez aprobada a reforma da Lei, se dea cumprimento con carácter de urxencia ao contido da referida reforma da Lei Orgánica Electoral Xeneral.

Terceiro.- Dar traslado destes acordos aos Voceiros Parlamentarios na Subcomisión sobre as posibles modificacións do Réxime Electoral (Comisión Constitucional) do Congreso dos Deputados."

17.- (240).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO O PROCEDIMENTO DE DISOLUCIÓN DOS CONCELLOS DIRIXIDOS POR ANV.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

"A Lei Orgánica 1/2003, para a garantía da democracia nos Concellos e a seguridade dos Concelleiros, modificou o artigo 61 da Lei de Bases de Réxime Local, para establecer os motivos e o procedemento a seguir para a disolución de concellos cando os seus órganos de goberno realicen actos que atenten gravemente contra o interese xeral.

Así, o apartado 1 do artigo 61 establece:

*"O Consello de Ministros, a iniciativa propia e con coñecemento do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma correspondente ou a solicitude deste e, en todo caso, previo acordo favorable do Senado, poderá proceder, mediante Real Decreto, á disolución dos órganos das corporacións locais no suposto de xestión gravemente danosa para os intereses xerais que supoña incumprimento das súas obrigacións constitucionais".*

Á súa vez, o apartado 2 do art. 61 entende como decisión gravemente danosa para os intereses xerais, "os acordos ou actuacións dos órganos das corporacións locais que dean cobertura ou apoio, expreso ou tácito, de forma reiterada e grave, ao terrorismo ou a quen participen na súa execución, o enaltezan ou xustificuen, e os que menosprecen ou humillen ás vítimas ou aos seus familiares".

Cando vemos que o terrorismo de ETA segue sendo causa de dor no noso País, mentres a sociedade se conmove polos últimos atentados desta banda asasina e a cidadanía se manifesta en rexeitamento destes crimes, nos Concellos gobernados por ANV a resposta sempre é o silencio e a negativa reiterada dos seus alcaldes a condenar esta barbarie, o que lles fai cómplices ante os demais desas accións criminais.

Ese comportamento tan distinto e oposto ao que se manifesta no resto das institucións e que se realiza en forma concertada e sistemática cada vez que se produce un atentado, abre a porta e xustifica a disolución dos concellos controlados por ANV, formación que ademais foi ilegalizada polo Tribunal Supremo na súa sentenza do 22 de setembro de 2008.

A sociedade dificilmente pode entender que a modificación do artigo 61 da Lei de Bases de Réxime Local sirva ao Goberno para disolver un Concello como o de Marbella debido ao impacto do escándalo producido pola conduta do seu alcalde e todos os seus concelleiros, excepto os do PP, e non sexa capaz ese mesmo Goberno de iniciar o procedemento de disolución dos concellos gobernados por ANV, alegando falta de cobertura legal.

Por todo iso, o Grupo municipal popular eleva á consideración do Pleno a adopción dos seguintes acordos:



- 1.- O Pleno do Concello de Vigo esixe ao Goberno da Nación que inste canto antes o procedemento de disolución dos Concellos dirixidos por ANV, porque ten suficiente amparo legal, hai precedentes e só é unha cuestión de vontade política.
- 2.- Instar ao Goberno da Nación para que vete o destino do diñeiro do Fondo Estatal de Investimento Local recentemente aprobado mediante Real Decreto-Lei 9/2008 que beneficiaría aos Concellos presididos por ANV, e no seu lugar, o reparta ás Deputacións Forais respectivas, para que non se vexan prexudicados os veciños deses municipios.
- 3.- Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno, Rodríguez Zapatero."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de decembro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Presentamos ó Pleno esta moción que consta de dous apartados. O primeiro "O Pleno do Concello de Vigo esixe ao Goberno da Nación que inste canto antes o procedemento de disolución dos Concellos dirixidos por ANV, porque ten suficiente amparo legal, hai precedentes e só é unha cuestión de vontade política". O segundo apartado é: "Instar ao Goberno da Nación para que vete o destino do diñeiro do Fondo Estatal de Investimento Local recentemente aprobado mediante Real Decreto-Lei 9/2008, que beneficiaría aos Concellos presididos por ANV, e no seu lugar o reparta ás Deputacións Forais respectivas, para que non se vexan prexudicados os veciños deses municipios". O terceiro apartado é dar traslado destes acordo ó Presidente do Goberno.

Coido que a moción está fundamentada porque vemos que o terrorismo de ETA segue a ser unha causa de dor no noso país, que todas as forzas políticas e a maioría das institucións rexeitamos dun xeito claro e contundente pero vemos tamén como sistematicamente nos Concellos gobernados por ANV esta crítica non se fai dun xeito claro senón todo o contrario e pensamos que estes concellos tamén deberían condenar esta barbarie.

Ó mesmo tempo pensamos que o Goberno ten mecanismos legais máis que suficientes para proceder á disolución destes concellos gobernados por ANV. Tamén deixamos claro no segundo apartado que eses cartos de fondos estatais que se destinan a eses concellos, evidentemente que non se prexudique á veciñanza deses concellos que non teñen culpa destas cuestións e que eses cartos vaian a

través das Deputacións Forais.

Penso que é unha moción na que todos deberíamos estar de acordo, sobre todo polo que significa o terrorismo de ETA, para que todos esteamos na mesma dirección como ultimamente parece que se está a producir, tanto a nivel estatal e autonómico como local. Coido que as forzas políticas que representamos o arco parlamentario nacional estamos todas na mesma dirección e coidamos que esta debería ser unha condena que polo menos dea un toque de atención para que se leve a cabo a disolución dos concellos onde goberna ANV.

Este é o motivo da presentación desta moción que nos parece importante. A xestión, o día a día é fundamental nos nosos concellos pero estes temas afectan ó sentimento de todos, sobre todo a esas familias que padecen este terrorismo en zonas do noso territorio nacional onde se producen estes casos, por iso debemos reforzar eses lazos de unión para que entre todos poidamos dunha vez por todas desterrar esta barbarie que é ETA.

Con estas medidas iremos acadando pouco a pouco o obxectivo que perseguimos todos os demócratas.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que nun tema tan delicado coma é o terrorismo o que precisamente corresponde a todas as forzas políticas é buscar ese consenso, non facer partidismo desta situación que España sofre dende hai anos e buscar solucións para que isto remate dunha vez por todas.

Creo sinceramente que neste sentido o Goberno do Estado da Nación dende o ámbito policial e político está facendo avances notables para que un día poidamos rematar con esta terrible lacra.

Dicía na anterior moción que coido sinceramente que estando de acordo nese rexeitamento ó terrorismo, nesa necesidade de que ANV non estea presente nas institucións e compartindo ese argumento, coido que este debate máis aló de que se poida traer aquí, é motivo de debate en sede parlamentaria como xa aconteceu. Reafirmamos esa necesidade e ese chamamento da unión de todas as forzas políticas na condena ó terrorismo e na procura de solucións para que isto remate dunha vez por todas. Nesa parte estamos totalmente de acordo; no que non estamos de acordo é foi motivo de debate parlamentario é na forma. Dito doutro xeito o Partido Popular pensa que existen os instrumentos legais que permitan

desaloxar, que ANV non estea nas institucións e dende o Goberno Central e dende este Grupo municipal Socialista pénsase que estes mecanismos non son tan evidentes, tan taxativos como pensa o Partido Popular.

Coido que dalgún xeito estamos a reproducir o debate que se deu no Congreso dos Deputados e, estando de acordo no importante, cremos que a disolución deses concellos debe facerse con rigor e así son as medidas que adoptou o Goberno da Nación, tamén é certo que dende o consenso político. É verdade que se deben activar todos os mecanismos legais posibles e nese sentido o Goberno do Estado da Nación, coido que cautelosamente, propuxo en sede parlamentaria e tivo a iniciativa de solicitar un informe xurídico sobre os pasos que se deben dar para non cometer erros que logo poidan ter un carácter irreversible.

É un tema moi delicado por iso reafirmamos o noso consenso no rexeitamento ó terrorismo e na procura dese acordo entre todos os grupos para rematar con esta lacra. En canto á moción que vostedes presentan, igual que aconteceu no Parlamento Español, estamos en desacordo co procedemento e votaremos que non pero no ben entendido que o único que pretendemos é que se activen todos eses mecanismos legais que permitan a seguridade xurídica e coido que todos estaremos a favor dela.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Nós xa fixemos na nosa intervención como grupo político e xa dixemos todo o que tiñamos que dicir con respecto ó que aconteceu no Congreso dos Deputados.

A moción presentada neste caso polo Partido Popular pretende a adopción dun acordo que vulnera a Lei de partidos políticos do ano 2002. A maiores pretende forzar e vulnerar a xurisprudencia do Tribunal Constitucional consagrada por diversas sentenzas, tanto antes da promulgación da Lei de partidos políticos como posteriormente. Neste senso hai que lembrar que tamén se pronunciou recentemente o Congreso dos Deputados.

A propia Lei de bases de réxime local do ano 2003, incorporou o principio de democracia militante que inspira á Lei de partidos políticos, respecto á cal tamén existe xurisprudencia constitucional clara e inequívoca.

Tanto o Supremo como a Lei esixen o correspondente acordo do Goberno do Estado Español, previo ditame e previo informe da Comunidade Autónoma concernida.

Queda claro que nos atopamos no caso desta moción coa utilización, mesmo contraria a dereito, das institucións para conseguir réditos políticos sen amosar neste caso a corresponsabilidade correspondente.

Sen embargo temos que dicir que o BNG non considera nin moito menos ético que alguén que non condena o asasinato dun veciño, que non condena a morte violenta, poida rexer unha Corporación Municipal. Pero tamén sabemos que en política non hai nada máis perverso en moitos casos que legislar e actuar a golpe de acontecementos, levados en moitas ocasións polos instintos e en función de impactos emocionais.

En resumo pensamos que a moción que presenta o PP pretende apelar a estes impactos emocionais máis instintivos e básicos pero neste caso non son en absoluto responsables. Iso pódenos levar a que en moitas ocasións resulte contrario a dereito. Nese sentido e pola argumentación dada xa anunciamos o noso voto en contra desta moción.

SR. FIGUEROA VILA: Non tiña pensado facer unha segunda intervención porque coido que estes son temas moi delicados, pero logo da intervención da Sra. Méndez si teño que falar porque que alguén poida dicir que se fai unha actuación por "instintos e impactos emocionais" paréceme que isto vostedes o toman a broma, dígollo con toda claridade.

Nas decisións na vida política cada quen pode argumentar o que considere oportuno pero que vostedes poidan dicir que coas mortes de moitos dos nosos veciños alguén poida facer unha actuación por instintos e impactos emocionais paréceme grave. A min paréceme unha manifestación desafortunada, se vostede quere defender o non polo non fágao, non pasa absolutamente nada e a veciñanza saberá cal é a postura de cada un de vostedes pero o que non poden facer é un discurso demagórico cara á galería e logo diso non condenar este tipo de actuacións.

Coido que hai unha sentenza do 22 de setembro de 2008 do Tribunal Supremo que ilegaliza ós concellos de ANV. Paréceme grave que haxa persoas que non rexeitan as actuacións dos violentos; parécenos moi grave que sigan representando a institucións democráticas. Que vostedes fagan ese discurso demagórico cara á galería, que digan "nas formas e no fondo". Aquí non hai nin formas nin fondo, aquí

hai mortos, unha situación violenta de moitos compañeiros e compañeiras nosos que están sufrindo, que non poden actuar democraticamente e calquera de nós que ás veces visitou o País Vasco mira a situación deses compañeiros, que van a un acto e hai máis escoltas que compañeiros e militantes que fan actividade política. Iso é triste porque están condenados a vivir nunha situación lamentable.

Que vostedes non o condenen e que co seu xeito de actuar os representantes de ANV sigan ó fronte de institucións democráticas parécenos lamentable. Alá vostedes co seu discurso, no noso partido témolo claro dende o principio. Temos claro que as actuacións contra a banda terrorista teñen que ser inflexibles, non se pode ter nin a máis mínima dúbida do que hai que facer e por iso o propuxemos.

Coido que son dúas propostas moi sinxelas, non teñen arreesamento nin político, nin de ningún tipo, trátase de abrir o procedemento de disolución dos concellos de ANV e que eses fondos que van destinados a eses concellos se distribúan doutro xeito.

É moi sinxelo e se vostedes queren votar que non díganllo ós cidadáns. Despois disto queda a dúbida porque, que van pensar os cidadáns de dous partidos que non queren rexeitar, condenar, nin apoiar unha moción destas características? O que vemos entre liñas en xornais, en artigos de opinión: que semella que por atrás aínda segue unha negociación. Iso é o grave porque non o poden agochar.

Estanse contradicindo porque se vostedes rexeitan este tipo de actuacións apoiem esta moción, se non a moitos nos quedará a dúbida de que algúns aínda seguen a negociar por atrás que é evidentemente o que se descubriu ó longo dun proceso dos últimos catro ou cinco anos.

Dende logo que o noso partido vai seguir coa mesma postura e logo non nos chamen antipatrióticos ou calquera deses cualificativos que lle poñen ó Partido Popular. O PP ten claro o que hai que facer con este tema, veno demostrando dende sempre e creo que ultimamente está dando unhas doses de xenerosidade, colaboración e apoio inauditas que seguramente de estar nós gobernando non as teríamos por parte da oposición. Creo que a nivel estatal se está dando por parte do Partido Popular toda a colaboración para tentar que entre todos este tema se resolva dunha vez por todas, aínda que semella que algúns non queren.

Creo que os cidadáns non entenderán que dous partidos, o BNG e o PSOE, rexeiten esta moción que contén dúas propostas tan sinxelas. Nós imos votar a favor desta

moción e alá vostedes coa súa responsabilidade e co seu posicionamento político.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu quero facer unha intervención.

A PRESIDENCIA: Non está en quenda procedemental.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde, é unha cuestión de alusións á forza política que eu represento. Non pensaba intervir pero pido, por favor, que se me permita.

A PRESIDENCIA: Falará vostede logo da quenda do voceiro.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Cando vostede diga.

SR. LÓPEZ FONT: Eu tampouco tiña intención de intervir nesta segunda quenda pero dalgún xeito pola intervención do Sr. Figueroa mesturando as cuestións coido que é necesario contestar.

Creo que na miña primeira intervención quedou moi clara a posición do Partido Socialista e deste Grupo municipal sobre o tema do terrorismo e ademais din as argumentacións polas que imos votar que non a esta moción. Creo que se debe facer un esforzo didáctico de non mesturar argumentacións porque tampouco estou disposto a contestar á outra parte intervínte, eu téñolle que contestar a vostede, Sr. Figueroa.

A primeira afirmación do Partido Socialista é a condena radical e total ó terrorismo coma sempre o fixo, unha busca de consenso político co resto das formacións políticas como sempre o fixo, cando gobernou no goberno do Estado da Nación e cando non gobernou. Cando en oito anos do Partido Popular o goberno pediu a colaboración do Partido Socialista sempre a tivo, xamais fixo batalla partidista do terrorismo; acadáronse acordos, respectouse a actuación policial e a política e nunca houbo pola banda do Partido Socialista ningunha fisura. Polo tanto, se vostede quere facer determinado discurso e mesturar as cuestións eu téñolle que contestar.

Sr. Figueroa, a súa moción é sobre a presenza de ANV nos concellos; esa é a súa moción e non veña aquí enredar ós cidadáns sobre o tema da negociación que non

ven a colación e sobre o tema das dúbidas que polo noso discurso poidamos xerar na cidadanía. Nós condenamos o terrorismo e insisto niso porque coido que é necesario salientalo, condenámolo sempre e apoiamos a todos os gobernos, ós das siglas do Partido Socialista e ós que tiñan as siglas do Partido Popular. Estamos facendo o chamamento permanente ó consenso político na loita antiterrorista.

Quero deixar moi claro no nome deste Grupo municipal Socialista que o conxunto do Partido Socialista e o goberno do Estado español considera que ANV non debe estar nas institucións democráticas, así se afirmou en sede parlamentaria e fará, como dixo o voceiro socialista no Congreso, todo o posible dentro do marco da legalidade para que ANV non estea nas institucións.

Dito isto, coidamos que o procedemento non é o que propuxo o Partido Popular. O Partido Popular lexitimamente considera que hoxe existen os mecanismos legais que permiten que ANV non estea nas institucións e o goberno da Nación e o Partido Socialista consideran que hai dúbidas sobre iso e por iso no debate político establece a necesidade de que haxa informe da Avogacía do Estado sobre se os pasos que se van dar, nos que coido estamos todos de acordo, son os acertados.

Non se deben confundir as cousas. Coido que o Partido Popular está falando lexitimamente dunha cuestión moi concreta que afecta ó terrorismo pero non agochemos detrás desta situación o posicionamento político de cada partido político porque o pronunciamento do Partido Socialista, porque o sufriu, pero tamén do sufriren os demais, sería o mesmo. Isto é algo que nos afecta absolutamente a todos e o Partido Socialista historicamente, en todos os anos de democracia, tivo sempre o mesmo posicionamento.

Nós imos votar que non a esta moción pero ben entendido este voto porque cremos que o procedemento proposto polo Partido Popular non é o axeitado, pero estando totalmente de acordo en contra do terrorismo, de aqueles que non o critican e dos que están nas institucións representando a grupos políticos que non fan esa crítica, que non están en contra dos atentados.

É necesario polo tanto manifestar a postura do Partido Socialista sobre este tema porque creo que os cidadáns saben perfectamente que se algo sempre fixo o Partido Socialista foi esa crítica ó terrorismo e as actuacións policiais así o demostran.

Non se deben confundir as cuestións. O que hoxe vale é o retroceso do terrorismo

neste país e a eficacia policial. Todas as forzas políticas deberíamos dedicarnos á busca dun consenso sen fisuras en contra do terrorismo.

A PRESIDENCIA: Excepcionalmente, dada a importancia do tema e dado que o BNG se sente directamente aludido polas manifestacións do Sr. Figueroa, imos dar unha segunda quenda. O Sr. Figueroa terá todo o tempo necesario para a súa resposta con posterioridade, sen limitación.

Sr. Figueroa, coido que a importancia do tema merece unha resposta. O Sr. Domínguez Olveira considérase aludido.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Figueroa, non se poden dicir as cousas que vostede acaba de dicir e logo poñer caras como as que acaba de poñer porque excepcionalmente se me permita o uso da palabra porque hai afirmacións que vostede acaba de dicir que son excepcionais. En todo caso nunca seremos nós os que coartemos os tempos que vostedes teñen para intervir e que son moi xenerosos por parte desta Corporación.

Non se pode confundir cun tema coma este. Nun tema coma este non vale a demagogia.

Na súa moción, que o saiban todos, vostede non pide a condena do terrorismo, non pide a condena dunha forza política coma ANV e isto é o que estamos votando hoxe.

Se vostede ten algunha dúbida da postura en contra do terrorismo que sempre tivo o Bloque Nacionalista Galego dígolle algo moi sinxelo: presénteme unha moción onde se pida que toda esta Corporación condene a ETA e todos os seus atentados. O BNG votará a favor sen o dubidar nin un segundo.

Vostedes nesta moción non están pedindo ningunha condena á violencia terrorista, están pedindo algo que saben que non é posible: Disolver todos os concellos onde goberna ANV, vostede sabe que legalmente iso non é posible e por iso nós votamos en contra e vostedes sábeno. Iso é o que o BNG está votando en contra.

Vostede non quere escoitar porque na intervención ademais moi clara da nosa voceira, Sra. Méndez, díxose claramente e repito eu por se non o escoitou: “O BNG considera que non resulta ético que alguén que non condena un asasinato, alguén que non condena a morte violenta dun veciño poida rexer unha corporación



municipal. Estamos absolutamente de acordo que non deberían representar ó pobo aqueles que non condenan a violencia". Sr. Figueroa, estamos nun Estado de dereito e este nos ten que servir exactamente igual para combater o terrorismo como para defender calquera tipo de dereito que apareza na lei.

Remato xa porque non me quero estender polo excepcional desta quenda. O BNG di aquí, no Parlamento de Galicia e en Madrid que sempre estará en contra dos atentados violentos, en contra de ETA e dunha forza política calquera que non condene a violencia. Isto é o que pensa e seguirá pensando sempre o Bloque Nacionalista Galego, pero iso non é o que vostedes piden nesta moción.

SR. FIGUEROA VILA: Paréceme moi ben que o voceiro do BNG teña que saír ante as declaracións feitas pola súa voceira. Se rectifica o que dixo a súa voceira a nós parécenos moi ben.

A súa voceira dixo: "...actuacións por instintos e impactos emocionais". Se vostedes erraron á hora de facer estas manifestacións é o seu problema, non o noso.

Nós temos perfectamente claro o que pedimos nesta moción, a disolución dos concellos gobernados por ANV e que cos cartos dos Fondos estatais de investimento local non se beneficie a eses concellos, senón que os fondos se trasladen a través doutras institucións para non prexudicar ós veciños e veciñas.

Tamén dicimos na exposición da nosa moción que rexeitamos a actitude de ANV de non condenar esta barbarie.

Sr. Domínguez Olveira, se vostedes queren argumentar unha cousa para xustificar o seu voto será o seu problema, se erraron na exposición será que ó mellor lle saíu outra vena máis radical a alguén, pero ese non é o noso problema, o problema é o que se dixo neste Pleno.

Na miña intervención non fixen ningunha alusión a ninguén, só fixen un discurso dicindo que non me parecía procedente pola súa parte, mesmo nin mencionei ó Partido Socialista. Falei dunha frase que penso que era lamentable, que estaba fóra do que procede nunha institución democrática e que non era de recibo.

A PRESIDENCIA: Sra. Méndez, por favor.

SR. FIGUEROA VILA: Logo din que son eu quen non deixa falar, semella que lles molestan as miñas intervencións pero coido que a estou facendo con sosego, con tranquilidade, como coido que merece esta moción e vou seguirme mantendo así, non me van sacar do discurso que teño que facer. Paréceme que este é un tema bastante grave porque hai cousas que son máis importantes na vida política que as obras ou as infraestruturas. Aquí estase a tratar da vida de moitas persoas, da forma de vivir deses representantes dos nosos partidos nalgunhas zonas onde están ameazados dun xeito claro polo terrorismo de ETA. Parécenos moi grave xogar con estas cuestións.

Cada quen pode argumentar o que coide oportuno. Nós non estamos de acordo co discurso do Partido Socialista, parécenos que non hai argumentacións para votar en contra desta moción pero o respectamos, non fixemos ningunha alusión ó Partido Socialista, non estamos de acordo e entón que sexan os cidadáns os que xulguen as dúas posturas. Nós rexeitamos e condenamos este tipo de actitudes e só dicimos que hai que facer a disolución deses concellos. Vostedes consideran que este non é o procedemento, que non é a forma? Alá vostedes, xa nos xulgarán os cidadáns, pero o que non se pode permitir baixo ningún concepto son as manifestacións da voceira do BNG; nós rexeitámolas e parécenos un discurso lamentable.

Imos poñer esta moción a votación, parécenos que é o coherente, o responsable e se queremos participar todos e tentar desterrar o terrorismo de ETA e que non sexa unha das maiores preocupacións dos veciños e veciñas deste país, creo que todos temos que colaborar. Nós dende logo que o imos facer, imos manter a mesma liña dos últimos anos, non estamos cambiando absolutamente nada e o único que lles pedimos ós demais grupos políticos é que fagan o mesmo. Se non o queren facer, os cidadáns xulgarán a actitude e os posicionamentos de cada un dos grupos políticos.

Pensamos que algunhas frases pronunciadas se deberían retirar para que nin constasen na acta deste Concello. Pero alá cada grupo coa súa responsabilidade.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas

Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, instando ó Goberno da Nación iniciar o procedemento para a disolución dos concellos dirixidos por ANV, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (241).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Ó AUMENTO DA COTA DE PRODUCCIÓN LÁCTEA PROPOSTO POLA UE PARA O CONXUNTO COMUNITARIO.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

"O chequeo médico da Política Agraria Común (PAC) é unha proposta presentada en maio pola Comisión Europea, para revisar a orientación da política agraria comunitaria cuxa prioridade xa non é a xestión de excedentes agrarios senón asegurar a subministración alimentaria.

Faise necesario pois corruxir os excesivos incentivos ao abandono da actividade agraria que provocaron unha situación de escaseza de alimentos que se estende a nivel mundial e que lle confire ao sector agroalimentario un alto valor estratéxico.

Ante o chequeo médico presentado pola Comisión Europea, o Congreso dos Deputados aprobou o pasado mes de xuño, a proposta do Presidente do Grupo Parlamentario Popular, a creación dunha Subcomisión para definir a posición específica de España ante a PAC e reforzar a posición negociadora do Goberno español en Bruxelas, que obtivo o respaldo parlamentario máis amplo posible.

A proposta foi aceptada polo Presidente do Goberno e apoiada polo resto dos Grupos parlamentarios. A Subcomisión empezou os seus traballos en setembro coa

comparecencia das organizacións profesionais agrarias e entidades representativas do sector e presentou as súas conclusións o 13 de novembro, xusto unha semana antes de que a Comisión Europea adoptase os acordos para revisar os mecanismos de funcionamento da PAC.

Con todo, as conclusións aprobadas pola Subcomisión supoñen a aceptación do aumento da Modulación por encima dos niveis actuais do 5% ao 10% en 2012 e do aumento lineal da cota de produción láctea proposto pola UE para o conxunto comunitario, sen ter en conta a situación de países deficitarios como España.

Así, nun momento en que a UE ten que revisar a orientación da PAC para asegurar a subministración agroalimentaria, resulta contradictorio ter que aumentar a Modulación que é un recorte de rendas para produtores agrarios, o que desincentivará aínda máis a produción.

Á súa vez, o aumento lineal da cota de produción láctea igual para todos, elevará a produción excedente de países que teñen cubertas as súas necesidades e non aliviará a situación dos países deficitarios, como é o caso de España que ten que importar ao redor de tres millóns de toneladas anuais, o que vén representar aproximadamente o 50% da nosa cota de produción láctea.

Considerando as consecuencias negativas para o sector agrario español que terán estas propostas, o Grupo Municipal Popular somete á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

- 1.- O Pleno do Concello de Vigo manifesta a súa total oposición a calquera aumento da Modulación respecto dos niveis actuais do 5%.
- 2.- Instar ao Goberno para que acepte o aumento da cota de produción láctea proposto pola UE para o conxunto comunitario, sempre que sexa asimétrico, para que non se vexan prexudicados os intereses de países deficitarios como España.
- 3.- Dar traslado destes acordos aos Voceiros Parlamentarios no Congreso, así como á Ministra de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño."

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 22 de decembro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Non quero reproducir aquí debates que tiveron lugar noutros hemiciclos, no Congreso dos Deputados ou na Xunta de Galicia, pero si que ven ó caso e case me reafirmo nesta moción polo que está acontecendo fóra con todas esas persoas manifestándose porque sinxelamente quedan sen traballo. Isto pasa tamén no rural nun sector tan importante como é o agropecuario, gandeiro de Galicia, un sector tradicionalmente tan desenvolvido en Galicia e como dicía, aínda que non sexa a miña pretensión reproducir debates que xa tiveron

lugar noutras partes, si debemos chamar a atención, solidarizarnos sobre todo nestes tempos que corren e amosar a nosa sensibilidade tamén a través desta Corporación en canto ó que está acontecendo no sector gandeiro que tamén saben que vai mal, sobre todo coas últimas negociacións que houbo na Unión Europea. Estamos a falar da cota de produción láctea e do recente acordo do Consello de Ministros de Agricultura da Unión Europea.

Debo empezar manifestando que a moción que presentamos dende o Grupo popular haina que modificar nalgún sentido. Imos manter o primeiro punto porque non estamos de acordo coa modulación respecto dos niveis actuais do 5%. A modulación á que fago referencia non é outra cousa que o desmantelamento da política agraria común, desmantelamento dos fondos que se dirixiron nos últimos anos ó desenvolvemento agropecuario e que ó se aumentar nun 10% no último Consello de Ministros, é preocupante para o sector, fundamentalmente en Galicia onde é un sector estratéxico, así en Pontevedra temos moitos gandeiros que van sufrir esta situación.

Como dicía imos manter o primeiro punto. No segundo punto, como se aprobou un aumento da cota de produción láctea de xeito lineal dun 1% para todos os países, o que tamén é prexudicial para Galicia, imos cambiar o texto e trasladaríamos "A nosa oposición ó recente acordo do Consello de Ministros polo que se establece un incremento anual do 1% en cinco anos".

Isto é para buscar un acordo porque sempre que presentamos iniciativas coma esta tamén pretendemos buscar o acordo de toda a Corporación e por iso aceptamos modificacións por parte dos outros grupos, como podería ser que os 200 millóns adicionais dos fondos comunitarios desmantelados se destinen a fines agropecuarios, ó acompañamento do sector lácteo.

Seguro que algún dos grupos do goberno me vai dicir que aquí non hai cota láctea, pero os cidadáns que viven en Vigo teñen que ir comprar leite e si lles importa o que custa a cesta da compra, se o litro de leite custa 40 ou 50 céntimos como hai un ano e medio ou custa 80, 90 ou 1 euro como ocorre agora.

O Grupo popular ven reclamando dende todas as instancias unha presión, unha fortaleza nas pretensións de España e de Galicia onde hai a maior cota de produción láctea de todo o Estado, cota que acada máis do 40%. As negociacións non foron nada positivas debido seguramente ó pouco peso de España, á pouca

capacidade de negociación da señora ministra, D<sup>a</sup> Elena Espinosa, á pouca ou nula xestión neste sentido do Sr. Touriño. En resumidas contas, as negociacións son negativas, hai máis de 3.000 gandeiros a piques de pecharen por mor desas malas negociacións e xestións realizadas no sector agropecuario do que podo falar moito porque o coñezo bastante.

Imos manter o primeiro punto e no segundo aceptamos cambios e modificacións en calquera sentido no que nós poidamos chegaren a un acordo. O importante sería que eses 200 millóns adicionais dos Fondos comunitarios que se desmantelaron se puideran dirixir a medidas de acompañamento do sector lácteo como pedía hai uns días a mesma señora ministra, D<sup>a</sup> Elena Espinosa, aínda que sen concretar, sen especificar e sen, permítaseme a expresión, mollarse moito no tema.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Se este tema non fose tan serio para moitos homes e mulleres do noso agro a súa moción soaría un pouco a broma, pero ven reafirmar algunha cuestión como é en primeiro lugar a mala conciencia por non apoiar do xeito que debían ó goberno español nas negociacións na Unión Europea. Vostedes votaron en contra do ditame que o goberno español levou a esa negociación, non foron quen de arroupar como os outros grupos ó goberno para unha mellor negociación. Tamén saben vostedes, Sr. González Sagarra, que a negociación era moi difícil. Todos coñeciamos as posicións iniciais e polo tanto que ía ser complicado ter esas alianzas necesarias como se fai nestes casos que garanten o apoio para eses posicionamentos que levábamos dende o goberno de España.

Dá a impresión de que vostedes ansiaban malos resultados e iso confirmamo esta moción porque entenden que o que é malo para o goberno de José Luís Rodríguez Zapatero, para España, é bo para vostedes os señores do Partido Popular.

A ministra, D<sup>a</sup> Elena Espinosa, que por certo é veciña nosa de Vigo, foi capaz ó fronte do equipo negociador de sacar un resultado substancialmente mellorado en comparación co que había de partida e iso sábeno vostedes. Tentan minusvalorar o resultado pero saben que é un intento á desesperada porque é unha realidade.

É falso que se desmantelen os fondos. Vostede dicía que estamos nunha crise mundial e sen embargo se consolida o orzamento para 2013 e ademais ábreanse serias posibilidades para fornecer o financiamento de políticas activas dirixidas ás actividades agrarias; é máis, dentro diso o propio ministerio que dirixe con tanto

éxito a ministra D<sup>a</sup> Elena Espinosa fixo un esforzo adicional dirixido a sectores especialmente sensibles, entre eles o do leite. Vostede sabe que era unha negociación que se presentaba complicada.

Polo tanto xa lle dicía que tentan xustificar o seu posicionamento pola mala conciencia de non apoiar ó goberno do Estado. Maximo que esta moción estarán presentándoa en todos os demais concellos aínda que tampouco teñan explotacións gandeiras como é o caso do noso municipio, posiblemente logo digan en mitins nos lugares onde si hai explotacións gandeiras como Silleda ou Lalín que presentaron mocións nos distintos concellos para defender o seu posicionamento diante da negociación do goberno de España coa Unión Europea.

Pero vostedes saben que a decisión xa está tomada e ademais para nós con bastante vantaxe e con éxito, só quedan certos axustes en función da evolución que se dea no 2010 ou no 2012.

O que vostedes pretenden agora mesmo diante destes sectores que de verdade están traballando no noso agro, é facer propaganda e dar a entender que vostedes o farían mellor agora que a decisión xa está tomada.

Sr. González Sagarra, agora o que hai que facer é traballar para sacar os mellores resultados das nosas explotacións e non levar a este sector á confusión como xa fixeron anteriormente, porque cando hai anos se falaba da cota láctea vostedes eran os que se opoñían a ela e miren agora por onde veñen con este cantar.

Non confundan ós traballadores e traballadoras destas explotacións agrarias e arrimen o ombreiro para traballar en beneficio deles.

SRA. VELOSO RIOS: Nós tamén sentimos certa sorpresa cando limos esta moción porque como xa ben explicou o Sr. González Sagarra hai algunha parte deste texto que quedou obsoleta. A moción data do 10 de decembro, hoxe estamos a 29 e xa hai máis dun mes, o 19 de novembro, aprobáronse os acordos relativos á modificación da Política Agraria Común (PAC) na Unión Europea e por iso resulta un pouco sorprendente a estas alturas esta moción.

Si que estamos de acordo en que é un tema preocupante, tamén o é para o BNG e de feito estamos expresando a nosa opinión sobre esta cuestión en distintos foros, ademais porque é un sector económico especialmente importante en Galicia. Sr. González Sagarra, non se ten que xustificar tanto por dicir moito Galicia, non se

preocupe que ninguén vai pensar que agora se volveran nacionalistas radicais; entendemos perfectamente que é porque é un sector económico importante no noso país.

O BNG tampouco está de acordo coas modificacións adoptadas, especialmente no que atinxe ó aumento lineal da cota que evidentemente ten unha incidencia moi importante sobre os prezos, como xa se demostrou no 2008, ano no que xa houbo un aumento lineal da cota.

Xa expresamos tamén que se deberían atender de xeito diferenciado ós estados excedentarios e os deficitarios, de feito na Unión Europea nestas últimas modificacións aprobouse unha modulación do 1% pero en Italia faise unha excepción. Do mesmo xeito que se fai unha excepción en Italia do 5% pensamos que se podería facer un aumento diferenciado para os distintos estados.

Durante moito tempo no BNG mantívose a necesidade de intervir nos prezos no caso do leite e a argumentación que sempre atopábamos enfronte, independentemente de que ninguén discutía nunca porque efectivamente este sector económico especialmente en Galicia é importante, era a imposibilidade de intervir no mercado. A estas alturas esta argumentación tamén queda obsoleta porque coa que está caendo e con distintas intervencións que se están facendo, por exemplo no mercado financeiro, semella un pouco absurdo que non se poida intervir nos prezos dunha materia prima e ademais alimentaria como é o leite.

Todo isto expresámolo en distintas ocasións e de feito no Congreso dos Deputados a deputada D<sup>a</sup> Olaia Fernández Davila presentou unha moción non de lei que se aprobou logo de ser transaccionada co grupo do Partido Socialista e do Partido Popular. Xa dixo tamén antes a Sra. Molares que son moi dialogantes e non houbo problema para chegar a unha transacción e aprobar unha proposición non de lei común dos tres grupos.

Nós seguiremos traballando nesta liña en todos os foros e expresando esta opinión. De feito tamén no que atinxe ás nosas responsabilidades de goberno adoptamos medidas concretas, como por exemplo na Consellería do Medio Rural.

Hai distintas medidas concretas que se poñen en marcha tendo en conta esta nova conxuntura. Por exemplo, na Orde de axudas para as industrias lácteas do mes de decembro contéplase unha bonificación de máis do 50% para as industrias que teñan asinados contratos homologados cos produtores. Isto ten como obxectivo un



cambio nas relacións anacrónicas que houbo entre Industria e produtores durante moitos anos porque nesta situación na que nos atopamos, cunhas modificacións da PAC que tenden a unha desaparición das cotas en cinco anos, cómpre poñerse a traballar tamén para que o sector estea nunha situación máis estable que lle permita superar esta situación.

Ademais estase traballando en liñas de axuda por parte do IGAPE para o mes de xaneiro, para as explotacións lácteas con dificultades económicas, que van permitir un refinanciamento da débeda cun ano de carencia: o contrato de explotación sustentable por primeira vez inclúe explotacións lácteas que son 1.300 das 4.000 industrias que están incluídas dentro deste contrato. Ademais por segundo ano consecutivo adiántase o pagamento único para o 95% das explotacións que non van ter que agardar ata o mes de xuño, senón que poderán cobrar a finais de ano. Do que se trata é de buscar unha situación estrutural de estabilidade nunha conxuntura que estamos de acordo en que é preocupante. Xa o expresamos nos respectivos foros, xa chegamos a distintos acordos e agora parécenos que esta moción está un pouco fóra de contexto e moito menos tal e como ven aquí. Pensamos que non corresponde aprobala neste Pleno.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: O primeiro que dixemos foi que había un acordo recente de hai unha semana e que polo tanto modificábase o segundo punto. Mantemos o primeiro punto como está pero tampouco me queda claro se están dispostos a aceptar o segundo punto que ademais é positivo, trátase de desviar eses fondos sen destino fixo a axudas ó sector lácteo. Xa coñezo todas esas axudas das que falou, Sra. Veloso, coñezo moi ben o sector porque traballo nun sector semellante; coñecemos e apoiamos esas axudas dende o Grupo popular e así o manifestamos en diferentes foros e polo tanto non temos nada en contra.

Si que uso o termo Galicia, gústame e non teño inconveniente en usalo todas as veces que faga falla e fundamentalmente nun sector coma este que é realmente estratéxico, importante e que está en risco; como no resto dos sectores tamén neste hai moitos problemas en canto á produción debido ó "dumping" de leite francés por debaixo de prezo de custo, que nos invade acotío con unha moreira de camións que mesmo chegan ata Galicia.

En canto ó incremento das cotas lácteas lineais do 1%, xa vemos como hai países

que, como ten que ser, saben defender os seus intereses e aí está Italia, o resultado final é de Italia 5-España 1; ese é o resultado final, gañaron por goleada, eles defenden os seus intereses e a Sra. Espinosa coa súa incompetencia nos deixa fóra de xogo e en mal lugar, tratándose ademais dun sector tan delicado coma é este.

Sr. Rodríguez Díaz, vostede dixo que o desmantelamento dos fondos é falso. Pois non, por iso se aumenta dun 5% a un 10%, porque é un desmantelamento da Política Agraria Común. Non pode vir aquí contando contos ou dicindo cousas que non se axustan á realidade porque esta é que se está desmantelando, pódese estar en contra ou non porque eses fondos se destinan a outras cousas, por suposto, ese é o debate.

Por suposto que levamos ó Parlamento Europeo este tema e defendéronse os intereses máis convenientes para España e sobre todo para Galicia porque, como dicía antes, ten máis dun 40% da cota nacional de produción, polo tanto fíxese se é importante.

O Sr. Rodríguez Díaz di que teño mala conciencia. Non, preocúpame moito o sector porque o coñezo bastante ben e síntome bastante implicado. Non teño mala conciencia nin fago demagogia, pero o que máis me sorprende é que vostede non se poña ó carón dos sindicatos. Teño aquí un recorte de xornal que di: “As medidas de axuda ó sector lácteo non resolven a crise”. Isto di o Sindicato Labrego Galego. Vostede debería estar ó carón dos sindicatos porque, non é vostede sindicalista? Ou agora xa non o é? Xa non sei, unhas veces si e outras non, depende de cando interese ou de cando deixe de interesar. O recorte de prensa segue dicindo: “...O que nos demostrou onte o conselleiro é que non hai ninguén tan bo coma el contando milongas e vendendo fume. Ó mellor ese é o eixo e o éxito do seu traballo”. Polo tanto non sei como me di o que me di.

Iso di un sindicato pero o resto do sector agrario tacha de nefasta a nova PAC: ASAJA, a Unión de Pequenos Agricultores e Gandeiros (UPAG), a Coordinadora de organizacións de Agricultores e Gandeiros (COAG), a Confederación de cooperativas. Vostede con quen está agora, Sr. Rodríguez Díaz? Porque a verdade é que me quedo aparvado co de hoxe, iso si que xa me sorprende moito, agora resulta que vostede xa deixou de seren sindicalista. Hai que trasladar a todos os veciños de Vigo que o Sr. Rodríguez Díaz dende hoxe xa non é sindicalista.

Eu non tiña intención de debater longamente nin de entrar nun debate extenso sobre isto porque efectivamente non quero reproducir debates que xa se deron noutros sitios pero, se me obriga facelo, téñolle que dicir que si teño información e que coñezo o tema. Tamén fixemos moitas propostas no Parlamento Galego. Propuxemos un plan estratéxico lácteo galego, promoción e desenvolvemento dun plan para o leite para evitaren precisamente o *dumping* fundamentalmente francés e doutros países. Claro que aportamos as nosas ideas e non só na Xunta, senón que tamén no Congreso dos Deputados e no Parlamento Europeo.

O que non podemos entender é que a ministra, Sra. Espinosa, sexa a única en Galicia que di que non hai *dumping*; todo o mundo dio menos ela. Iso si, logo se axeonlla e se prega ós intereses de franceses, italianos, etc., non sabemos moi ben por que, ó mellor ten algo que ver con esa cadeira que tivo que comprar o Sr. Rodríguez Zapatero para estaren en Washington que non sabemos moi ben en que se traduciu finalmente. O caso é que efectivamente non defende os intereses dun sector estratéxico e moi importante en Galicia e polo tanto non ha lugar a todo o que comentou aquí o Sr. Rodríguez Díaz.

O leite é branco pero dende logo que o panorama do sector lácteo é bastante negro.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Coido que é a segunda ou terceira vez que se alude á miña condición de sindicalista e voulle responder.

Para seren sindicalista primeiro hai que estar traballando. Eu levo traballando uns cantos anos na empresa privada e é aí onde se vai forxando un coma sindicalista, cando se ve a necesidade de mellorar as condicións de traballo dos seus compañeiros e compañeiras e dun propio.

Aquí exerzo de concelleiro dun grupo político como me maxino que exercerá vostede, Sr. González Sagarra. A min nunca se me vai ocorrer dicir nin comentar de onde ven nin onde vai. Voulle atender a vostede e a calquera dos seus compañeiros de grupo sinxelamente polo que manifesten neste Pleno, xamais lle vou facer referencias persoais. Para min é un orgullo que vostede me cite coma sindicalista da Unión Xeral de Traballadores, con máis de 120 anos de historia na defensa dos intereses dos homes e das mulleres deste país, cofundadora da Confederación Europea de Sindicatos. É un orgullo ademais poder representar a esa organización

sindical durante moitos anos.

En canto a que se escoitamos ou non ás organizacións agrarias teño que dicir que dende o Partido Socialista e dende o Ministerio de Medio Ambiente claro que se escoitan ás organizacións pero xa lle dicía ó comezo da miña intervención que as negociacións non eran fáciles e vostedes sabíano, pero para as poñer máis difíciles vostedes votaron en contra na subcomisión do Parlamento para que o goberno español non levara un apoio unitario como tería que ser para obter mellores resultados.

Claro que estamos ó carón destes produtores, homes e mulleres do noso agro, porque ese é un compromiso.

Sr. González Sagarra, 5.100 millóns de euros van corresponder ó agro español e ademais vaise poder facer uso dos fondos que queden sen utilizar e van ser ata de 200 millóns de euros máis ó ano se se dera o caso. Como coido que non escoitou adecuadamente, repítolle que se consolida o orzamento para o 2013 e fornécense as vías de actuacións e apoio a sectores estratéxicos, entre eles o do leite.

Polo tanto nada de incompetencia, pero si reitero o oportunismo de hoxe do Partido Popular. Vostede mesmo recoñecía que a súa moción xa viña desfasada nalgunhas cousas. É un oportunismo e seguramente lles escoitaremos dicir nalgún mitin deses que fan vostedes polo rural de Galicia que presentaron unha morea de mocións nos concellos para a defensa dos intereses dos agricultores, ós que vostedes non defenden nin van defender pero isto vailles servir para propaganda.

Reitero que aínda que era moi difícil sacala adiante, foi unha moi boa negociación e vai permitir polo menos poñer ó noso agro en valor coas melloras que se van facer a partir de agora.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Sr. Rodríguez Díaz, insiste en algo que é evidente, todas as organizacións agrarias, todos os sindicatos agrarios que antes citei, todas están en contra dos resultados desa negociación que vostede dixo que era boa. É incomprendible, ou eles que están e traballan no sector están errados, ou a señora ministra é perfecta negociando. É realmente incomprendible, vostede non se dá conta de que está negando a realidade e con iso non se pode vir aquí.

Tamén o Sindicato Labrego Galego di que foi unha negociación nefasta; como pode vir aquí dicir xusto todo o contrario do que di o sector? Os que traballan no sector

din que é mala e vostede se empeña en dicir que é boa. Esa é a estratexia cotiá do Partido Socialista trasladando á sociedade xusto o contrario do que é positivo, bo ou necesario en cada caso, é a realidade do Partido Socialista trasladando sempre mentiras ou cuestións que non se axustan á realidade.

Neste caso dende logo que non se axustan e por suposto que votaremos en contra sempre que non sexa positivo para o sector porque, como imos votar a favor de algo que é negativo para o sector e fundamentalmente para Galicia? Se o Partido Socialista se empeña en votar a favor dunha cousa que é negativa, alá vostedes, nós non o podemos facer.

Tivemos unha época de vacas gordas cando estivo gobernando o Partido Popular e tiñamos de ministra á D<sup>a</sup> Loyola del Palacio, quen sen ningunha dúbida e con diferenza foi a mellor ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, a que mellor defendeu os intereses de España e particularmente de Galicia nesta cuestión e tamén unha extraordinaria vicepresidenta da Comisión Europea que obtivo uns resultados moi positivos en todas as negociacións que mantivo nestas cuestións. Moi lonxe queda a Sra. Espinosa, sen ningunha dúbida.

Ó final tampouco tiveron vostedes vontade de chegar a un acordo nesta moción. Ofrecinlles a posibilidade de variala amplamente, mesmo para solicitar que eses fondos que non se sabe moi ben onde van ir, se destinaran ó sector lácteo e a mellorar a actividade láctea en Galicia e vostedes non tiveron nin vontade, nin interese en aportar nada neste sentido. Polo tanto mantemos a moción facendo ese cambio que propuxen antes.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación.

Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. González Sagarra, instando ó Goberno o aumento da cota láctea proposta pola UE para o conxunto comunitario, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (242).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA QUE SE RETOME O PROXECTO INICIAL PARA O CHALÉ AGARIMO E SE EXECUTE NO MENOR PRAZO POSIBLE.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

"No mandato anterior, co goberno do Partido Popular, iniciáronse unha serie de proxectos dedicados a solventar as necesidades de tipo educativo, social, deportivo nas parroquias. Zonas onde os veciños teñen os mesmos dereitos que o centro da nosa cidade, a dispoñer de dotacións modernas e adaptadas á súa realidade.

Deste xeito, nese período de tempo puxéronse en marcha piscinas, centros de día, unidades básicas de acción social e deixamos licitados outros proxectos importantes.

Este é o caso do Chalé Agarimo, que no seu momento e tras varias reunións cos veciños se consensuaron os usos que as entidades máis activas da parroquia estimaban os máis necesarios, e con este acordo iniciouse a obra, dividida a súa execución en dúas fases e licitouse a obra en 2006, nunha primeira fase por valor de 510.000€.

Agora a situación ten cambiado, a construción do edificio está paralizada e o alcalde de xeito unilateral decide cambiar o uso e pretende facer un centro de saúde.

Por todo o exposto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Retomar o proxecto inicial, consensuado cos veciños e veciñas e executalo no menor prazo posible."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de decembro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

*A concelleira Sra. Iglesias Bueno procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.*

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Comenta que o edificio está paralizado, pero eu lle quero lembrar á Sra. Iglesias que xa nun debate anterior dinlle a razón desta paralización. Fixeron unha contratación da obra tan á baixa que tiña informes técnicos municipais onde lles advertían que era practicamente imposible facer a obra con ese presuposto. Vostede mesma recoñecía aquí que non sabía dese informe pero maximo que agora xa o coñece. Iso confirmouse cando a única empresa que se presentou pediu un modificado e que se lle pagase máis. Foi polo tanto esta outra das súas contratacións, feita non sei se con pouco rigor ou á presa e correndo.

En canto ó que vostede propón sobre que se retome o proxecto inicial, quérolle dicir que agora mesmo temos o compromiso do SERGAS de facer un centro de atención primaria no actual edificio que daría cobertura entre 5.000 e 10.000 veciños e veciñas. Teña en conta que hai persoas con cartillas que viven a máis de cinco quilómetros do centro máis próximo.

É certo que alí hai un fermoso centro social e coñecemos, apreciamos e consideramos todas as actividades que nel se fan. É certo que hai algunha destas actividades, como é a da banda de música en todas as súas categorías que ten problemas para os seus ensaios, pero tamén é certo que por parte deste goberno estamos estudando todas as coberturas que se puideran dar para solucionar eses problemas. En todo caso tamén hai que dicir que está ese compromiso do SERGAS de poñer ese centro de atención primaria.

Imos rexeitar esta moción polo que ten de taxativo de retomar o proxecto inicial, pero veremos se ese centro de atención primaria se puidera compatibilizar con algunha cousa máis.

SRA. IGLESIAS BUENO: Queda amosado que o PSOE non ten ningunha intención de retomar este proxecto. Iso de que non o licitamos cos cartos suficientes é unha escusa porque houbo unha licitación, adxudicóuselle a unha empresa que logo tivo problemas e non puido levar a piques o proxecto.

Para iso están vostedes. Tiveron un ano e medio por diante para renegociar porque hai moitas obras en Vigo nas que se teñen que facer modificacións. Gustaríame que me deran a cifra. O que está claro é que a vostedes non lles interesa.

O principal problema é que se obviou un traballo feito cos veciños cos que se chegara a un acordo. Ademais esta é unha vella reivindicación de hai máis de quince anos e dende o ano 2000 déronse pasos para a súa consecución, onde o máis singular, polo chamar dalgún xeito, é que primeiro se adxudica a obra, logo se paraliza e de xeito unilateral se cambia o proxecto dicindo que se vai facer unha cousa totalmente distinta do que os veciños querían.

Este é un caso único, non coñezo outro; sei do auditorio onde tiñamos un macro proxecto que se paralizou para facer un mini proxecto; pero isto de ter un proxecto e cambialo para facer outra cousa, a verdade que é o primeiro que coñezo en Vigo. Por outra banda do proxecto do centro de saúde non temos ningún informe técnico, non sabemos de onde saíu a idea, pero o que si sabemos é que segundo os veciños, segundo todos os colectivos, como o Consello parroquial de Beade que se reuniu recentemente con todos os colectivos que estaban alí: as ANPAS dos colexios Otero Pedrayo e Coutada, o Instituto de Beade, a Comunidade de Montes, a asociación "Ledicia", a banda Música-Escola de Beade, o Club de Fútbol "San Esteban", a Comisión de Festas "Santa Ana", a Asociación de Veciños de Beade, o BNG e o Partido Popular. Todos os colectivos estaban de acordo en que esta parcela non era a axeitada por varias razóns e a primeira era que as outras necesidades mencionadas anteriormente as consideraban máis importantes: o centro de día, a escola infantil e o local de ensaios para as bandas. De se faceren o centro de saúde neste lugar haberá problema de tráfico e de aparcadoiros, ademais hai outros dous centros de saúde moi preto, a un e medio ou dous quilómetros.

Á marxe disto, de se empeñaren en facer vostedes un centro de saúde, os veciños propoñen outra situación a 200 metros do chalé Agarimo onde hai espazo para aparcar e con todas as garantías para facer un bo acceso e ademais que nun futuro se poida ampliar.

Por iso este Grupo municipal do Partido Popular non entende o por que desta teima co centro de saúde neste lugar cando había un consenso de hai tempo entre Concello e veciños e agora algo que é necesario se rexeita, cámbiase o proxecto e preténdese facer algo que non é demandado polos veciños.



Outra das cousas que nos sorprenden, remítome a unhas declaracións do alcalde no seu programa de televisión semanal “Diálogos co alcalde” que, por certo, se debería chamar “Monólogos do alcalde” porque ademais a vostede que lle gusta tanto contar os minutos das intervencións aquí no Pleno, aí sae bastante ben parado nese programa porque practicamente fala vostede só. Neste programa houbo precisamente unha intervención dun veciño preguntándolle por esta cuestión e o que vostede dixo foi que nese lugar para ensaiar xa había moitos sitios, que xa había outro centro cultural enfronte. Iso está gravado e escoiteino eu dende a miña casa; foi así, como se esas persoas estiveran aí xogando ás cartas ou pasando o tempo. Falou dos músicos como se fosen profesionais e estivesen aí por pasaren o tempo.

Para mi iso significa un total descoñecemento do traballo que se fai nesa banda-escola onde hai máis de 180 persoas das que o 90% son mozos e hai nenos dende os 4 anos aprendendo música; onde se fai un labor social, educativo e ademais san para a xuventude e vostede trátaos de calquera xeito, di que se apañen cun local que hai enfronte. As aulas xa non chegan, non teñen onde gardar os instrumentos e cando se podería facer ese traballo con máis mozos da zona e do contorno, non se pode facer.

A vostede só lle soa o da banda de música e como iso lle parece folclore, di que xa teñen o outro centro cultural, pero non menciona que ademais nese proxecto había un centro de día e tampouco menciona que estaba proxectada unha escola infantil. Eu non sei se lembra que no seu programa electoral prometía 47 escolas infantís, unha por mes case porque o mandato ten 48 meses. Aínda estamos esperando pola primeira. Eu non sei do seu ritmo, ó mellor nos sorprende pero dende logo que estamos esperando pola primeira escola infantil.

Dende o Partido Popular cremos que se ten que tomar máis en serio ó movemento veciñal, neste caso ós veciños de Beade, e máis cando son proxectos consensuados co Concello e en execución que é o máis grave.

Pediríalle máis respecto con estes mozos e mozas que aprenden nesa escola de música e que non os trate como se estivesen alí pasando o tempo. Pediríalle tamén que proxectos como os de centros de días e escolas infantís fosen prioritarios para este goberno porque non o son neste momento.

A PRESIDENCIA: Sra. Iglesias Bueno, débolle dicir, só por unha cuestión de restauración da veracidade, que as declaracións que vostede me asigna son falsas, non as dixen.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Agrádame que a Sra. Iglesias Bueno siga o programa de “Diálogos co alcalde” porque así tamén se decatara máis do que estamos a facer e do que atendemos. Non hai ningún cambio de proxecto. Hai unha oferta do SERGAS para situar alí un centro de saúde. Coido que cambio de proxecto debe ser outra cousa, Sra. Iglesias, en todo caso hai unha oferta de centro de atención primaria.

Como non pode ser doutro xeito respectamos as suxestións que fan os veciños de Beade, faltaría máis, pero lle reitero o que lle dicía na miña primeira intervención: vostedes licitaron un proxecto de construción ó que se presentou unha soa empresa; nesa licitación había informes dos técnicos municipais nos que se dicía que con ese presuposto era imposible facer esa obra e así quedou paralizada. Agora vostedes tratan de confundir, pero que se saiba o que realmente hai.

Por outra banda reitérolle que nós temos o ofrecemento para instalar alí un centro de atención primaria e ademais coñecemos as necesidades de actividades socio culturais que hai e sobre todo as da banda de música en todas as súas categorías ou idades, como a vostede lle gusta dicir, e tanto para eles como para outras actividades estamos estudando que poidan resolver o seu problema. Dígolle ademais que co propio centro de atención primaria será compatible algunha das outras actividades.

Agrádanos que nos lembre o noso programa electoral porque o imos cumprir e vostedes sábeno. En todo caso reitérolle que imos votar en contra desta moción pero quedamos abertos para estudar xunto cos veciños calquera outra posibilidade.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A Sra. Iglesias na súa exposición di ás veces cousas moi sensatas, outras sorpréndenos porque sacan cousas que non se corresponden coa realidade.

É certo o que di respecto do proxecto inicial, pero que eu lembre este proxecto inicial comezou facerse hai uns catro ou cinco anos e ese é o problema que teñen as obras que quedan adiadas durante tanto tempo. É máis, foi precisamente o BNG, tanto co chalé Agarimo como co de Saiáns, quen defendemos que eses

centros tiñan que ser para escolas infantís e centros de día, tanto o defendemos que o de Saiáns, que fomos nós os que fixemos a primeira fase (falo do goberno do PSOE e BNG entre 1999 e 2003) e que vostedes continuaron a segunda fase, foi precisamente en Saiáns e no chalé Agarimo en Beade onde se definiu un proxecto que nós sempre apoiamos: que fose para un centro de día e para unha galescola.

Pero como dicía antes os proxectos son axeitados para o momento que se fan e o problema disto foi que quedou adiado durante moito tempo. Agora as normas cambian e neste caso nós seguimos a defender a necesidade dunha galescola e dun centro de día porque cremos que son necesarias as dúas cousas e por iso estamos apostando e estámolas a facer en toda a cidade.

A cuestión é que cando os técnicos da Xunta de Galicia foron visualizar o edificio e se lles ensinou o proxecto que era para unha galescola, dada a normativa tan estrita que nestes momentos ten a construción destes centros, normativa europea que non foi algo que inventou o goberno da Xunta ou o local, dixeron que o espazo non era axeitado pola normativa actual que esixe unha galescolas. Cada día a normativa para as galescolas é máis estrita e teñen que cumprir unhas proporcións, uns diámetros e unha serie de normas de seguridade que non permiten que se instalen debaixo de calquera edificio e esíxense especialmente construcións independentes; esta é unha das normas. Que conste polo tanto que dende este goberno municipal e dende a Xunta de Galicia tentouse que iso servira.

Evidentemente sei que este non é un consolo para os veciños que viven mesmo en Beade pero si quero que saiban que relativamente próxima van ter a galescola do parque tecnolóxico Beade-Valladares que como o seu nome di, vai estar alí. Nós queríamos que fose no outro sitio pero non puido ser por normas técnicas, non por cuestións políticas. Ademais dá a casualidade de que estaba presente un membro da asociación veciñal cando se dixeron estas cousas por un técnico ó presentaren o proxecto do parque tecnolóxico Beade-Valladares e de estaren aquí esa persoa, que non o está nestes momentos, daría fe porque falou persoalmente co técnico.

As cousas non sempre saen coma se quere e ó mellor, se durante estes cinco anos nos que vostedes estiveron neste goberno e tamén no da Xunta de Galicia, se lle dera marcha adiante a ese proxecto e se fixera axiña, nestes momentos teríamos alí unha escola infantil pero as cousas non sempre van cando nós queremos.

Respecto ó que dicían da prioridade dos centros de día e das galescolas, esa

prioridade estase a dar e así xa está unha galescola en marcha e a segunda vai ser a do parque tecnolóxico Beade-Valladares que vai ter nada menos que 110 prazas para nenos. Si que lle estamos dando prioridade ó igual que ós centros de día porque tamén vai haber un centro de día no parque tecnolóxico Beade-Valladares que pronto estará en marcha como tamén estará outro no centro de Vigo.

Durante catro anos vostedes non fixeron ningún. Nós en ano e medio teremos dous centros de día en marcha. Evidentemente defenderemos que dentro do que é o centro se instale todo o que sexa preciso para os veciños de Beade

SRA. IGLESIAS BUENO: Vale que o programa se pague con cartos públicos pero me vai permitir que diga que eu o teña gravadas as súas declaracións nese programa e me basee nelas.

A PRESIDENCIA: Non se paga con cartos públicos.

SRA. IGLESIAS BUENO: Non me pode acusar de mentireira cando eu teño as declaracións gravadas en casa.

Non me vou repetir en todas as argumentacións que din antes, pero o que está claro é que este é un goberno prepotente, absolutista, que non conta cos veciños, que cambia un proxecto que se está executando e vostede díxoo: "Os usos non estaban moi definidos e agora hai unha opción de poder retomalo como centro de saúde". Díxoo vostede, Sr. Rodríguez Díaz.

De verdade cren que son vostedes un goberno dialógante ou negociador? O movemento amósase andando e xa son moitas as parroquias que están sufrindo esta prepotencia. Pero o que si que me asombra é a postura do BNG, as argumentacións da Sra. Méndez son completamente surrealistas cando di que nós estivemos moito tempo co proxecto cando eran vostedes os que gobernaban daquela cando isto se iniciou, tomáronse a molestia de cambiar o uso do solo no 2000, de facer un convenio para trasladar as pedras. Nós comezamos o proxecto no 2006 porque non sei se lembra que gobernábamos en minoría e tivéronos que apoiar porque primeiro non nolo aprobaron e logo si e así puidemos levar a cabo este proxecto. Fixémolo o máis axiña posible.

Eu non teño ningún informe sobre a mesa de que esa gardería non se leve a cabo.

Paréceme sorprendente que vostede veña a Pleno coa argumentación de que un técnico nunha inauguración doutra cousa fixo o comentario de que non cabía. As cousas non se fan así. Eu coido que ten que ir un técnico alí arriba, a normativa non cambiou tanto nestes anos e se valía hai pouco ten que valer agora. Non me vale que vostede me diga que un veciño que andaba por alí escoitou o comentario.

Que a concelleira de Servizos Sociais diga que ese proxecto non se pode levar a cabo alí porque un técnico nunha reunión de veciños, ou nunha inauguración doutra galescola, ou nunha primeira pedra, ou do que sexa, dixo que non cabe aí e iso non nos serve. Nós pensamos que este goberno ten que actuar con seriedade e se había un proxecto inicial apoiado por todos os veciños, que non é que haxa pasado moito tempo e aí non haxa xa cativos ou maiores, a necesidade segue existindo e cada vez vai a máis, entón ese proxecto está tan vixente como hai oito ou nove anos e se demos todos os pasos para chegaren a el, non sei por que, por un capricho do Sr. Alcalde, de repente ese proxecto está obsoleto e non nos vale. Iso é o que me parece increíble.

Pero isto é un bo exemplo do goberno que temos: o PSOE prepotente e o BNG rendido e axeonllado ó poder ó prezo que sexa.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, instando ó Goberno municipal a retomar o proxecto inicial do chalé Agarimo, co

texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20. (243).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO, ENTRE OUTROS, A ELABORACIÓN E APLICACIÓN DE PROGRAMAS ASISTENCIAIS ESPECIFICAMENTE DIRIXIDOS ÓS NENOS CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro, a concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

"A psiquiatría infantil-xuvenil é a rama da medicina que se ocupa da poboación con problemas mentais e/ou do comportamento que se atopa na franxa de idade comprendida entre os 0 e 18 anos. É unha especialidade autónoma e independente da Psiquiatría de Adulto na maior parte dos países occidentais.

España é un dos poucos países europeos, xunto con Malta, Lituania e Romanía que carecen desta especialidade.

Isto ten graves consecuencias na práctica asistencial. Ante a falta dunha formación homoxénea e de calidade nos centros acreditados, no noso país os profesionais que se adican a esta área ou ben se forman no estranxeiro, ou pola súa conta a base de experiencia e traballo diario, sendo o seu labor difícil de realizar por non estar apoiados polos plans educativos que si existen no resto de Europa.

Hoxe en día os problemas da infancia e da adolescencia son moitos e graves. Só os suicidios na adolescencia son a segunda causa de morte e os cadros depresivos tenden a incrementarse achegándose perigosamente aos niveis dos adultos.

Os rapaces e rapazas son atendidos na maioría dos casos por psiquiatras xerais, en unidades de saúde mental de adultos, compartindo as listas de espera e o espazo físico destes maiores, o cal ten un efecto demoledor nos e nas menores.

As consecuencias desta precariedade son o mal diagnóstico nos nenos e nenas, a falta de tratamento psicoterapéutico axeitado, nenos e nenas con depresión, ansiedade, rexeitamento social e fracaso escolar, adolescentes con problemas de drogadicción, desestabilización na familia, etc. Problemas que son froito da falta de tratamentos precisos e dun mal diagnóstico.

O desenvolvemento dunha boa asistencia en saúde mental infantil-xuvenil propiciaría unha sociedade con máis capacidade preventiva dos trastornos mentais.

Por todo o exposto, o grupo municipal do Partido Popular presenta para a súa aprobación en Pleno a seguinte proposta de acordo:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a elaborar e aplicar programas asistenciais especificamente dirixidos ós nenos con problemas de saúde mental.
- 2.- Apoiar no Consello Interterritorial a creación a nivel nacional da especialidade de psiquiatría infantil, que como no resto de Europa proporcione á poboación infantil-xuvenil una asistencia en saúde mental de maior calidade.
- 3.- Que o Pleno do Concello dea o seu apoio ó labor que desenvolve a Plataforma de familias para a creación da especialidade de psiquiatría infantil-xuvenil e promova a incorporación deste Concello a dita plataforma."

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 22 de decembro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Ante todo quero dar as grazas ós pais que están esperando á intervención do noso grupo porque nós si que estamos moi involucrados en todos os temas que se refiren ós menores.

*Deseguido a Sra. García Míguez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.*

SRA. LÓPEZ ATRIO: Espero que as persoas que están no Pleno con este problema ademais da intervención do Partido Popular, tamén esperen á nosa, tanto a do Partido Socialista como a do Bloque Nacionalista Galego.

Estamos totalmente de acordo coa necesidade da creación dunha rama de psiquiatría infantil, rama infantil-xuvenil para poder asistir ás necesidades dos nenos e nenas e dos mozos que o precisen. É sorprendente que a estas alturas, non esquezamos que logo de tantos anos de goberno duns e dos outros, non se establecera antes esta especialidade. É certo que ó parecer esta en concreto non está contemplada en España, senón que é psiquiatría de adultos e nin sequera se contempla unha sub-especialidade de atención individual para nenos e nenas.

Estamos de acordo na necesidade urxente de creación desta especialidade mesmo a nivel universitario, para todos os problemas que os rapaces presentan que son moitos. Aqueles que por unha ou outra razón temos trato coa infancia e a xuventude, sabemos que necesitamos toda a axuda posible e non só dos psicólogos senón tamén dos psiquiatras. Necesítamola en varios aspectos. Primeiro

sería moi importante ter equipos de saúde mental cun psiquiatra, un psicólogo clínico, unha enfermeira, unha asistente social e todo o aparato administrativo preciso e que ademais se situaran en espazos distintos ós de atención de adultos. Habería que establecer tamén unhas redes de educadores, profesores e orientadores debidamente informados porque ás veces os profesionais que estamos traballando cos rapaces non temos a información axeitada en canto ós problemas psiquiátricos; temos ó mellor un pouco máis de coñecemento psicolóxico pero si que nos viría moi ben todo tipo de información neste campo. Eu xa pido máis cousas porque penso que tamén é conveniente a información social xa que moitas veces a sociedade descoñece que existen graves problemas psiquiátricos en cativos que son a base dos problemas psiquiátricos dos adultos se non os atendemos debidamente. Normalmente clasifícanse os rapaces polas súas patoloxías pero non polas necesidades marcadas pola idade ou pola madurez de cada un deles.

Por suposto que apostamos por todas as demandas que propón esta moción, faremos o posible dependendo deste texto, pero estamos dispostos a apoiar ó máximo todas as reivindicacións que a Plataforma de nais e pais quere que apoiemos. Ademais pensamos na necesidade de creación de unidades hospitalarias onde os cativos estean separados dos adultos, mesmo en programas de respiro familiar e de atención domiciliar que, ó igual que no coidado dos adultos, é tan necesaria para os pais e para a familia e, se pode ser o máis axiña posible, en centros de rehabilitación psico-social adaptados a cativos e mozos.

Este non só é un problema de familia senón que é social porque nun futuro, dadas as circunstancias, coido que o aumento das enfermidades mentais en mozos e nenos vai ser enorme. Non vou dar datos porque seguro que vostedes os teñen, pero si me parece moi importante atender á súa moción e a estas demandas.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Antes de nada tamén quereda dar as grazas á Plataforma de pais e nais para que se cre a especialidade infantil-xuvenil de psiquiatría. O único que lamento é que non sexa unha proposta que viñera ós tres voceiros porque seguro que os tres grupos municipais estaríamos encantados de apoiar esta demanda tan sentida por xente como a que está presente nesta sala e que eu teño coñecemento que leva traballando moitos anos por isto. Aínda que a Plataforma se



creara agora, sei que como nais levan moitos anos loitando por este tema. Ademais isto tócame especialmente porque son médica, estiven no Nicolás Peña e vivín circunstancias de xente pequena, de xente moi nova ingresada no hospital de agudos de Psiquiatría.

Como ben se di neste informe que teño a honra de ter e que elas tiveron a boa idea de pasarme, é triste que os nenos e os moi mozos teñan que estar xunto cos adultos na atención hospitalaria. Tamén como se di neste amplo informe que eles teñen, coma médica falo con coñecemento de causa, hai que pensar a nivel preventivo. Por desgracia hoxe en día non se está pensando neste aspecto xa que unha diagnose a tempo dun especialista sería moito máis doado e logo traería moitas menos consecuencias, porque cando os rapaces tardan anos e anos sen diagnosticar logo as súas patoloxías están tan evolucionadas e feitas crónicas que non teñen moito remedio. Nese sentido dicir que se poderían evitaren cousas tan terribles como o suicidio infantil que é a segunda causa de morte entre os 8 e os 18 anos.

Temos datos e sabemos o que hai. Así na área sur da provincia houbo 5.000 consultas anuais e demostrouse un forte aumento asistencial entre 1999 e 2006; houbo un 27% máis de primeiras consultas e un 11% máis de segundas consultas. Para atender a toda esta cantidade de xente só contamos con dous psiquiatras infantís e dous psicólogos que atenden a nenos de ata 16 anos. É precisa a creación dunha unidade de psiquiatría infantil.

Sabemos que a nivel estatal imos atrasados a respecto dos países do contorno; tamén que ó non haberen aquí a especialidade, cando os nosos profesionais se queren formar teñen que ir ós Estados Unidos ou a Gran Bretaña, teñen que facer unha formación de catro anos e logo ó volveren moitas veces teñen dificultades para que lles sexa recoñecida a especialidade. Nestes momentos máis dun 20% da poboación infantil-xuvenil padece un trastorno mental, nuns casos máis e noutros menos grave. Sería necesaria non só a creación desta especialidade, senón tamén a formación rápida de moitos especialistas.

Nós apoiámolo e ímolo seguir apoiando e de feito xa hai catro anos, cando nos presentamos ás eleccións autonómicas, eu tiven a honra de participar na elaboración do que foi o programa electoral para sanidade e unha das cousas que pediamos no que é a psiquiatría era: "A atención específica á poboación infantil e

adolescente ata os 18 anos nas unidades de saúde mental infantil-xuvenil". Falabamos da necesidade da creación de hospitais de día para adolescente por área de saúde e dunha unidade de hospitalización infantil e de adolescentes de agudos, así como de centros educativos sanitarios para o alumnado con trastornos graves de conduta.

Temos perfectamente claro que hai que facer unha diferenciación, que non se poden mesturar adultos con nenos e que se require unha axuda moi importante. Á parte da creación de dispositivos, recursos e infraestruturas necesarias, sería necesaria a creación tamén da especialidade.

Non só coa especialidade imos arranxar todos os problemas porque se temos especialistas pero non temos recursos e non facemos unidades de saúde mental non sería suficiente. Por iso non só apoiamos esta idea senón que queremos ir máis aló porque coidamos que é necesario e que iso mellorará a saúde da nosa sociedade, porque nos cativos e nos adolescentes está o futuro.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sra. Méndez, comentou que tivo a honra de participar no programa electoral no tocante á sanidade. Non estará pois contenta porque de todas as promesas non se cumpriu absolutamente ningunha e xa sen falar da desprotección dos nenos abusados e maltratados, pero moito menos con respecto a este tema. A min non me daría satisfacción participar nun programa do que non se levou nada a cabo e cando lle responda á Sra. López Atrio direi por que.

Dixo que hai dous psiquiatras e dous psicólogos en Vigo. Non é certo, hai dous psiquiatras e dous psicólogos para toda a área sur de Galicia. Vostede dixo que para a provincia e non é certo.

Este programa electoral cobre ata os 16 anos, entón que pasa cos menores de 16 a 18 anos? Tampouco teñen cuberta a asistencia e envíaselles a unidades de atención de adultos e non de menores, teñen unha carencia asistencial grave.

Sorpréndeme enormemente que vostede aprobe esta proposta e que lle pareza todo estupendo porque a tivo enriba da mesa; puido levala a cabo e non fixo absolutamente nada así que me enche de orgullo e satisfacción que fose o Grupo do Partido Popular quen vise a importancia que si ten porque para nós os menores si teñen moita importancia.

Sra. López Atrio, todo o que me contou son proxectos dun Plan Estratéxico de

Saúde Mental de Galicia do ano 2006-2011 polo que D. Víctor Pedreira, subdirector xeral de Saúde Mental e Drogodependencias, amosa ter un motivo de profunda satisfacción. Neste Plan que se supón que se tería que ter levado a cabo, fálase “Dos puntos débiles e fortes, ameazas e oportunidades”. Supoñíase que mentres non rematase o mandato poderían empezar a traballar con estes puntos débiles, estas ameazas e estas oportunidades de cara a solucionar os problemas non resoltos e de cara a mirar ó futuro.

Voulle falar dalgúns temas dos que tanto se comprace D. Víctor Pedreira.

Dentro dos puntos débiles ten: “A inexistencia de unidades de hospitalización psiquiátrica infantil-xuvenil”. Catro anos despois seguimos exactamente co mesmo. Dentro das ameazas temos: “Unha potencial saturación da rede hospitalaria con distorsión funcional grave por déficit de recursos e incremento de demandas en toda a rede”. Nin que dicir con respecto ós menores. “O potencial risco de aumento de lista de espera”, como antes comentaba a miña compañeira. “Potencial incremento do estigma do trastorno mental severo”. “Potencial saturación da rede ambulatoria”. Hai moitas referencias de especialistas e de asociacións nas que nos comentan, sobre todo na cidade de Vigo, que nenos que necesitan atención inmediata tardan dous ou tres meses para que lles atenda un psiquiatra. No mellor dos casos a consulta dura media hora, failles unha diagnose e cinco meses despois ven como vai a súa medicación, cal é a súa atención...; cinco meses despois a un menor dándolle unha medicación psiquiátrica. Parécenos vergoñento.

Seguimos coas ameazas ás que o Goberno socialista na Xunta de Galicia non lles puxo solución: “Risco de perda de prácticas integrais”. Evidentemente, se non hai unha atención psiquiátrica axeitada, canto menos o tratamento multidisciplinar que estes nenos merecen dende un punto psicolóxico, social e nin que dicir ten na educación.

Dentro das oportunidades fala deste Plan Estratéxico e din que é unha grande oportunidade. É a oportunidade que tiveron para o levar a cabo e non o fixeron.

Dentro do desenvolvemento das liñas estratéxicas teñen como referencia á saúde infantil-xuvenil que “...Deberanse potenciar as existentes nos núcleos urbanos e áreas metropolitanas máis importantes como Santiago, A Coruña e Vigo xa que aquí é onde existe unha poboación xuvenil máis numerosa”. Teñen como

documento base este Plan Galego de Saúde Mental para levar a cabo nestes catro anos o de 1987. Hai un recoñecemento público a través dun informe e dun Plan que se supón que se vai levar a cabo e continuamos exactamente cos mesmos medios que hai dez anos.

Logo o Plan di que “Con carácter xeral nas unidades de saúde mental se deberá contar polo menos con dous psiquiatras”. É algo que se ía levar a cabo e non se fixo. “Nas áreas de Vigo e a Coruña pola súa maior taxa e número de poboación infantil-xuvenil se precisarían dúas unidades”. Con isto xa estamos a falar de catro especialistas para a atención destes menores. “A posta en marcha dun novo programa sobre trastorno mental grave na adolescencia debería supoñer como mínimo o incremento dun facultativo especialista máis por unidade”. Xa estamos falando de cinco psiquiatras para a unidade infantil-xuvenil que non existe en Vigo. “As idades que se atenden nestas unidades de menores de dezaseis anos, deberíanse estender nun futuro ata os dezoito”. Cousa que tampouco se está facendo.

Este é o Plan que vostede promovía e que lle parece unha idea estupenda. Eu demostréille ademais que está escrito e que se debería ter levado a cabo, que se compraceron moito del pero non fixeron absolutamente nada.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Falábame do ano oitenta e tantos. Isto ven moi de atrás pero proporcionalmente é moi pouco tempo. A miña especialidade non está en sanidade senón en educación, pero ó longo da miña vida profesional si notei a necesidade urxente dunha atención psiquiátrica a moitos nenos cos que me atopei; pero sinceramente non teño coñecementos en sanidade. Non obstante ó recibiren a súa moción pensamos que é o momento axeitado de apoiala con todas as consecuencias, é dicir, tal e como pide a Plataforma, sen dilacións, é o momento de facer as cousas ben. Isto ten aínda un inconveniente porque se necesitan especialistas que non se fan nin nun día nin nun mes, requiren polo menos catro anos de preparación; non obstante, se hai xente que teña esa especialidade sería o momento da aproveitar.

Aquí estamos todos dispostos a apoiar a necesidade que se presenta, a buscar os medios, modos e maneiras de solucionar porque vivir con cativos e mozos con graves problemas mentais non é nada doado para ningunha sociedade e nós queremos unha sociedade onde poidamos convivir. A saúde é o máis importante, sobre todo a saúde

mental.

Apoiamos totalmente esta proposta. Melloramos a situación o máis axiña posible.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Só por cuestión de orde. Nunca tiven na miña mesa ningún tipo de proposta, se eu tivera esta proposta a traería a Pleno.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Paréceme unha irresponsabilidade que vostede diga que non tivo nunca a proposta enriba da mesa porque a información que temos é que si a tivo e que para nada foi do seu interese, como todo o que amosa con respecto ó tema de menores.

Sra. López Atrio, evidentemente que as cousas cambiaron e para mal porque as situacións de problemas mentais en menores incrementáronse considerablemente. O goberno socialista na Xunta de Galicia non levou a cabo actuacións, por iso continuamos con unhas carencias asistenciais que se incrementaron co paso do tempo.

Gracias por apoiar a moción e felicitacións á Plataforma.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, instando a elaboración de programas asistenciais dirixidos ós nenos con problemas de saúde mental, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (244).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A MODIFICACIÓN DA CATEGORÍA PROFESIONAL DOS AXUDANTES DE OFICIOS DO CONCELLO.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“Na Relación de Postos de Traballo do Concello recóllense as distintas categorías profesionais e o funcionario ou persoal eventual que o desempeña. Cada un destes postos de traballo ten asignado unha guía de funcións.

Entre as distintas categorías funcionariais atópase o posto de Axudante de Oficios. Este persoal da plantilla municipal está desenvolvendo a súa función nos centros públicos de Educación Primaria da cidade, xa que é a Administración local a encargada do mantemento destas instalacións.

Este persoal ven desenvolvendo traballos que non se atopan recollidos na súa Guía de Funcións e que engaden ás súas tarefas cometidos que non son propios do seu posto de traballo. Levar correo, facer fotocopias, e traballos de gran bricolaxe en reparacións eléctricas, albanelería, fontanería, etc., son algunhas das funcións que están a desempeñar, o que fai que os traballos que levan a cabo sexan similares dos dun Oficial de Servizos.

A Dirección destes Centros depende da Xunta de Galicia o que ocasiona trastornos a estes funcionarios de plantilla municipal á hora de solicitar os seus dereitos, funcións a desenvolver, solicitude das xornadas de vacacións, asuntos propios, etc...

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón o Pleno da Corporación do Concello de Vigo a seguinte proposta:

- 1.- Que se amplíe a lista dos denominados "*corretornos*".
- 2.- Que se modifique a categoría profesional dos Axudantes de Oficios xa que realizan traballos que non recolle a súa Guía de Funciones."

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 22 de decembro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Na Relación de Postos de Traballo deste Concello de Vigo recóllense distintas categorías profesionais, tanto dos funcionarios como do persoal laboral, que á súa vez teñen asignadas guías de funcións e dentro delas atopámonos cun corpo denominado axudantes de oficios. Este persoal ocúpase do mantemento nos centros públicos de educación primaria xa que é o Concello quen ten esa obriga. Veñen desenvolvendo a maiores traballos que non se atopan na guía de funcións como é o caso da realización de fotocopias, levar o correo, o bricolage maior como pode ser fontanería e electricidade. Estas funcións a maiores son de oficiais de servizos.

As direccións destes centros que dependen da Xunta de Galicia ocasiónanlle

trastornos continuados a estes funcionarios do cadro de persoal municipal porque cando precisan pedir as vacacións, os días de permiso ou mesmo ó realizaren as súas obrigas laborais atópanse con moitos problemas. Así tamén cando precisan coller unha baixa laboral ou ausentarse por motivos normais dos seus postos de traballo, as súas prazas cóbrense por persoal de LINORSA, unha empresa de carácter privado. É bastante estraño que unha praza de funcionario se cubra nalgún momento co persoal da empresa privada, é como se o persoal do Concello se substituíse por unha ETT, LINORSA, que pon os seus traballadores a dispor. Por iso solicítase que se amplíe a lista dos denominados “*corretornos*” para evitaren que estas baixas de carácter temporal sexan cubertas por persoal de LINORSA e que se modifique a categoría profesional dos axudantes de oficios xa que realizan traballos que non recolle a súa guía de funcións.

SR. LÓPEZ FONT: O Sr. Martiño como noutras ocasión, ten o don da oportunidade porque fala dos “*corretornos*” e é certo que é algo que implantamos recentemente para solventar problemas de funcionamento nos colexios. Non se trata aquí de presumir ou de colocarse medallas pero é certo que fronte ó destino que tiña cada axudante de oficios instauramos dalgún xeito esta figura do “*corretornos*” para ter a posibilidade de que o contratado poida coller permiso ou baixa laboral.

Non entendo iso de que se amplíe a lista dos “*corretornos*”, non sei se o que quere dicir é que esta función se debe acumular á guía de funcións ou se o que se está propoñendo é que onde neste momento hai un número de “*corretornos*” haxa máis. Non o entendo e polo tanto sería necesaria unha aclaración para poder tomar unha decisión sobre esta moción.

A miña intención é que toda guía de funcións que non estea actualizada se modifique, pero non sei se na moción hai un erro de redacción porque o que non podemos é modificar a categoría profesional de axudantes de oficios que ten suficientemente claras as súas funcións, aínda que é certo que poden realizar algunha outra que se podería incluír nese proceso de actualización da guía de funcións.

En todo caso a proposta que nós aceptaríamos sería que se modifique a guía de funcións dos axudantes de oficios no tocante ó que poidan estar facendo e que nestes momentos non estea recollido.

A concelleira de Educación dime ademais que non se obriga a ninguén a realizar unha serie de funcións e que loxicamente as vacacións se dan en función do verán e que hai a correspondente organización en todos os colexios como no resto dos servizos municipais.

Pídolle polo tanto aclaración no sentido de que o concepto de “*corretornos*” xa o temos instaurado e é unha forma de organización para cubrir permisos e baixas laborais; non entendo se o que quere é que se amplíe o número ou que este concepto de “*corretornos*” se engada á guía de funcións.

En canto á categoría profesional non imos aceptar a modificación porque en todo caso se trataría de delimitar perfectamente que fai un oficial de servizos e que fai un axudante de oficios, pero nunca modificar unha categoría. Tampouco hai unha proposta de seu en canto a como sería a denominación e funcións.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sr. López Font, na anterior moción xa dicía que non se decatava do que eu pedía, pero si que se decatou para realizar o que pedía eu na moción. Como dicía o meu compañeiro, Sr. Figueroa, non se decata do que pasa na cidade pero tamén lle digo que non se decata do que acontece nesta Casa.

Vostede rexeitou a moción que presentei no Pleno do 24 de novembro de 2008 porque segundo vostede o “Plan Concilia” non se podía aplicar. Nada máis que catro días logo, con data 28 de decembro de 2008, vostede concedeu por decreto o Plan Concilia ás catro persoas que eu solicitaba que se lles aplicase. Non entendía ben o que eu lle solicitaba e sen embargo si que o soubo aplicar. Eu entendo que ó mellor o Sr. Alcalde chamouno á orde e por conseguinte realizou o que tiña que facer no seu momento que sería aprobar a moción do Partido Popular.

Se vostedes lle pediron ó Bloque que votasen en contra da moción e logo a aprobou por decreto, gustaríame saber que opinan eles neste sentido xa que, se vostedes están dicindo non por un lado e polo outro si, realmente deixan en mala posición ó Bloque cando votaron negativamente. Pero o que si é verdade é que xa houbo catro funcionarios que reclamaron os seus dereitos e llos outorgamos dende a oposición, porque esta moción presentámola nós e vostedes aplicárona.

Na comisión informativa vostede me preguntou de que ía esta moción. Efectivamente non se dá conta vostede do que pasa nesta Casa, pero non só nisto porque eu teño unha morea de mocións de persoal no caixón e vounas deixar de



presentar por veren se vostede deixa de facer o que eu lle estou dicindo e entón a ver como nos vai nesta Casa.

O que está claro é que os axudantes de oficios desenvolven a súa actividade na rama de educación dentro dos colexios públicos. Efectivamente a nosa compañeira indicounos que non hai ningún problema; creo que si que o hai posto que en varias ocasións os sindicatos lle pediron entrevistas para solucionar este problema.

Vostede indícame que a guía de funcións é a correspondente ó posto que se está desenvolvendo. Eu dígolle que a primeira guía de funcións existente é do 14 de maio de 1999; aí aparecen as tarefas que teñen que realizar estes funcionarios do Concello. Posteriormente téntase crear outra guía de funcións con maiores responsabilidades que non se aproba polo goberno; preséntase pero non se executa.

Finalmente temos unha terceira guía de funcións que é o que fan pero non polo que lles pagan. É dicir, están executando funcións distintas ás que lles pagan porque están facendo bricolage de grandes reparacións e na súa guía de funcións se especifica claramente que o que deben efectuar son pequenas reparacións como persianas, cisternas, pechaduras, portas, ventás..., pero non é facer unha parede, nin colocar o revestimento, nin nada que se lle pareza porque ese labor precisaría doutra persoa de axuda. Eles serían precisamente os axudantes dese oficial de servizos que é o que están reparando; os sindicatos lles solicitaron en repetidas ocasións que se reunisen con eles. En principio son peticións pero nun momento dado se transforman en reclamacións. Igual logo ó se decataren o Sr. Alcalde lle volven chamar á orde e nese momento será xusto cando se execute e volverán outra volta a cambiar porque Sr. Alcalde, eu non entendo que no Pleno me rexeiten a moción e catro días logo cambiasen de opinión e por decreto recoñecesen o que solicitaba a oposición. Podo maxinar que nos vai pasar o mesmo agora. Gustaríame que si porque o importante é que os funcionarios obteñan o beneficio que este Partido Político quere darlles.

Efectivamente os sindicatos pedíronlles reunións en varias ocasións para falar. O das vacacións é real porque en moitos sitios o persoal funcionario non pode coller as vacacións cando desexa posto que a persoa responsable non o ve con bos ollos, eles sábeno e evitan calquera circunstancia para evitaren enfrontamentos. Coñezo unha persoa que xustamente este verán se tiña que iren de vacacións coa súa filla

e por determinadas circunstancias non o puido facer.

Está claro que os sindicatos solicitan decote este cambio de categoría porque os traballos que están realizando os axudantes de oficios corresponde a outra categoría e non á súa praza. Todo isto está provocando un continuo enfrontamento entre sindicatos e xa o vimos nos xornais en numerosas ocasións. O mes pasado vimos que a paz social que se mantivo durante os tres anos de goberno da Sra. Porro rompíase no Comité de Persoal por diferencias co orzamento. Semella que esa paz social que durou tres anos remata por mor dunhas reclamacións que vostedes non están atendendo e que provocan unha situación de desigualdade.

Sr. López Font, en canto ós "*corretornos*" vostede di que non sabe a que me refiro, se é ou non para a lista. Vostede sabe perfectamente ó que me estou referindo e se dalgún xeito quere facer como que non entende do que estamos falando paréceme ben, pero ten que o saber porque as facturas que veñen de LINORSA teñen que incluír estes traballadores que substitúen ós nosos de baixa. Se realmente o que non entende é que a figura do "*corretorno*" é a que substitúe no caso de baixa de calquera funcionario co persoal laboral doutra empresa, estamos nunha situación bastante anómala. Se di que non sabe que se produce iso é grave porque estamos asinando facturas das que se descoñece o seu contido.

Vostede entende como tal a figura do "*corretornos*" e se é necesario ampliála, como vostede dixo, que se faga agora pero non *diga* vostede que se estaba a facer e que teño o don da oportunidade. O que si afirmo é que ata a data nalgunhas ocasións xa se substituíu persoal funcionario do Concello por persoal de LINORSA.

Quedamos pois na necesidade da existencia dos "*corretornos*" e que as listas se amplíen para poder cubrir esas necesidades.

SR. LÓPEZ FONT: É unha frase moi propia de vostedes e sobre todo de seu a de "non se decata de nada". Pero quen non se decata de nada é vostede porque con este xogo das adiviñas no que vostede presenta a moción dun xeito e eu parece que sei, pero teño que intuír o que di, quen non se decata de nada é vostede. Eu estoulle preguntando se quere engadir o concepto de "*corretornos*" á guía de funcións ou se o que vostede está pedindo aquí é que en troques dun "*corretornos*" haxa catrocentos cincuenta. Se vostede non me quere contestar a isto, se quere converter este Pleno nun xogo de adiviñas alá vostede, pero coido que lles debe

presentar sinxelamente as mocións ós traballadores desta Casa que tan pomposamente fala e di coñecer.

Sr. Martiño, eu cando estou traballando coas mocións de verdade non sei o que propón; vostede xoga ás adiviñas e agora o que propón é que os axudantes de oficios pasen a oficiais de oficios e como o quere agochar doutro xeito ponme aquí que “se modifique a categoría profesional”. Non hai que modificar ningunha categoría profesional. É vostede quen non se decata porque neste Concello ten que haber axudantes e oficiais de oficios e uns teñen que facer unhas cousas e outros outras, haxa catro ou catrocentos. Outra cuestións é que alguén faga algo por riba das súas funcións.

Pero isto non pasa só nos colexios, pasa nas oficinas e en todos os sitios que determinados funcionarios están facendo un pouco máis das súas funcións e que é un problema que ó mellor eu cando leve aquí catro anos non o solucionarei, pero o que está claro é que o goberno anterior do Partido Popular tampouco o fixo. Non poñan cara de sorpresa porque o anterior concelleiro de Persoal negociou absolutamente todo sen dotación orzamentaria e cunha paz laboral ficticia porque acordaron unha valoración de postos de traballo que eu rétolle aquí, no Pleno, a que me traía a acta onde se acordou esa valoración. Así é como traballaba o anterior goberno.

Ós acordos que chega este goberno son escritos e asínanse entre os sindicatos e o concelleiro de Persoal. Este goberno está asumindo economicamente unha débeda do anterior concelleiro de Persoal que non está asinada por ningures, só a boa vontade e boa fe deste goberno para cos traballadores deste Concello solucionaron estes problemas. Non me veña dar leccións porque lle lembro que en canto á paz social e no ano e medio que levamos gobernando, o ano pasado na Mesa de Negociación houbo un acordo entre os sindicatos e máis eu sobre o orzamento; este ano houbo tamén paz social porque senón teríamos mobilizacións. A parte máis importante que maxino que vostede coñece foi o acordo sobre Policía Local, asinado con todos os sindicatos.

Está vostede mesturando cousas que non teñen nada que ver. Está traendo aquí unha reivindicación dun colectivo para pasar a outra categoría e eu a iso dígolle que non. Dígolle que si á posibilidade de que a guía de funcións dos axudantes de

oficios, se non está totalmente ben que se axuste. Pero o que non imos aceptar é que por vía dunha moción convertamos a categoría de axudantes de oficio en, que Sr. Martiño? Segue sen facer unha proposta porque son moi distintas as categorías e as persoas que as ocupan. Se o que me quere dicir é que ten que desaparecer a categoría de axudantes de oficios dígao. Do que se trata é de establecer unhas guías de funcións axeitadas.

Eu recibín e falei permanentemente cos sindicatos e hai unha sintonía que xa vexo que é a que a vostede lle molesta. Coido que non lle fai ningún servizo á paz laboral que semella que tanto lle preocupa terxiversando debates.

Vostede trouxo aquí unha cuestión concreta sobre o Plan Concilia; eu falei da aplicación xeral deste Plan neste Concello e díxenlle ós sindicatos que se ían establecer medidas de conciliación familiar antes que vostede. Ademais a Concellería correspondente tamén tiña un plan que pasou á miña Concellería para a negociación do convenio. Non vai ridiculizar o que fixo a miña Concellería porque efectivamente sacou un decreto para catro persoas que solicitaron a conciliación en canto a horarios porque sabe vostede perfectamente e omíteo aquí, que se está negociando un convenio colectivo no que se pretende meter esa parte como algo moi importante.

Se vostede pretende adxudicarse medallas polo que propón aquí, cousas que xa se están realizando, faga o que queira. Coido que o que lle debería importar verdadeiramente é que os traballadores deste Concello se sintan ben, pero con todas esas mocións que me anuncia xa vexo que ese non é o seu obxectivo.

Sr. Martiño, cando teñan un tema que denunciar fágano, pero nin vostede nin o Sr. Figueroa a estes retos responden posteriormente coa demostración das probas. A min non me fale de que hai cesión de traballadores de LINORSA en favor do Concello de Vigo porque iso é ilegal; demóstreo porque estou seguro que se tivera probas iría ós tribunais.

O Cadro de Persoal do Concello en axudantes e oficiais de oficios, igual que en administrativos, é escaso, entre outras cousas pola xestión que fixeron vostedes durante catro anos. Nós estamos administrando do mellor xeito os recursos humanos que temos co que estamos falando de cousas distintas. Eu non lle podo aceptar que se amplíe a lista dos denominados "*corretornos*", porque tampouco o concreta e eu non son adiviño. Vostede agora que o di deste xeito apuntouse ó que

fixo a miña Concellería porque durante os tres anos e medio que vostedes gobernaron non había “*corretornos*”. O problema é que vostede ten un grave descoñecemento sobre o que fixo o anterior goberno. Como non había “*corretornos*” e como hai determinados problemas no funcionamento dos colexios, esta figura creouna este goberno. Agora o trae aquí e comprendo que é moi lícito que o faga, pero esta figura creouna a miña Concellería.

Cando queira que determinados traballadores, seguro que moi licitamente, pasen dunha a outra categoría propóñao porque é igual que se chega vostede aquí dicindo que se modifique a categoría profesional dos auxiliares administrativos. Estou en total desacordo porque neste Concello e vostede deberían saber perfectamente, ten que haber axudantes de oficios coas súas funcións e tamén oficiais de servizos no número que sexa e que poidamos.

Entre os dous grupos faláramos de aprobar esta moción, pero dado o misterio que vostede pon nela, dadas as escuras intencións e os seus motivos inconfesables, votaremos en contra da moción porque debería facer unha proposta.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Co que di vostede parece que isto é un escuro libro en troques dunha moción. A moción é bastante clara e especifica claramente que “se amplíe a lista dos denominados “*corretornos*”. Estamos falando dos axudantes de oficios que están traballando nos colexios de educación primaria. Falamos de algo concreto, se vostede non o entende terá que lle dedicar o día enteiro para que se decate do que di.

Tamén pido que “se modifique a categoría profesional de axudantes de oficios xa que realizan traballos que non recolle a súa guía de funcións”. Efectivamente, Sr. López Font, eu non podo dicir a que categoría teñen que subir os axudantes de oficios, pero o que si lle digo é que as funcións que están realizando non son as que figuran na guía de funcións correspondentes ó Grupo E, os axudantes de oficios teñen que realizar uns traballos realmente taxados, pero sen embargo desempeñan traballos doutra categoría, a de oficial de oficios, Grupo D.

Cando vostede non ten xustificacións o que fai é aludir a outros tempos nos que gobernaba a Sra. Porro. Dígolle de novo que sei do que me está falando e sorprenderíalle saber que tampouco vostede o está facendo tan ben. A min non me gustan as medallas pero non se as poña vostede tampouco. Vostede sinxelamente

está pasando pola Concellería de Persoal pero realmente non está actuando, só está asinando decretos sobre cousas que di que xa tiña pensadas; é coincidencia que catro días despois asine vostede un decreto concedendo o que o Partido Popular solicitaba. Saliento que vostede está tentando que o Grupo popular non teña a debida repercusión coas mocións sobre temas de persoal presentadas, non quere recoñecer que este grupo está tentando solventar os problemas que vostede está deixando e que, cando o Sr. Alcalde os escoita, lle chame á orde e lle di que faga un decreto, decreto que se asina catro días despois aínda que polos sindicatos xa vostede coñecía o tema de antes.

Falou vostede da paz social, dixo que o ano pasado a tiña, que este non. Efectivamente este ano non existe, non sei se vostede non le os xornais ou non o quere saber porque falan de rotura. A paz social mantívose durante tres anos co goberno de Corina Porro. Vostede leva un ano e medio e xa houbo rotura, pero iso non se pode recoñecer.

Sr. López Font, como segue coa tónica de non querer entender as mocións, pídlle que lea polo miúdo a moción e observará que fala dos “*corretornos*” correspondentes ós axudantes de oficios para que dean servizos a determinados colexios onde esas prazas están vacantes. Non diga logo vostede que é xustamente o que pensara porque entón entendeu o que dixen. Quen é incongruente é vostede ó falaren.

Efectivamente digo que “se modifique a categoría profesional dos axudantes de oficios xa que realizan traballos que non recolle a súa guía de funcións”. Insisto en que a súa guía de funcións é do 14 de maio e nestes momentos se podería modificar.

Solícito que pense a súa decisión de non votar a favor, que vote en consonancia co que realmente é bo para este Concello. Non faga votar en contra ó BNG e a metade da semana vostede faga o que propón a moción, porque con esa situación o BNG queda mal.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira,

López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, instando a modificación da categoría profesional dos axudantes de oficios do Concello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

22.- (245).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A RETIRADA DAS PLACAS CONMEMORATIVAS NON AUTORIZADAS POLA CORPORACIÓN E COLOCADAS NAS RÚAS DO CASCO VELLO.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de decembro, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"Segundo o regulamento de honores e distincións aprobado polo Pleno o 29 de setembro de 1981, o Concello de Vigo considera tres tipos de distincións: a denominación no rueiro, o título honorífico (referido á medalla da cidade), e "calquera tipo de distinción que acorde a Corporación". O obxecto destes honores é o de premiar ás "persoas físicas ou xurídicas que acrediten méritos suficientes".

No referido ás denominacións do rueiro, o regulamento sinala que se atenderá preferentemente aos topónimos fronte a peticións concretas.

Acordos plenarios posteriores matizaron ou completaron o recollido na citada norma. Así, o 27 de xullo de 2006, o Pleno aprobou dar nomes de mulleres ás rúas de Vigo de nova creación.

Na a presente lexislatura, as forzas políticas representadas nesta Corporación, chegamos ao acordo de trasladar conxuntamente ao Pleno as propostas de honras e distincións para a súa aprobación.

Dende hai meses, están colocadas, de xeito permanente, placas sinalizadoras ou

conmemorativas nalgunhas rúas do Casco Vello da nosa cidade. O Grupo Popular denuncia que non existe, ben se consideren unha distinción do Concello, ben novas rotulacións do rueiro, ningunha aprobación plenaria que autorice a súa instalación.

En atención á especial sensibilidade que a Corporación debe mostrar para este barrio, lamentablemente degradado, pero que constitúe un conxunto de senlleiro valor patrimonial para a cidade, o grupo municipal do Partido Popular solicita a este Pleno que se aprrobe:

A retirada das placas conmemorativas ou sinalizadoras, non autorizadas por esta Corporación, colocadas nas rúas do Casco Vello.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 22 de decembro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Segundo o Regulamento de Honras e Distincións aprobado polo Pleno o 29 de setembro de 1981, o Concello de Vigo considera tres tipos de distincións: a denominación no rueiro, o título honorífico (refírese á Medalla da Cidade) e calquera tipo de distinción que acorde a Corporación.

A diferenza dos regulamentos doutras cidades o Regulamento de Vigo recolle o nomeamento de rúas e sinala polo miúdo as características formais das placas sinalizadoras, deixando moito menos definida a xustificación ou acreditación dos méritos que acompañan ás propostas. Suxerimos ó goberno a revisión deste punto. A través deste instrumento, o Regulamento de Honras e Distincións, o Concello manifesta a súa gratitude e recoñecemento a accións ou a traballos destacados en diversos ámbitos, tanto individual como colectivamente.

No referido ás denominacións do rueiro o Regulamento sinala que se atenderá preferentemente ós topónimos fronte a pedimentos concretos. Acordos plenarios posteriores matizaron ou completaron o recollido na devandita norma. Así o 27 de xullo de 2006 o Pleno aprobou dar nomes de mulleres a rúas de Vigo de nova creación.

Na presente lexislatura as forzas políticas representadas nesta Corporación chegamos ó acordo de trasladar conxuntamente a este Pleno as propostas de honras e distincións para a súa aprobación. Sen embargo dende hai meses están colocadas de xeito permanente placas sinalizadoras ou conmemorativas nalgunhas rúas do Casco Vello da nosa cidade. O Grupo popular denuncia que non existe, ben



se consideren unha distinción do Concello, ben novas rotulacións do rueiro, ningunha aprobación plenaria que autorice a súa instalación.

Aproveito a presentación desta moción para preguntar se dende o Consello Municipal da Muller, que ten unha implicación importante no nomeamento de novas rúas, ou se dende a Concellería houbo autorización para a colocación destas placas que están colocadas polo colectivo de mulleres "Mulleres Nacionalistas Galegas". Non sei se teñen autorización dende estas instancias, pero o que non existe é un acordo plenario para a súa colocación.

O Casco Vello está declarado Ben de interese cultural no seu conxunto e especialmente algúns dos inmobles están declarados por decreto de 27 de xullo de 2006, aínda que xa estaban declarados conxuntos parciais do barrio vello de Vigo dende 1946.

A declaración de BIC supón a necesaria autorización para calquera obra ou modificación que no caso dos inmobles precisa figuras de planeamento urbanístico que os protexa. O PEPRI do Casco Vello recolle as principais directrices de intervención e medidas de protección do conxunto histórico de acordo coa normativa estatal e a autonómica. Concretamente a Lei 8/95, de Patrimonio cultural de Galicia sinala que non se poderá realizar sinalización ningunha sen autorización expresa da Consellería de Cultura.

Eu quero trasladar a este Pleno que a cidadanía non entende que os veciños se deban axustar a unha esixente normativa de protección do Casco Vello ante calquera intervención nas súas casas por mínima que sexa e que o Concello non interveña neste caso, sen esquecer a confusión que pode producir o desdoblamento do nome das rúas nun barrio da cidade especialmente visitado polos turistas.

En atención á especial sensibilidade que a Corporación debe amosar para este barrio, lamentablemente degradado pero que constitúe o noso conxunto de maior valor senlleiro e patrimonial, o Grupo municipal do Partido Popular solicita a este Pleno que se aprobe a retirada das placas conmemorativas ou sinalizadoras non autorizadas por esta Corporación e colocadas nas rúas do Casco Vello.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Imos votar a favor desta moción porque efectivamente detectamos a colocación dunha serie de placas en diversos puntos do Casco Vello,

placas que nin se colocaron por esta Corporación nin contan coa autorización pertinente para que sexan colocadas por ningún colectivo nin por ningún particular. Xa se cursou orde para retirada das mesmas, orde que se fará efectiva de inmediato.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, instando a retirada de placas conmemorativas ou sinalizadoras non autorizadas no Casco Vello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

23.- (246).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e trinta e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2008. Consta de 76 folios da serie A numerados do 2142104 ao 2142179, e números do 998 ao 1073. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 30 de marzo de 2009.

Vigo, a 30 de marzo de 2009  
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que o presente libro de actas comprende cinco actas, sendo a primeira a sesión ordinaria da Corporación do día 27 de outubro de 2008, e a última a sesión ordinaria de 29 de decembro de 2008.

Vº e Pr.  
O ALCALDE,

Vigo, a 30 de marzo de 2009  
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.